



PARLAMENTO
DE GALICIA



BOLETÍN OFICIAL DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

X lexislatura
Número 175
14 de setembro de 2017

Fascículo 1



SUMARIO

1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa

1.1.2. Propostas de normas

1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

1.1.2.1.1. Proxectos de lei

■ Resolución da Presidencia, do 13 de setembro de 2017, pola que se amplía o prazo de presentación de emendas ao articulado ao Proxecto de lei de portos de Galicia [(doc. núm. 14376, 10/PL-000005)]

[49971](#)

1.4. Procedementos de información

1.4.4. Preguntas

1.4.4.2. Preguntas orais en Comisión

■ 15028 (10/POC-002739)

Grupo Parlamentario de En Marea

Sánchez García, Antón

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da modificación do artigo 15 da Lei 8/2009, pola que se regula o aproveitamento eólico e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental, tendo en conta a evolución tecnolóxica do sector, así como as medidas que vai adoptar para acadar os obxectivos de preservación da paisaxe e do ambiente, con efectos compensatorios a través da fiscalidade sen que repercuta nun sobrecusto na factura da luz dos consumidores galegos

[49988](#)

■ 15031 (10/POC-002740)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre a valoración e as actuacións previstas polo Goberno galego en relación coas actuacións levadas a cabo polas compañías distribuidoras de electricidade para xestionaren as incidencias e repararen os danos producidos durante o temporal rexistrado en Galicia nos primeiros días de febreiro de 2017

[49991](#)

■ 15032 (10/POC-002741)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre as demandas realizadas ou previstas polo Goberno galego ao Goberno central para a adopción dalgunha medida fiscal, e en concreto a rebaixa do imposto sobre o valor engadido, co fin de abaratar a factura da enerxía eléctrica, así como a valoración da conveniencia de lle solicitar a supresión do imposto especial da electricidade

[49994](#)

■ 15033 (10/POC-002742)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre a valoración do Goberno galego en relación coa evolución que presentan os indicadores de impulso á I+D+i, as medidas adoptadas ou previstas para frear a desaparición de empresas innovadoras e as razóns do descenso do esforzo investidor en I+D nos últimos anos, así como a modificación das políticas seguidas ao respecto [49999](#)

I 15034 (10/POC-002743)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre as razóns do Goberno galego para acordar a implantación do modelo denominado 'liña fría' para o servizo de comidas do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense e a situación laboral en que quedará o persoal que está a prestar servizo na cociña do centro, así como a posibilidade de mantemento do servizo nas anteriores condicións de prestación [50003](#)

I 15035 (10/POC-002744)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre os proxectos de obra financiados pola Xunta de Galicia ao abeiro do Plan do carbón-2 na comarca das Pontes de García Rodríguez [50006](#)

I 15036 (10/POC-002745)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre as previsións da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria respecto da construción do pavillón de deportes cuberto comprometido no CEIP Julio Gurriarán Canalejas do Barco de Valdeorras, a solución que está a considerar para a execución das obras e a dispoñibilidade dalgún proxecto para ese fin, así como a súa licitación, cronograma e orzamento [50009](#)

I 15037 (10/POC-002746)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre as actuacións levadas a cabo ou previstas polo Goberno galego en relación co proxecto de central hidroeléctrica reversible promovido por Gas Natural SDG, S. A., nos ríos Salas e Limia, e a súa opinión respecto da súa adaptación ás necesidades de aforro e eficiencia, así como o cumprimento dos obxectivos europeos para o 2020 [50013](#)

I 15043 (10/POC-002747)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto do impulso de medidas específicas de apoio á prevención e atención no territorio galego das enfermidades respiratorias de orixe profesional como a silicose, a súa opinión en relación coa suficiencia da atención que reciben en Galicia os traballadores que padecen afeccións respiratorias propias de actividades extractivas e a realización dalgunha avaliación da incidencia e evolución da silicose en Galicia, así como sobre a necesidade de establecer programas propios de investigación na materia [50017](#)

I 15045 (10/POC-002748)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre a opinión do Goberno galego referida ás propostas de legalización e normalización da práctica dos ventres de alugueiro ou xestación subrogada, a elaboración dalgún estudo das consecuencias que tería en Galicia e a valoración do desenvolvemento dalgún tipo de regulación na materia, así como a posición que vai defender ao respecto [50021](#)

I 15063 (10/POC-002749)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa e 5 máis**

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para garantir a consolidación, conservación e accesibilidade da torre medieval de Sande, no concello de Cartelle, o seu réxime patrimonial actual e as súas previsións respecto do requirimento de responsabilidades polo seu estado, así como a avaliación da idoneidade de planificar traballos para a súa restauración, conservación e posta en valor [50027](#)

I 15068 (10/POC-002750)**Grupo Parlamentario de En Marea****Sánchez García, Antón**

Sobre os datos referidos á situación e ao destino das vivendas de promoción pública propiedade do Instituto Galego da Vivenda e Solo, así como as acollidas ao Programa de vivendas baleiras, e as previsións do Goberno galego respecto da modificación do Decreto 253/2007, do 13 de decembro, de réxime xurídico do solo e das edificacións promovidas polo Instituto Galego da Vivenda e Solo [50031](#)

I 15070 (10/POC-002751)**Grupo Parlamentario de En Marea****Lago Peñas, José Manuel**

Sobre as razóns da evolución que presentan os datos reflectidos na Enquisa de preguntas familiares" publicada polo INE referidos ao gasto dos fogares en Galicia no ano 2016 en relación co resto das comunidades autónomas [50035](#)

I 15074 (10/POC-002752)**Grupo Parlamentario de En Marea****Lago Peñas, José Manuel**

Sobre as razóns da evolución e o nivel que presenta a débeda pública de Galicia no primeiro trimestre de 2017 en relación coa media do resto das comunidades autónomas [50039](#)

I 15075 (10/POC-002753)**Grupo Parlamentario de En Marea****Lago Peñas, José Manuel e 2 máis**

Sobre a opinión do Goberno galego respecto dos beneficios obtidos por Abanca no exercicio 2016 [50042](#)

I 15076 (10/POC-002754)**Grupo Parlamentario de En Marea****Lago Peñas, José Manuel e Sánchez García, Antón**

Sobre o baixo nivel de execución así como a falta de transparencia da Xunta de Galicia na xestión dos recursos do Fondo de Compensación Interterritorial, reflectida esta polo Consello de Contas de Galicia no seu informe de fiscalización, e as súas causas [50045](#)

I 15077 (10/POC-002755)**Grupo Parlamentario de En Marea****Lago Peñas, José Manuel e Sánchez García, Antón**

Sobre o coñecemento polo Goberno galego da existencia en Galicia de prácticas comerciais das entidades bancarias como as detectadas na investigación levada a cabo pola Comisión Nacional do Mercado de Valores no conxunto do Estado, o mantemento dalgún contacto para interesarse por esa información e as posibles repercusións para os clientes galegos, así como as actuacións previstas ao respecto

[50047](#)**I 15078 (10/POC-002756)****Grupo Parlamentario de En Marea****Lago Peñas, José Manuel e Sánchez García, Antón**

Sobre a opinión do Goberno galego en relación coa evolución dos recursos asignados a Galicia con cargo ao Fondo de Compensación Interterritorial e o recorte da contía global dese fondo no conxunto do Estado, reflectido no Informe de fiscalización do Consello de Contas de Galicia do exercicio 2014, as razóns da baixada da participación de Galicia nel e as actuacións previstas ao respecto

[50051](#)**I 15079 (10/POC-002757)****Grupo Parlamentario de En Marea****Lago Peñas, José Manuel**

Sobre os datos referidos ao acceso ao sistema financeiro nos concellos galegos, os efectos na dinamización do medio rural e na dinámica demográfica de Galicia da exclusión financeira que se está a producir como consecuencia da desaparición das oficinas bancarias e a estratexia do Goberno galego para reverter esa situación, así como a súa opinión respecto da posibilidade de compensar o pechamento de oficinas bancarias mediante as novas ferramentas tecnolóxicas e os datos relativos ao acceso da cidadanía á banca electrónica

[50053](#)**I 15080 (10/POC-002758)****Grupo Parlamentario de En Marea****Lago Peñas, José Manuel e Sánchez García, Antón**

Sobre a evolución que presentan os salarios en Galicia no ano 2016, reflectida na enquisa trimestral de *Custo laboral* publicada polo Instituto Nacional de Estatística para o cuarto trimestre de 2016, e a súa comparativa en relación co resto do Estado

[50058](#)**I 15081 (10/POC-002759)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Blanco Rodríguez, Noela e 3 máis**

Sobre a realización dalgún estudo así como as medidas adoptadas e previstas polo Goberno galego en relación coas perdas actuais e os danos a longo prazo ocasionados polas extremas condicións climatolóxicas padecidas no ano 2017 no sector agrario da provincia de Ourense

[50061](#)**I 15099 (10/POC-002760)****Grupo Parlamentario de En Marea****Villares Naveira, Luis e 2 máis**

Sobre a información da Xunta de Galicia en relación coa mortalidade masiva de cabalóns, unha especie parecida á xarda, nas proximidades da illa de Toralla, na ría Vigo, as súas causas e as medidas previstas ao respecto

[50063](#)

I 15125 (10/POC-002761)**Grupo Parlamentario de En Marea****Sánchez García, Antón**

Sobre a opinión do Goberno galego en relación coa necesidade de sometemento a unha avaliación de impacto ambiental ordinaria do proxecto de instalación dunha planta de almacenamento e valorización de residuos industriais e urbanos non perigosos na parroquia de Oseiro, no concello de Arteixo, así como da revisión dos plans de residuos para mellorar os aspectos ambientais, paisaxísticos, urbanísticos e de dotación de infraestruturas na instalación deste tipo de plantas [50065](#)

I 15169 (10/POC-002762)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa e 5 máis**

Sobre as medidas adoptadas ou previstas polo Goberno galego para corrixir a espera existente para a realización de probas de TAC no Complexo Hospitalario Universitario de Ourense e o número de reclamacións presentadas desde o ano 2009 [50068](#)

I 15177 (10/POC-002763)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa e 5 máis**

Sobre as axudas e subvencións concedidas pola Xunta de Galicia a diversas empresas do sector da automoción [50072](#)

I 15183 (10/POC-002765)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa e 5 máis**

Sobre as razóns do Goberno galego para retirar da base de Vilanova o helicóptero contraincendios do Barco de Valdeorras, os datos referidos ás obras precisas nela e a data prevista para a recuperación da aeronave [50077](#)

I 15196 (10/POC-002766)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rivas Cruz, José Luis e 5 máis**

Sobre a realización pola Consellería do Medio Rural dalgunha avaliación da campaña de saneamento gandeiro en relación coa repetida aparición de falsos positivos nas probas de detección de tuberculose bovina, a análise do seu impacto nas explotacións e as actuacións que se están a levar a cabo ao respecto, así como as previstas para impulsar métodos e protocolos de diagnose máis fiables para evitar o sacrificio innecesario de animais [50081](#)

I 15205 (10/POC-002767)**Grupo Parlamentario de En Marea****Sánchez García, Antón**

Sobre a valoración do Goberno galego en relación coa posta en marcha da primeira fase do Plan de transporte público de Galicia, as súas previsións respecto da convocatoria dunha mesa para a elaboración dun novo plan que conte coa participación dos concellos, das deputacións, das ANPA, das empresas e dos sindicatos e os criterios que deben primar na súa elaboración e aprobación, así como a súa incardinación nun proxecto para o medio rural cuns obxectivos claros e concretos [50085](#)

I 15228 (10/POC-002768)**Grupo Parlamentario de En Marea****Lago Peñas, José Manuel**

Sobre as razóns da baixada no ano 2016 da recadación do IRPF en relación co ano 2015, mentres que o PIB galego crece nese ano arredor do 3,1 %

[50090](#)**I 15229 (10/POC-002769)****Grupo Parlamentario de En Marea****Lago Peñas, José Manuel**

Sobre a opinión da Consellería de Facenda respecto do impacto que terían na progresividade do sistema impositivo galego os cambios que reflicte a recadación tributaria en Galicia do ano 2016 no peso que ten cada figura tributaria na estrutura fiscal

[50092](#)**I 15230 (10/POC-002770)****Grupo Parlamentario de En Marea****Lago Peñas, José Manuel**

Sobre a opinión da Consellería de Facenda respecto da redistribución da carga fiscal que reflicte a recadación tributaria en Galicia do ano 2016 na que gañan peso os ingresos indirectos e o perden os indirectos

[50094](#)**I 15231 (10/POC-002771)****Grupo Parlamentario de En Marea****Lago Peñas, José Manuel**

Sobre a posible incidencia da política fiscal desenvolvida nos últimos anos nos cambios que reflicte a recadación tributaria en Galicia do ano 2016

[50096](#)**I 15234 (10/POC-002772)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa e 5 máis**

Sobre as medidas específicas adoptadas ou previstas polo Goberno galego para incrementar a poboación traballadora dos concellos ourensáns, o desenvolvemento dalgún plan específico para combater a súa perda de peso demográfico, o seu avellentamento e a perda de poboación traballadora, así como a avaliación que realiza en relación coa eficacia das políticas fiscais para o medio rural

[50098](#)**I 15289 (10/POC-002773)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Romero Fernández, Cristina Isabel e 6 máis**

Sobre a valoración do Goberno galego respecto dos efectos do constante incremento da chegada de turistas a Galicia

[50101](#)**I 15291 (10/POC-002774)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****López Crespo, Carlos Enrique e 6 máis**

Sobre os medios humanos e materias de que dispón a Consellería do Mar para o control do furtivismo, o tipo de colaboración existente con outras administracións neste ámbito e o orzamento destinado para ese fin

[50103](#)

I 15296 (10/POC-002775)**Grupo Parlamentario de En Marea****Rodríguez Estévez, David e 2 máis**

Sobre os datos referidos ao desenvolvemento do proceso de contratación aberto polo Goberno galego para a adquisición dos novos vehículos para o Servizo de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais

[50105](#)**I 15297 (10/POC-002776)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****López Crespo, Carlos Enrique e 6 máis**

Sobre os obxectivos dos distintos convenios asinados polo Goberno galego coa asociación de empresarios de construción naval en madeira, Agalcari, para impulsar a carpintería de ribeira, así como a valoración da Xunta de Galicia respecto das iniciativas de posta en valor das embarcacións tradicionais e das carpinterías de ribeira

[50108](#)**I 15302 (10/POC-002777)****Grupo Parlamentario de En Marea****Rodríguez Estévez, David e 2 máis**

Sobre as razóns da Xunta de Galicia para non destinar os seus medios formativos a darlles aos traballadores do Servizo de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais unha formación rigorosa e axeitada nas súas unidades de competencia

[50110](#)**I 15333 (10/POC-002778)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa e 5 máis**

Sobre as medidas adoptadas ou previstas polo Goberno galego para impulsar o autoconsumo enerxético

[50113](#)**I 15334 (10/POC-002779)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****López Crespo, Carlos Enrique e 6 máis**

Sobre a valoración do Goberno galego respecto dos datos referidos á evolución que presentan o valor das capturas e a construción de novas embarcacións na frota do cerco no ano 2017

[50117](#)**I 15353 (10/POC-002780)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****López Crespo, Carlos Enrique e 6 máis**

Sobre os beneficios que vai achegar para o traballo diario do Intecmar o *Atlas de histopatoloxía: moluscos bivalvos mariños de Galicia*, publicado por unha das investigadoras dese instituto, así como o seu contido concreto

[50119](#)**I 15359 (10/POC-002781)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****López Crespo, Carlos Enrique e 6 máis**

Sobre a valoración da Xunta de Galicia respecto do desenvolvemento da campaña da centola no ano 2017, así como o valor económico que alcanzou ese crustáceo nas lonxas galegas

[50121](#)

I 15362 (10/POC-002782)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****López Crespo, Carlos Enrique e 6 máis**

Sobre a evolución das descargas e a facturación de peixe fresco nas lonxas galegas para o ano 2017, atendendo ás distintas modalidades de pesca

[50123](#)**I 15364 (10/POC-002783)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****López Crespo, Carlos Enrique e 6 máis**

Sobre a valoración do Goberno galego en relación cos datos publicados por Anfaco-Cecopesca en xuño de 2017 respecto das exportacións do sector da conserva

[50125](#)**I 15366 (10/POC-002784)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa e 5 máis**

Sobre a valoración do Goberno galego en relación coa situación en que se atopan as autoescolas de Galicia a causa do conflito laboral existente entre o colectivo de examinadores e a Dirección Xeral de Tráfico, así como o seu impacto económico, social e laboral, as demandas realizadas ou que vai realizar ao Goberno central ao respecto e o establecemento dalgún tipo de axudas para as pequenas e medianas empresas afectadas

[50127](#)**I 15375 (10/POC-002786)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****López Crespo, Carlos Enrique e 7 máis**

Sobre os traballos que está a levar a cabo a Consellería do Mar para a instalación dun novo dique flotante no porto de Portonovo, así como os prazos estimados por Portos de Galicia para a súa colocación definitiva

[50131](#)**I 15376 (10/POC-002787)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Vilán Lorenzo, Patricia e 3 máis**

Sobre a opinión do Goberno galego en relación coa oposición de entidades ecoloxistas, asociacións veciñais e representantes políticos á instalación dunha planta de almacenamento e valorización de residuos industriais e urbanos non perigosos no lugar Teixeira-Santa Icí, no concello de Arteixo, a súa posible localización no polígono industrial de Sabón e a realización dalgún estudo do impacto que vai ter o incremento do tráfico pesado na zona, así como a súa posible afección nas canles fluviais, no castro de Santa Icí e na mámoa existente nas proximidades

[50133](#)**I 15381 (10/POC-002788)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis**

Sobre as razóns de Portos de Galicia para demorar a execución dos convenios asinados co Concello de Poio para o acondicionamento das zonas portuarias de Covelo e Raxó e as previsións do Goberno galego respecto da súa posta en marcha fóra da época estival

[50136](#)

3. Administración do Parlamento de Galicia

3.3. Asuntos económicos e contratación

■ Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia polo que se modifica o prego de cláusulas administrativas relativo á contratación administrativa do soporte do software de base de datos (Oracle), do software de gravación, do software de xestión de fluxos, dun sistema de alimentación ininterrompida e dunha cabina de almacenamento do Parlamento de Galicia [49981](#)

4. Informacións e correccións de erros

4.2. Correccións de erros

■ Corrección de erros no prego de cláusulas administrativas da contratación administrativa para o arrendamento con opción de compra, asistencia técnica e mantemento de impresoras e equipos multifuncionais [49985](#)

■ Corrección de erros no prego de cláusulas administrativas da contratación administrativa para a prestación do servizo de xestión e mantemento dos sistemas de protección contra incendios e de vixilancia do recinto do Parlamento de Galicia, e subministración e instalación de equipos destinados á renovación do sistema de detección e alarma de incendios [49986](#)

1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa

1.1.2. Propostas de normas

1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

1.1.2.1.1. Proxectos de lei

Resolución da Presidencia, do 13 de setembro de 2017, pola que se amplía o prazo de presentación de emendas ao articulado ao Proxecto de lei de portos de Galicia [(doc. núm. 14376, 10/PL-000005)]

No Rexistro Xeral do Parlamento de Galicia tivo entrada, co número 16114, o escrito do G. P. de En Marea polo que solicita a ampliación do prazo para a presentación de emendas ao articulado ao Proxecto de lei de portos de Galicia (doc. núm. 14376, 10/PL-000005).

A Presidencia, tendo en conta a inmediatez da conclusión do prazo —o día 18 de setembro de 2017—, en uso da delegación temporal de competencias de xestión ordinaria da Mesa do Parlamento na Presidencia da Cámara (Acordo da Mesa do Parlamento do 31 de outubro de 2016, publicado no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* núm. 9, do 8 de novembro de 2016), resolve:

1º. Admitir a trámite o documento número de rexistro de entrada 16114, presentado polo G. P. de En Marea.

2º. Ampliar, por primeira vez, o prazo de presentación de emendas ao articulado ao Proxecto de lei de portos de Galicia (doc. núm. 14376, PL-000005), ata o día 27 de setembro de 2017 ás 18.30 horas.

3º. Dar conta deste acordo á Mesa e á Xunta de Portavoces.

4º. Notificar este acordo aos grupos parlamentarios.

5º. Publicar este acordo no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Santiago de Compostela, 13 de setembro de 2017

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 11 de setembro de 2017, adoptou os seguintes acordos:

1.4. Procedementos de información

1.4.4. Preguntas

1.4.4.2. Preguntas orais en Comisión

Admisión a trámite, asignación a comisión e publicación

- 15028 (10/POC-002739)

Grupo Parlamentario de En Marea

Sánchez García, Antón

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da modificación do artigo 15 da Lei 8/2009, pola que se regula o aproveitamento eólico e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental, tendo en conta a evolución tecnolóxica do sector, así como as medidas que vai adoptar para acadar os obxectivos de preservación da paisaxe e do ambiente, con efectos compensatorios a través da fiscalidade sen que repercuta nun sobrecusto na factura da luz dos consumidores galegos

Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

- 15031 (10/POC-002740)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre a valoración e as actuacións previstas polo Goberno galego en relación coas actuacións levadas a cabo polas compañías distribuidoras de electricidade para xestionaren as incidencias e repararen os danos producidos durante o temporal rexistrado en Galicia nos primeiros días de febreiro de 2017

Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 15032 (10/POC-002741)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre as demandas realizadas ou previstas polo Goberno galego ao Goberno central para a adopción dalgunha medida fiscal, e en concreto a rebaixa do imposto sobre o valor engadido, co fin de abaratar a factura da enerxía eléctrica, así como a valoración da conveniencia de lle solicitar a supresión do imposto especial da electricidade

Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

- 15033 (10/POC-002742)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre a valoración do Goberno galego en relación coa evolución que presentan os indicadores de impulso á I+D+i, as medidas adoptadas ou previstas para frear a desaparición de empresas innovadoras e as razóns do descenso do esforzo investidor en I+D nos últimos anos, así como a modificación das políticas seguidas ao respecto

Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 15034 (10/POC-002743)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre as razóns do Goberno galego para acordar a implantación do modelo denominado 'liña fría' para o servizo de comidas do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense e a situación laboral en que quedará o persoal que está a prestar servizo na cociña do centro, así como a posibilidade de mantemento do servizo nas anteriores condicións de prestación

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 15035 (10/POC-002744)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre os proxectos de obra financiados pola Xunta de Galicia ao abeiro do Plan do carbón-2 na comarca das Pontes de García Rodríguez

Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 15036 (10/POC-002745)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre as previsións da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria respecto da construción do pavillón de deportes cuberto comprometido no CEIP Julio Gurriarán Canalejas do Barco de Valdeorras, a solución que está a considerar para a execución das obras e a dispoñibilidade dalgún proxecto para ese fin, así como a súa licitación, cronograma e orzamento

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 15037 (10/POC-002746)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre as actuacións levadas a cabo ou previstas polo Goberno galego en relación co proxecto de central hidroeléctrica reversible promovido por Gas Natural SDG, S. A., nos ríos Salas e Limia, e a súa opinión respecto da súa adaptación ás necesidades de aforro e eficiencia, así como o cumprimento dos obxectivos europeos para o 2020

Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 15043 (10/POC-002747)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto do impulso de medidas específicas de apoio á prevención e atención no territorio galego das enfermidades respiratorias de orixe profesional como a silicose, a súa opinión en relación coa suficiencia da atención que reciben en Galicia os traballadores que padecen afeccións respiratorias propias de actividades extractivas e a realización dalgunha avaliación da incidencia e evolución da silicose en Galicia, así como sobre a necesidade de establecer programas propios de investigación na materia

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 15045 (10/POC-002748)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre a opinión do Goberno galego referida ás propostas de legalización e normalización da práctica dos ventres de alugueiro ou xestación subrogada, a elaboración dalgún estudo das consecuencias que tería en Galicia e a valoración do desenvolvemento dalgún tipo de regulación na materia, así como a posición que vai defender ao respecto

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 15063 (10/POC-002749)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para garantir a consolidación, conservación e accesibilidade da torre medieval de Sande, no concello de Cartelle, o seu réxime patrimonial actual e as súas previsións respecto do requirimento de responsabilidades polo seu estado, así como a avaliación da idoneidade de planificar traballos para a súa restauración, conservación e posta en valor
Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 15068 (10/POC-002750)

Grupo Parlamentario de En Marea
Sánchez García, Antón

Sobre os datos referidos á situación e ao destino das vivendas de promoción pública propiedade do Instituto Galego da Vivenda e Solo, así como as acollidas ao Programa de vivendas baleiras, e as previsións do Goberno galego respecto da modificación do Decreto 253/2007, do 13 de decembro, de réxime xurídico do solo e das edificacións promovidas polo Instituto Galego da Vivenda e Solo
Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 15070 (10/POC-002751)

Grupo Parlamentario de En Marea
Lago Peñas, José Manuel

Sobre as razóns da evolución que presentan os datos reflectidos na Enquisa de preguntas familiares" publicada polo INE referidos ao gasto dos fogares en Galicia no ano 2016 en relación co resto das comunidades autónomas
Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

- 15074 (10/POC-002752)

Grupo Parlamentario de En Marea
Lago Peñas, José Manuel

Sobre as razóns da evolución e o nivel que presenta a débeda pública de Galicia no primeiro trimestre de 2017 en relación coa media do resto das comunidades autónomas
Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

- 15075 (10/POC-002753)

Grupo Parlamentario de En Marea
Lago Peñas, José Manuel e 2 máis

Sobre a opinión do Goberno galego respecto dos beneficios obtidos por Abanca no exercicio 2016
Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

- 15076 (10/POC-002754)

Grupo Parlamentario de En Marea
Lago Peñas, José Manuel e Sánchez García, Antón

Sobre o baixo nivel de execución así como a falta de transparencia da Xunta de Galicia na xestión dos recursos do Fondo de Compensación Interterritorial, reflectida esta polo Consello de Contas de Galicia no seu informe de fiscalización, e as súas causas
Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

- 15077 (10/POC-002755)

Grupo Parlamentario de En Marea

Lago Peñas, José Manuel e Sánchez García, Antón

Sobre o coñecemento polo Goberno galego da existencia en Galicia de prácticas comerciais das entidades bancarias como as detectadas na investigación levada a cabo pola Comisión Nacional do Mercado de Valores no conxunto do Estado, o mantemento dalgún contacto para interesarse por esa información e as posibles repercusións para os clientes galegos, así como as actuacións previstas ao respecto

Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

- 15078 (10/POC-002756)

Grupo Parlamentario de En Marea

Lago Peñas, José Manuel e Sánchez García, Antón

Sobre a opinión do Goberno galego en relación coa evolución dos recursos asignados a Galicia con cargo ao Fondo de Compensación Interterritorial e o recorte da contía global dese fondo no conxunto do Estado, reflectido no Informe de fiscalización do Consello de Contas de Galicia do exercicio 2014, as razóns da baixada da participación de Galicia nel e as actuacións previstas ao respecto

Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

- 15079 (10/POC-002757)

Grupo Parlamentario de En Marea

Lago Peñas, José Manuel

Sobre os datos referidos ao acceso ao sistema financeiro nos concellos galegos, os efectos na dinamización do medio rural e na dinámica demográfica de Galicia da exclusión financeira que se está a producir como consecuencia da desaparición das oficinas bancarias e a estratexia do Goberno galego para reverter esa situación, así como a súa opinión respecto da posibilidade de compensar o pechamento de oficinas bancarias mediante as novas ferramentas tecnolóxicas e os datos relativos ao acceso da cidadanía á banca electrónica

Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

- 15080 (10/POC-002758)

Grupo Parlamentario de En Marea

Lago Peñas, José Manuel e Sánchez García, Antón

Sobre a evolución que presentan os salarios en Galicia no ano 2016, reflectida na enquisa trimestral de *Custo laboral* publicada polo Instituto Nacional de Estatística para o cuarto trimestre de 2016, e a súa comparativa en relación co resto do Estado

Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

- 15081 (10/POC-002759)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 3 máis

Sobre a realización dalgún estudo así como as medidas adoptadas e previstas polo Goberno galego en relación coas perdas actuais e os danos a longo prazo ocasionados polas extremas condicións climatolóxicas padecidas no ano 2017 no sector agrario da provincia de Ourense

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 15099 (10/POC-002760)

Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luis e 2 máis

Sobre a información da Xunta de Galicia en relación coa mortalidade masiva de cabalóns, unha especie parecida á xarda, nas proximidades da illa de Toralla, na ría Vigo, as súas causas e as medidas previstas ao respecto

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 15125 (10/POC-002761)

Grupo Parlamentario de En Marea

Sánchez García, Antón

Sobre a opinión do Goberno galego en relación coa necesidade de sometemento a unha avaliación de impacto ambiental ordinaria do proxecto de instalación dunha planta de almacenamento e valorización de residuos industriais e urbanos non perigosos na parroquia de Oseiro, no concello de Arteixo, así como da revisión dos plans de residuos para mellorar os aspectos ambientais, paisaxísticos, urbanísticos e de dotación de infraestruturas na instalación deste tipo de plantas

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 15169 (10/POC-002762)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre as medidas adoptadas ou previstas polo Goberno galego para corrixir a espera existente para a realización de probas de TAC no Complexo Hospitalario Universitario de Ourense e o número de reclamacións presentadas desde o ano 2009

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 15177 (10/POC-002763)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre as axudas e subvencións concedidas pola Xunta de Galicia a diversas empresas do sector da automoción

Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 15183 (10/POC-002765)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre as razóns do Goberno galego para retirar da base de Vilanova o helicóptero contra incendios do Barco de Valdeorras, os datos referidos ás obras precisas nela e a data prevista para a recuperación da aeronave

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 15196 (10/POC-002766)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e 5 máis

Sobre a realización pola Consellería do Medio Rural dalgunha avaliación da campaña de saneamento gandeiro en relación coa repetida aparición de falsos positivos nas probas de detección de tuberculose bovina, a análise do seu impacto nas explotacións e as actuacións que se están a levar

a cabo ao respecto, así como as previstas para impulsar métodos e protocolos de diagnose máis fiables para evitar o sacrificio innecesario de animais

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 15205 (10/POC-002767)

Grupo Parlamentario de En Marea

Sánchez García, Antón

Sobre a valoración do Goberno galego en relación coa posta en marcha da primeira fase do Plan de transporte público de Galicia, as súas previsións respecto da convocatoria dunha mesa para a elaboración dun novo plan que conte coa participación dos concellos, das deputacións, das ANPA, das empresas e dos sindicatos e os criterios que deben primar na súa elaboración e aprobación, así como a súa incardinación nun proxecto para o medio rural cuns obxectivos claros e concretos

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 15228 (10/POC-002768)

Grupo Parlamentario de En Marea

Lago Peñas, José Manuel

Sobre as razóns da baixada no ano 2016 da recadación do IRPF en relación co ano 2015, mentres que o PIB galego crece nese ano arredor do 3,1 %

Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

- 15229 (10/POC-002769)

Grupo Parlamentario de En Marea

Lago Peñas, José Manuel

Sobre a opinión da Consellería de Facenda respecto do impacto que terían na progresividade do sistema impositivo galego os cambios que reflicte a recadación tributaria en Galicia do ano 2016 no peso que ten cada figura tributaria na estrutura fiscal

Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

- 15230 (10/POC-002770)

Grupo Parlamentario de En Marea

Lago Peñas, José Manuel

Sobre a opinión da Consellería de Facenda respecto da redistribución da carga fiscal que reflicte a recadación tributaria en Galicia do ano 2016 na que gañan peso os ingresos indirectos e o perden os indirectos

Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

- 15231 (10/POC-002771)

Grupo Parlamentario de En Marea

Lago Peñas, José Manuel

Sobre a posible incidencia da política fiscal desenvolvida nos últimos anos nos cambios que reflicte a recadación tributaria en Galicia do ano 2016

Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

- 15234 (10/POC-002772)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre as medidas específicas adoptadas ou previstas polo Goberno galego para incrementar a poboación traballadora dos concellos ourensáns, o desenvolvemento dalgún plan específico para combater a súa perda de peso demográfico, o seu avellentamento e a perda de poboación traballadora, así como a avaliación que realiza en relación coa eficacia das políticas fiscais para o medio rural
Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

- 15289 (10/POC-002773)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Romero Fernández, Cristina Isabel e 6 máis

Sobre a valoración do Goberno galego respecto dos efectos do constante incremento da chegada de turistas a Galicia

Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 15291 (10/POC-002774)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

López Crespo, Carlos Enrique e 6 máis

Sobre os medios humanos e materias de que dispón a Consellería do Mar para o control do furtivismo, o tipo de colaboración existente con outras administracións neste ámbito e o orzamento destinado para ese fin

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 15296 (10/POC-002775)

Grupo Parlamentario de En Marea

Rodríguez Estévez, David e 2 máis

Sobre os datos referidos ao desenvolvemento do proceso de contratación aberto polo Goberno galego para a adquisición dos novos vehículos para o Servizo de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 15297 (10/POC-002776)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

López Crespo, Carlos Enrique e 6 máis

Sobre os obxectivos dos distintos convenios asinados polo Goberno galego coa asociación de empresarios de construción naval en madeira, Agalcari, para impulsar a carpintería de ribeira, así como a valoración da Xunta de Galicia respecto das iniciativas de posta en valor das embarcacións tradicionais e das carpinterías de ribeira

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 15302 (10/POC-002777)

Grupo Parlamentario de En Marea

Rodríguez Estévez, David e 2 máis

Sobre as razóns da Xunta de Galicia para non destinar os seus medios formativos a darlles aos traballadores do Servizo de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais unha formación rigorosa e axeitada nas súas unidades de competencia

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 15333 (10/POC-002778)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre as medidas adoptadas ou previstas polo Goberno galego para impulsar o autoconsumo enerxético

Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 15334 (10/POC-002779)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

López Crespo, Carlos Enrique e 6 máis

Sobre a valoración do Goberno galego respecto dos datos referidos á evolución que presentan o valor das capturas e a construción de novas embarcacións na frota do cerco no ano 2017

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 15353 (10/POC-002780)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

López Crespo, Carlos Enrique e 6 máis

Sobre os beneficios que vai achegar para o traballo diario do Intecmar o *Atlas de histopatoloxía: moluscos bivalvos mariños de Galicia*, publicado por unha das investigadoras dese instituto, así como o seu contido concreto

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 15359 (10/POC-002781)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

López Crespo, Carlos Enrique e 6 máis

Sobre a valoración da Xunta de Galicia respecto do desenvolvemento da campaña da centola no ano 2017, así como o valor económico que alcanzou ese crustáceo nas lonxas galegas

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 15362 (10/POC-002782)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

López Crespo, Carlos Enrique e 6 máis

Sobre a evolución das descargas e a facturación de peixe fresco nas lonxas galegas para o ano 2017, atendendo ás distintas modalidades de pesca

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 15364 (10/POC-002783)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

López Crespo, Carlos Enrique e 6 máis

Sobre a valoración do Goberno galego en relación cos datos publicados por Anfaco-Cecopesca en xuño de 2017 respecto das exportacións do sector da conserva

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 15366 (10/POC-002784)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre a valoración do Goberno galego en relación coa situación en que se atopan as autoescolas de Galicia a causa do conflito laboral existente entre o colectivo de examinadores e a Dirección Xeral de Tráfico, así como o seu impacto económico, social e laboral, as demandas realizadas ou que vai realizar ao Goberno central ao respecto e o establecemento dalgún tipo de axudas para as pequenas e medianas empresas afectadas

Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

- 15375 (10/POC-002786)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

López Crespo, Carlos Enrique e 7 máis

Sobre os traballos que está a levar a cabo a Consellería do Mar para a instalación dun novo dique flotante no porto de Portonovo, así como os prazos estimados por Portos de Galicia para a súa colocación definitiva

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 15376 (10/POC-002787)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 3 máis

Sobre a opinión do Goberno galego en relación coa oposición de entidades ecoloxistas, asociacións veciñais e representantes políticos á instalación dunha planta de almacenamento e valorización de residuos industriais e urbanos non perigosos no lugar Teixoeira-Santa Icí, no concello de Arteixo, a súa posible localización no polígono industrial de Sabón e a realización dalgún estudo do impacto que vai ter o incremento do tráfico pesado na zona, así como a súa posible afección nas canles fluviais, no castro de Santa Icí e na mámoa existente nas proximidades

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 15381 (10/POC-002788)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis

Sobre as razóns de Portos de Galicia para demorar a execución dos convenos asinados co Concello de Poio para o acondicionamento das zonas portuarias de Covelo e Raxó e as previsións do Goberno galego respecto da súa posta en marcha fóra da época estival

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

Santiago de Compostela, 12 de setembro de 2017

Diego Calvo Pouso

Vicepresidente 1º

3. Administración do Parlamento de Galicia

3.3. Asuntos económicos e contratación

Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia polo que se modifica o prego de cláusulas administrativas relativo á contratación administrativa do soporte do software de base de datos (Oracle), do software de gravación, do software de xestión de fluxos, dun sistema de alimentación ininterrompida e dunha cabina de almacenamento do Parlamento de Galicia

No informe do Servizo de Tecnoloxías da Información indícase que foron detectados varios erros no cadro de especificacións do contrato do prego de cláusulas administrativas particulares da contratación administrativa do soporte do software de base de datos (Oracle), do software de gravación, do software de xestión de fluxos, dun sistema de alimentación ininterrompida e dunha cabina de almacenamento do Parlamento de Galicia, segundo figura no acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, do 1 de agosto de 2017, e publicados no BOPG número 161, do 11 de agosto de 2017.

Polo tanto, a Mesa do Parlamento, vistos os informes dos Servizos Xurídicos e da Intervención da Cámara, acordou, na súa reunión do 11 de setembro de 2017, o seguinte:

1º. Corrixir o cadro de especificacións do contrato do prego de cláusulas administrativas particulares da contratación administrativa do soporte do software de base de datos (Oracle), do software de gravación, do software de xestión de fluxos, dun sistema de alimentación ininterrompida e dunha cabina de almacenamento do Parlamento de Galicia, segundo figura no acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, do 1 de agosto de 2017, e publicados no BOPG número 161, do 11 de agosto de 2017, nos termos seguintes:

Epígrafe 8

Onde di:

8	Duración do contrato	Tres anos desde o día seguinte á súa formalización
---	----------------------	--

Debe dicir:

8	Duración do contrato	Tres anos desde que termine a vixencia da actual licenza nos termos recollidos no PPT.
---	----------------------	--

Epígrafe 11

Onde di:

11	Solvencia económica e financeira	Declaración relativa ao volume anual de negocios do licitador que, referida ao ano de maior volume de negocio dos tres últimos concluídos deberá ser, polo menos, unha vez e media o valor anual medio do contrato, ou sexa: Lote I: 49.868,50 € Lote II: 27.000,00 € Lote III: 9.000,00 € Lote IV: 3.375,00 € Lote V: 6.750,00 €
----	----------------------------------	---

		Acreditarase por medio das súas contas anuais aprobadas e depositadas no Rexistro Mercantil, de o empresario estar inscrito no devandito rexistro, e en caso contrario polas depositadas no rexistro oficial en que deba estar inscrito. Os empresarios individuais non inscritos no Rexistro Mercantil acreditarán o seu volume anual de negocios mediante os seus libros de inventarios e contas anuais legalizados polo Rexistro Mercantil.
--	--	---

Debe dicir:

11	Solvencia económica e financeira	Declaración relativa ao volume anual de negocios do licitador que, referida ao ano de maior volume de negocio dos tres últimos concluídos deberá ser, polo menos, unha vez e media o valor anual medio do contrato, ou sexa: Lote I: 49.868,50 € Lote II: 27.000,00 € Lote III: 9.000,00 € Para estes lotes acreditarase por medio das súas contas anuais aprobadas e depositadas no Rexistro Mercantil, de o empresario estar inscrito no devandito rexistro, e en caso contrario polas depositadas no rexistro oficial en que deba estar inscrito. Os empresarios individuais non inscritos no Rexistro Mercantil acreditarán o seu volume anual de negocios mediante os seus libros de inventarios e contas anuais legalizados polo Rexistro Mercantil. Para lote IV e lote V: Dado o valor estimado do contrato, segundo o artigo 11.5 do RXLCAP os licitadores están exentos dos requisitos de acreditación da solvencia económica e financeira.
----	----------------------------------	--

Epígrafe 12

Onde di:

12	Solvencia técnica e profesional	Considerarase solvente a empresa licitadora que acredite un importe anual acumulado no ano de maior execución, dentro dos cinco últimos anos, de traballos similares por valor igual ou superior ao 70 % do orzamento anual de licitación, ou sexa: Lote I: 23.271,96 € Lote II: 12.600,00 € Lote III: 4.200,00 € Lote IV: 1.575,00 € Lote V: 3.150,00 € Os licitadores deberán entregar unha relación, selada e asinada, dos principais traballos do mesmo tipo realizadas no cinco últimos anos que inclúa importe, datas e destinatario, público ou privado, deles. Os traballos realizados acreditaranse mediante certificacións expedidas ou visadas polo órgano competente cando o destinatario sexa unha entidade do sector público ou, cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante unha certificación expedida por este, ou, na falta
----	---------------------------------	---

		desta certificación, mediante unha declaración do empresario. Só se terán en conta a efectos de acreditar a solvencia os traballos relacionadas co obxecto da presente contratación, que aparezan relacionadas e respecto das cales se acheguen certificacións ou declaración do empresario a que se fai referencia neste apartado.
--	--	---

Debe dicir:

12	Solvencia técnica e profesional	Considerarase solvente a empresa licitadora que acredite un importe anual acumulado no ano de maior execución, dentro dos cinco últimos anos, de traballos similares por valor igual ou superior ao 70% do orzamento anual de licitación, ou sexa: Lote I: 23.271,96 € Lote II: 12.600,00 € Lote III: 4.200,00 € Os licitadores deberán entregar unha relación, selada e asinada, dos principais traballos do mesmo tipo realizadas no cinco últimos anos que inclúa importe, datas e destinatario, público ou privado, deles. Os traballos realizados acreditaranse mediante certificacións expedidas ou visadas polo órgano competente cando o destinatario sexa unha entidade do sector público ou, cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante unha certificación expedida por este, ou na falta desta certificación, mediante unha declaración do empresario. Só se terán en conta para efectos de acreditar a solvencia os traballos relacionadas co obxecto da presente contratación, que aparezan relacionadas e respecto das cales se acheguen certificacións ou declaración do empresario a que se fai referencia neste apartado. Para lote IV e lote V: Dado o valor estimado do contrato, segundo o artigo 11.5 do RXLCAP os licitadores están exentos dos requisitos de acreditación da solvencia técnica e profesional.
----	---------------------------------	--

Epígrafe 13

Onde di:

13	Clasificación	Lote I: Oracle: grupo V, subgrupo 3 ou 5, categoría 1 Lote II: Software de gravación: grupo V, subgrupo 3 ou 5, categoría 1 Lote III: Software de xestión de fluxos: grupo V, subgrupo 3 ou 5, categoría 1 Lote IV: Sistema de alimentación ininterrompida: grupo P, subgrupo 1, categoría 1 Lote V: Mantemento cabina de almacenamento: grupo V, subgrupo 3 ou 5, categoría 1
----	---------------	---

Debe dicir:

13	Clasificación	Non procede
----	---------------	-------------

Epígrafe 22

Onde di:

22	Mesa de contratación	Presidente: o vicepresidente 1º da Mesa do Parlamento. Vogais: – a vicepresidenta 2ª da Mesa do Parlamento. – a secretaria da Mesa do Parlamento. – o letrado oficial maior (en caso de ausencia poderao suplir un letrado do Parlamento). – a interventora do Parlamento (en caso de ausencia poderaa suplir a viceinterventora do Parlamento). Secretario: o xefe do Servizo de Persoal e Réxime Interior do Parlamento (en caso de ausencia poderao suplir un funcionario ou funcionaria do Servizo).
----	----------------------	--

Debe dicir:

22	Mesa de contratación	Presidente: o vicepresidente 1º da Mesa do Parlamento. Vogais: – a vicepresidenta 2ª da Mesa do Parlamento. – a secretaria da Mesa do Parlamento. – un letrado ou letrada do Parlamento. – a interventora do Parlamento (en caso de ausencia poderaa suplir a viceinterventora do Parlamento). Secretario: o xefe do Servizo de Persoal e Réxime Interior do Parlamento (en caso de ausencia poderao suplir un funcionario ou funcionaria do Servizo).
----	----------------------	--

Epígrafe 26

Onde di:

26	Seguro de responsabilidade civil	Por importe de 150.000,00 € en cada un dos lotes.
----	----------------------------------	---

Debe dicir:

26	Seguro de responsabilidade civil	Non se exige.
----	----------------------------------	---------------

Epígrafe 28

Onde di:

28	Penalidades	Establécese como penalidade o incumprimento dos servizos ou dos Acordos de Nivel de Servizo (ANS), nos termos do apartado 4 da cláusula décimo quinta do PCA e a correspondente do PPT.
----	-------------	---

Debe dicir:

28	Penalidades	Non se establecen penalidades.
----	-------------	--------------------------------

2º. Comunicarlles este acordo ao Servizo de Persoal e Réxime Interior e á Intervención e Asuntos Económicos.

3º. Publicar esta corrección de erros no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* e no perfil de contratante do Parlamento de Galicia.

Santiago de Compostela, 13 de setembro de 2017.

Diego Calvo Pouso

Vicepresidente 1º

4. Informacións e correccións de erros

4.2. Correccións de erros

Corrección de erros no prego de cláusulas administrativas da contratación administrativa para o arrendamento con opción de compra, asistencia técnica e mantemento de impresoras e equipos multifuncionais

Por acordo da Mesa do Parlamento de 1 de agosto de 2017 aprobouse o prego de cláusulas administrativas da contratación para o arrendamento con opción de compra, asistencia técnica e mantemento de impresoras e equipos multifuncionais do Parlamento de Galicia.

Segundo o informe do Servizo de Persoal e Réxime Interior, unha vez publicados no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* número 161, do 11 de agosto de 2017, comprobouse a existencia dun erro na redacción do apartado 15 do cadro de especificacións respecto dos criterios cuxa cuantificación depende de xuízo de valor, ao atribuírle ao valor técnico da oferta de 0 a 27 puntos, cando en realidade deben ser de 0 a 20 puntos, como de feito se deduce dos subcriterios e da puntuación total dos criterios de adxudicación.

Polo tanto, propónse á Mesa do Parlamento corrixir o apartado 15 do cadro de especificacións do prego cláusulas administrativas da contratación administrativa para o arrendamento con opción de compra, asistencia técnica e mantemento de impresoras e equipos multifuncionais, no referido aos criterios cuxa cuantificación depende de xuízo de valor, nos seguintes termos:

En consecuencia, ao abeiro do disposto no art. 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común e das administracións públicas, a Mesa do Parlamento adoptou, na súa reunión do 11 de setembro de 2017, o seguinte Acordo:

1º. Corrixir o apartado 15 do cadro de especificacións do prego cláusulas administrativas da contratación administrativa para o arrendamento con opción de compra, asistencia técnica e mantemento de impresoras e equipos multifuncionais, no referido aos criterios cuxa cuantificación depende de xuízo de valor, nos seguintes termos:

Na páxina 42982, no apartado 15 do cadro de especificacións,

- Onde di:

«II.- Criterios cuxa cuantificación depende de xuízo de valor, ata 20 puntos. Valor técnico da oferta:

a) Valor técnico da oferta: de 0 a 27 puntos: Valoraranse os seguintes aspectos:»

- Debe dicir:

«II.- Criterios cuxa cuantificación depende de xuízo de valor, ata 20 puntos. Valor técnico da oferta:

Valor técnico da oferta: de 0 a 20 puntos: Valoraranse os seguintes aspectos:»

2º. Comunicarlles este acordo ao Servizo de Persoal e Réxime Interior e á Intervención e Asuntos Económicos.

3º. Publicar esta corrección de erros no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* e no perfil de contratante do Parlamento de Galicia.

Santiago de Compostela, 13 de setembro de 2017.

Diego Calvo Pouso

Vicepresidente 1º

Corrección de erros no prego de cláusulas administrativas da contratación administrativa para a prestación do servizo de xestión e mantemento dos sistemas de protección contra incendios e de vixilancia do recinto do Parlamento de Galicia, e subministración e instalación de equipos destinados á renovación do sistema de detección e alarma de incendios

Por acordo da Mesa do Parlamento de 1 de agosto de 2017 aprobouse o prego de cláusulas administrativas da contratación para a prestación do servizo de xestión e mantemento dos sistemas de protección contra incendios e de vixilancia do recinto do Parlamento de Galicia, e subministración e instalación de equipos destinados á renovación do sistema de detección e alarma de incendios.

No informe do Servizo de Persoal e Réxime Interior indícase que, unha vez publicados no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* número 161, do 11 de agosto de 2017, se comprobou a existencia dun erro na redacción do apartado 16 do cadro de especificacións do prego, respecto dos criterios cuxa cuantificación depende de xuízo de valor, ao facer mención, nos tres graos ou niveis de satisfacción en que é posible cualificar as ofertas, aos criterios que asignen 20 puntos, cando en realidade ningún dos subcriterios asigna 20 puntos. Procede, polo tanto, eliminar dese cadro a mención á puntuación máxima posible de 20 puntos.

Polo tanto, propónselle á Mesa do Parlamento corrixir o apartado 16 do cadro de especificacións do prego cláusulas administrativas da contratación para a prestación do servizo de xestión e mantemento dos sistemas de protección contra incendios e de vixilancia do recinto do Parlamento de Galicia, e subministración e instalación de equipos destinados á renovación do sistema de detección e alarma de incendios, no referido aos criterios cuxa cuantificación depende de xuízo de valor.

En consecuencia, ao abeiro do disposto no art. 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común e das administracións públicas, a Mesa do Parlamento adoptou, na súa reunión do 11 de setembro de 2017, o seguinte Acordo:

1º) Corrixir o apartado 16 do cadro de especificacións do prego cláusulas administrativas da contratación para a prestación do servizo de xestión e mantemento dos sistemas de protección contra incendios e de vixilancia do recinto do Parlamento de Galicia, e subministración e instalación de equipos destinados á renovación do sistema de detección e alarma de incendios, no referido aos criterios cuxa cuantificación depende de xuízo de valor, nos seguintes termos:

Na páxina 43023, no apartado 16 do cadro de especificacións,

- Onde di:

Para a distribución dos puntos de cada apartado estableceranse tres graos ou niveis de satisfacción, atribuíndo a puntuación segundo os seguintes tramos:

Grao	Puntuación máxima 20 puntos	Puntuación máxima 15 puntos	Puntuación máxima 5 puntos
Alto	13-20	12-15	4-5
Medio	6-12	5-11	2-3
Baixo	0-6	0-4	0-1

- Debe dicir:

Para a distribución dos puntos de cada apartado estableceranse tres graos ou niveis de satisfacción, atribuíndo a puntuación segundo os seguintes tramos:

Grao	Puntuación máxima 15 puntos	Puntuación máxima 5 puntos
Alto	12-15	4-5
Medio	5-11	2-3
Baixo	0-4	0-1

2º. Comunicarlles este acordo ao Servizo de Persoal e Réxime Interior e á Intervención e Asuntos Económicos.

3º. Publicar esta corrección de erros no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* e no perfil de contratante do Parlamento de Galicia.

Santiago de Compostela, 13 de setembro de 2017.

Diego Calvo Pouso

Vicepresidente 1º do Parlamento de Galicia

Á MESA DO PARLAMENTO

Antón Sánchez García, deputado do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 3.^a**

Está actualmente en tramitación administrativa un parque eólico en Pena Forcada, concello de Laxe, que contará con 3 aeroxeneradores de 3 MW de potencia unitaria e 151 metros de altura total; un concello que ata o de agora estaba libre dese tipo de instalacións.

A mellora da tecnoloxía eólica fai que cada vez se precisen menos unidades de aeroxeneradores para instalar a mesma potencia.

Pero o feito é que na Lei 8/2009 que regula o Aproveitamento Eólico e crea o Canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental, no seu artigo 15 establécese a Cota Tributaria

“Artigo 15 Tipo de gravame e cota tributaria

1. A cota tributaria vén determinada pola aplicación á base impositiva dos seguintes tipos de gravame anuais:

- En parques eólicos que dispoñan de entre 1 e 3 aeroxeneradores: 0 euros por cada unidade de aeroxenerador.
- En parques eólicos que dispoñan de entre 4 e 7 aeroxeneradores: 2.300 euros por cada unidade de aeroxenerador.
- En parques eólicos que dispoñan de entre 8 e 15 aeroxeneradores: 4.100 euros por cada unidade de aeroxenerador.
- En parques eólicos que dispoñan de máis de 15 aeroxeneradores: 5.900 euros por unidade de aeroxenerador.”



E, polo tanto, o Parque Eólico de Pena Forcada-Catasol II non tería que pagar nin un euro polo Canon Eólico o que fai que esta instalación non teña practicamente retorno social, mentres que si vai implicar impactos importantísimos no Concello de Laxe.

É doadamente previsible que estes casos se produzan cada vez en máis parques e débenos levar a reflexionar acerca de tomar medidas para garantir un maior retorno social das actividades que explotan os recursos naturais do país e o seu territorio, ao marxe das garantías ambientais, paisaxísticas e de patrimonio imprescindibles.

Por outra banda a Lei 24/2013 do sector eléctrico permite que este tipo de impostos si repercutan na factura da luz dos consumidores das comunidades autónomas que os apliquen.

De ser isto así en Galiza o cobro do Canón Eólico, que ten como obxectivos contribuír a regular e preservar o medio ambiente na súa consideración de ben protexido, con carácter de ingreso compensatorio e como prestación patrimonial de dereito público de natureza extrafiscal e real, pasaría a ser un sobrecoste na factura da luz para quen máis sofre eses impactos, a cidadanía galega, nunha Galiza que xa exporta aproximadamente 1 de cada 3 MW de enerxía eléctrica producida.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

- 1) Ten pensado modificar o artigo 15 da Lei 8/2009 pola que se regula o aproveitamento eólico e se crean o Canon Eólico e o Fondo de Compensación Ambiental tendo en conta a evolución tecnolóxica do sector que fai que se reduza o número de aeroxeneradores a igual potencia, e non se rebaixe a recadación polo Canon Eólico?



- 2) Que medidas ten pensado tomar para conquistar os obxectivos de preservación da paisaxe, do medio ambiente, con efectos compensatorios a través da fiscalidade sen que iso repercuta nun sobrecusto na factura da luz para os galegos e as galegas ante a posibilidade de que se imponha a repercusión do Canon Eólico aos consumidores e consumidoras?

Santiago de Compostela, 1 de setembro de 2017.

Asdo.: Antón Sánchez García

Deputado do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Antón Sánchez García na data 01/09/2017 11:12:42



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Luis Bará Torres, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formulan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 6ª**, relativa a obter información das conclusións ás que chegou o goberno galego após o expediente informativo de febreiro de 2017 ás compañías distribuidoras de electricidade.

O pasado 6 de febreiro de 2016 a Xunta de Galiza comunicou que a raíz do temporal vivido no noso país “A Xunta está avaliando a situación tras os cortes no subministro eléctrico que se produciron en Galicia a causa do temporal dos últimos días para o que abrirá un expediente informativo ás compañías distribuidoras co obxecto de confirmar que os protocolos de traballo seguidos foron os axeitados.”

Por todo isto, formúlanse as seguintes preguntas para a súa resposta oral na Comisión 6ª:

- Que valoración fai o goberno galego das actuacións levadas a cabo por parte das compañías eléctricas para xestionar as incidencias durante o temporal?

- Considera a Xunta de Galiza que se cumpriron os protocolos de maneira suficiente?

- Ten avaliado o goberno galego se as compañías eléctricas cumpren de forma suficiente as esixencias en materia de prevención de incendios e acondicionamento das zonas de paso das liñas eléctricas?



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Ten constancia o goberno galego de se cumpren as distribuidoras os límites de calidade das liñas?
- Como valora o goberno galego o proceder das compañías eléctricas canto á subsanación de danos para as persoas afectadas?
- Ten información a Xunta de Galiza a respecto da cantidade de persoas afectadas polos danos do temporal así como das contías económicas?
- Presentou ou vai presentar a Xunta de Galiza sancións contra as compañías eléctricas?
- Ten pensado o goberno galego instar ás empresas subministradoras de enerxía a efectuar unha auditoría da situación das liñas eléctricas en Galiza?

Santiago de Compostela, 30 de agosto de 2017

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Ana Belén Pontón Mondelo

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/09/2017 11:28
Nº Rexistro: 15031
Data envío: 01/09/2017 11:28:00.919

Noa Presas Bergantiños na data 01/09/2017 11:19:26

María Montserrat Prado Cores na data 01/09/2017 11:19:36

Ana Pontón Mondelo na data 01/09/2017 11:19:37

Xose Luis Rivas Cruz na data 01/09/2017 11:19:39

Olalla Rodil Fernández na data 01/09/2017 11:19:43

Xosé Luis Bará Torres na data 01/09/2017 11:19:44



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/09/2017 11:28
Nº Rexistro: 15032
Data envío: 01/09/2017 11:28:09.293

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Luis Bará Torres, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 3ª**, relativa a demandar do goberno do Estado medidas inmediatas para rebaixar o prezo da factura da electricidade mediante a actuación sobre os impostos que aplica

As consecuencias da crise socioeconómica sobre a capacidade financeira os fogares galegos continúan a ser un problema á orde do día debido á falta de recuperación económica, á consolidación do desemprego e a inestabilidade laboral e á suba dos prezos de diferentes elementos. Especial importancia ten, neste sentido, a desproporcionada suba de prezo que experimentou a factura da luz no inicio de 2017 e que pode acadar, en palabras do propio goberno do Estado español, un incremento de até cen euros no ano.

A electricidade é un ben básico e de primeira necesidade cuxa imprescindibilidade se acentúa nos meses de inverno, cando é necesario combater o descenso das temperaturas e que todas as persoas poidan garantir unhas condicións mínimas para a súa saúde e o desenvolvemento dunha vida digna. Polo tanto, as administracións deben intervir e comprometerse con poñer en marcha medidas que encamiñen cara un abaratamento da electricidade para garantir a súa accesibilidade.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Neste sentido, en paralelo á vaga de frío de xaneiro puidemos observar sucesivos anuncios por parte do Ministerio de Enerxía, Turismo e Axenda Dixital no que se atribuían a potestade de baixar a electricidade intervindo no prezo do gas. Porén ficou nunha nova cortina de fume por parte do Partido Popular en canto que abala un sistema eléctrico opaco e sen lóxica social nin territorial, tal e como temos denunciado desde o nacionalismo galego.

Desde o Bloque Nacionalista Galego entendemos que sería urxente modificar por enteiro o regulamento do sistema eléctrico e intervir nun oligopolio absolutamente afastado da transparencia e caracterizado pola irracionalidade no aspecto social e no aspecto territorial. Neste sentido, temos reclamado que se recoñecemos todas e todos os axentes políticos e sociais que a electricidade é un ben de primeira necesidade, carece de toda lóxica que a situación socioeconómica das persoas non teña correlación cunha progresividade na factura eléctrica dunha forma contundente e non con medidas parche que non conducen a unha superación da situación de vulnerabilidade. Doutra banda, dende o punto de vista territorial, é un sistema deseñado sen criterios racionais que avalíen custos de transporte, de produción ou de impacto nos territorios de transformación. Isto é froito das mesmas decisións políticas que vetan o debate sobre unha posíbel tarifa eléctrica galega que beneficie a empresas e consumidoras domésticas por sermos unha nación excedentaria canto á produción.

As empresas xeradoras de enerxía eléctrica ingresaron, no momento de asinar esta iniciativa a finais de xaneiro, até 1.000 millóns de euros pola venda de electricidade, un 131€ a respecto do ano anterior no que tiñan recadado no mesmo período 433 millóns. É indubidábel, pois, que trala suba de prezos do último mes as eléctricas obtiveron máis de vinte millóns diarios a maiores en comparación co ano precedente segundo dados da OMIE. Traslado á factura das persoas consumidoras,



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

isto pode derivar nun incremento próximo ao 30% para a media xeral segundo datos da Axencia Provincial de Enerxía.

Ollando á factura da electricidade, malia a súa opacidade, podemos observar como inclúe un imposto especial da electricidade, ese 5'11% que se aplica en última instancia sobre todos os conceptos do recibo eléctrico coa única excepción do alugueiro dos contadores. Ademais, sobre o conxunto da factura, tamén sobre o imposto que acabamos de describir, aplícase un IVE do 21% o que supón un dobre pagamento. Un IVE, ademais, superior no Estado español ao da media europea segundo unha análise da Axencia Internacional da Enerxía (AIE) que elaborou un estudo cunha mostra de 21 países da Unión Europea e que sitúa o recibo que pagamos en tres puntos por riba da media, que se atopa no 18%.

Polo tanto, no curto prazo hai medidas reais que o goberno do Estado español podería levar a cabo se quixer e que a Xunta de Galiza debe esixir.

Por todo isto, formúlanse as seguintes preguntas para a súa resposta oral na Comisión 3ª:

1. - Ten demandado ou vai demandar a Xunta de Galiza algunha medida fiscal por parte do goberno estatal de cara a abaratar a factura da electricidade?

2. - Ten avaliado a Xunta de Galiza a idoneidade de demandar do goberno do Estado a supresión do imposto especial de electricidade?

3.- Ten demandado a Xunta de Galiza ou vai demandar a rebaixa do IVE para o recibo de electricidade por parte do Estado español?



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/09/2017 11:28
Nº Rexistro: 15032
Data envío: 01/09/2017 11:28:09.293

4.- Considera xustificábel a Xunta de Galiza que os galegos e galegas deban pagar no seu recibo de electricidade o imposto especial de electricidade para alén do IVE correspondente?

Santiago de Compostela, 30 de agosto de 2017

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Ana Belén Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 01/09/2017 11:20:49

María Montserrat Prado Cores na data 01/09/2017 11:20:54

Ana Pontón Mondelo na data 01/09/2017 11:20:57

Xose Luis Rivas Cruz na data 01/09/2017 11:20:58



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/09/2017 11:28
Nº Rexistro: 15032
Data envío: 01/09/2017 11:28:09.293

Olalla Rodil Fernández na data 01/09/2017 11:20:59

Xosé Luis Bará Torres na data 01/09/2017 11:21:01



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Luis Bará Torres, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 6ª**, relativa á política de investigación, desenvolvemento e innovación levada a cabo polo goberno galego e as previsións de corrección ao respecto.

Para avanzar no desenvolvemento do noso país é fundamental apostar pola reorientación dos nosos sectores produtivos. Faise necesario, xa que logo, reforzar a economía produtiva aumentando o contido en coñecemento das súas actividades e reforzando a especialización mediante a creación e dotación dos recursos tecnolóxicos e humanos necesarios. Galiza precisa dunha aposta estratéxica para avanzar cara un modelo produtivo baseado na innovación e na investigación, polo que polo tanto a Administración debería centrar os seus esforzos neste campo. Porén, a política de recortes sistemáticos que veu aplicando o goberno do Partido Popular nos últimos anos sitúanos cada vez máis lonxe dos niveis do Estado español e da Unión Europea nesta materia, e deixa a Galiza nunha posición peor á do inicio da crise, tal e como confirman sucesivos indicadores relativos á evolución do I+D+i.

Diferentes documentos emanados do goberno galego, como o Plan estratéxico 2015-2020, falan repetidamente da busca dun novo modelo de crecemento que terá como puntos fortes a innovación e o coñecemento. Porén, os datos amósannos como esas palabras quedan baleiras de contido á hora de contrastar a teoría coa práctica do



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

gobierno. Por exemplo, segundo os últimos datos de 2015 observamos como nun contexto de suposta recuperación económica onde atopamos datos macroeconómicos con datos positivos como a evolución do PIB, pola contra os principais indicadores de impulso á I+D, descenden claramente.

As empresas con actividades innovadoras descenden en 129 con respecto ao 2014, o que supón un descenso do 15,3% nun so ano. Ademais, este dato contrasta coa evolución do conxunto do estado que se mantivo estábel. O mesmo sucede con outros indicadores chave como por exemplo os referidos á intensidade da innovación, que amosa que se no período 2014-2015 descendeu no Estado un 2,3%, na Galiza fíxoo nun 11,6%. Tamén resultan reveladores os datos referidos ao número de empresas tecnoloxicamente innovadoras, que no conxunto do Estado descenden nun 1,3% e na Galiza en máis do duplo, até un 5,3%.

Neste contexto, a resposta por parte do goberno galego resulta absolutamente insuficiente para reverter a tendencia e apostar nun cambio de modelo que pivote arredor do coñecemento, polo que se fai necesario corrixir a política de investigación, desenvolvemento e innovación levada a cabo polo goberno galego.

Por todo isto, formulamos as seguintes cuestións para a súa resposta oral na Comisión 6ª:

1. Que valoración realiza a Xunta de Galiza da evolución dos indicadores referidos? Que medidas a curto e medio prazo está tomando ou vai tomar o goberno galego para frear a desaparición de empresas innovadoras?

2. Que motivou o descenso do esforzo investidor en I+D desde a chegada do Partido Popular á Xunta de Galiza?



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

3.Ten pensado a Xunta de Galiza mudar as súas políticas para corrixir a negativa evolución do I+D+i en Galiza e a postar nun cambio de modelo produtivo?

4. Vai continuar o goberno galego aplicando estancando o esforzo investidor en políticas de I+D+i?

Santiago de Compostela, 30 de agosto de 2017

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Ana Belén Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 01/09/2017 11:21:38

María Montserrat Prado Cores na data 01/09/2017 11:21:42

Ana Pontón Mondelo na data 01/09/2017 11:21:44



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xose Luis Rivas Cruz na data 01/09/2017 11:21:45

Olalla Rodil Fernández na data 01/09/2017 11:21:46

Xosé Luis Bará Torres na data 01/09/2017 11:21:49



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/09/2017 11:28
Nº Rexistro: 15034
Data envío: 01/09/2017 11:28:26.089

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores, Xosé Luis Rivas Cruz e Xosé Luis Bará Torres, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**, relativa ao desmantelamento dos servizo se cociña do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense para implantar o modelo chamado de “liña fría”.

Segundo as informacións ás que tivo acceso este Grupo Parlamentar parece que de forma inminente se vai producir o desmantelamento do servizo de cociña existente no Complexo Hospitalario Universitario de Ourense para substituílo polo modelo chamado de “liña fría”.

Este modelo que se implantou xa no Hospital Álvaro Cunqueiro de Vigo supón a privatización deste servizo e o conseguinte deterioro da calidade do servizo. Son moitas as evidencias do fracaso deste modelo que ten provocado numerosas queixas dos e das usuarias e do persoal sanitario. Desde a súa implantación téñense producido numerosas deficiencias: pratos que chegan fríos aos e ás pacientes, a súa escaseza ou incluso que non se adecúen ás prescricións de dieta realizada polo persoal facultativo.

Este modelo que xa foi ensaiado noutros lugares ten evidenciado o seu fracaso non só pola perda da calidade da alimentación senón que mesmo porque resulta máis caro para o erario público, de aí que en moitos casos, fora de Galiza, se estea revertendo cara o modelo de cociña convencional.

Ademais de ser un claro exemplo de privatización e de beneficio privado en



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/09/2017 11:28
Nº Rexistro: 15034
Data envío: 01/09/2017 11:28:26.089

detrimento da calidade do servizo e dos dereitos dos e das usuarias tamén ten consecuencias laborais para o persoal que actualmente se ocupa destas tarefas que descoñecen cal vai ser a súa situación no futuro.

Estas son as razóns polas que formulamos as seguintes preguntas para a súa resposta oral en comisión:

1.- Que razóns xustifican ou amparan a decisión de implantar o modelo de “liña fría” para o servizo de comidas no Complexo Hospitalario Universitario de Ourense?

2.- Non considera que á vista das experiencias previas é un modelo que fracasa tanto pola calidade do servizo que presta como pola consecuencias que ten para a saúde das persoas?

3.- Cal vai ser a situación laboral do persoal que actualmente presta os seus servizos na cociña deste centro hospitalario?

4.- Existe algunha posibilidade de que reconsideren a súa posición e se manteña o servizo nas condicións de prestación anteriores?

Santiago de Compostela, 30 de agosto de 2017

Asdo.: **Ana Belén Pontón Mondelo**

Olalla Rodil Fernández

Montserrat Prado Cores

Xosé Luis Rivas Cruz



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/09/2017 11:28
Nº Rexistro: 15034
Data envío: 01/09/2017 11:28:26.089

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 01/09/2017 11:22:32

María Montserrat Prado Cores na data 01/09/2017 11:22:37

Ana Pontón Mondelo na data 01/09/2017 11:22:38

Xose Luis Rivas Cruz na data 01/09/2017 11:22:39

Olalla Rodil Fernández na data 01/09/2017 11:22:41

Xosé Luis Bará Torres na data 01/09/2017 11:22:42



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/09/2017 11:28
Nº Rexistro: 15035
Data envío: 01/09/2017 11:28:34.150

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Xosé Luis Bará Torres, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formulan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 6ª**.

No “*Plano Nacional de Reserva Estratéxica do Carbón 2006-2012 e novo modelo de desenvolvemento integral e sustentábel das Comarcas Mineiras*”, tamén coñecido como Plano do Carbón-2, a Xunta de Galiza comprometeuse a financiar a realización de todos e cada un dos proxectos de obra para as infraestruturas previstas, procurando evitar dilacións na execución definitiva deses proxectos no momento de seren aprobados polo Instituto de Reestruturación das Comarcas Mineiras (IRMC), dependente do Ministerio de Industria.

No caso concreto da comarca mineira de As Pontes, non consta a realización de ningunha obra de infraestrutura concreta a cargo do devandito Plano, a pesar de ter asignados uns 54 millóns de euros polo IRMC; pola contra, si que se realizaron proxectos de obra financiados pola Xunta e, como vimos de dicir, nunca executados.

Por este motivo, fórmulanse as seguintes preguntas para a súa resposta oral na Comisión 6ª:

1. Que proxectos de obra financiou a Xunta de Galiza, ao abeiro do Plano do Carbón-2, na comarca de As Pontes?



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/09/2017 11:28
Nº Rexistro: 15035
Data envío: 01/09/2017 11:28:34.150

2. Cal foi o custe de cada un deses proxectos?
3. Por que motivo non se chegou a materializar ningún?

Santiago de Compostela, 30 de agosto de 2017

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Ana Belén Pontón Mondelo

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Xosé Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 01/09/2017 11:23:15

María Montserrat Prado Cores na data 01/09/2017 11:23:21

Ana Pontón Mondelo na data 01/09/2017 11:23:25

Xosé Luis Rivas Cruz na data 01/09/2017 11:23:27

Olalla Rodil Fernández na data 01/09/2017 11:23:37



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/09/2017 11:28
Nº Rexistro: 15035
Data envío: 01/09/2017 11:28:34.150

Xosé Luis Bará Torres na data 01/09/2017 11:23:39



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/09/2017 11:28
Nº Rexistro: 15036
Data envío: 01/09/2017 11:28:45.477

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Luis Bará Torres, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**, relativa ás previsións da Consellería para a construción dun pavillón deportivo no CEIP Julio Gurriarán do Barco de Valdeorras.

Desde maio de 2016 a comunidade educativa do CEIP “Julio Gurriarán Canalejas” do Barco de Valdeorras comezou unha campaña de mobilizacións para reclamar un pavillón de deportes para o centro. Neste sentido, é de salientar que este CEIP é o único da comarca que non conta con pavillón deportivo. Por este motivo, ao non dispoñer dun pavillón deportivo cuberto, as clases de Educación Física desenvólense, por veces, no salón de actos que tamén se utiliza para outras moitas actividades escolares e mesmo extraescolares; Outras veces, o alumnado desprázase ao Polideportivo municipal para poder levar adiante estas clases de educación física.

A comunidade educativa deste CEIP entende que resulta moi necesario a construción dun polideportivo cuberto para poder levar adiante unhas clases de educación física con parámetros de calidade e á altura dos tempos que corren; por esa razón manifestan a súa determinación a seguir reclamando unha infraestrutura que consideran fundamental, que foi prometida por parte da administración educativa sen chegar a verificarse.

Diante das mobilizacións da comunidade educativa, xa hai máis dun ano apareceron noticias en prensa que afirmaban que a Consellería de Educación está a traballar nun proxecto de construción dun pavillón no CEIP Julio Gurriarán do Barco.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/09/2017 11:28
Nº Rexistro: 15036
Data envío: 01/09/2017 11:28:45.477

Diante destas noticias a comunidade educativa afirma estar farta de promesas incumplidas por parte da Xunta de Galiza. Mesmo manifestan a súa disposición a seguir mobilizándose para reclamar unha infraestrutura que consideran fundamental para o CEIP.

O Grupo Parlamentar do BNG considera fundamental o garantir unha educación pública e de calidade e por esa razón comparte a reclamación da Comunidade educativa deste CEIP do Barco.

Estas son as razóns polas que se formulan as seguintes preguntas para a súa resposta oral en comisión:

1.- É consciente a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria do malestar de moitas familias do CEIP “Julio Gurriarán Canalejas” que leva moitos anos agardando pola construción dun pavillón de deportes, varias veces prometido pero aínda non construído?

2.- Considera a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria normal que este CEIP non dispoña dun pavillón de deportes cuberto para ser utilizado polo alumnado do mesmo?

3.- Vai cumprir a Consellería a promesa de construír un pavillón de deportes cuberto para o uso do alumnado do CEIP “Julio Gurriarán Canalejas”?

4º.- Que solución contempla a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para acometer as obras do pavillón cuberto deste centro?

5º.- Dispón a Consellería do proxecto construtivo do pavillón?

6º.- Consultou coa comunidade educativa as prestacións do pavillón a construír?

7º.- Está licitada a obra?



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420, Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/09/2017 11:28
Nº Rexistro: 15036
Data envío: 01/09/2017 11:28:45.477

8º.-Cal será o cronograma de execución das obras e cal o orzamento das mesmas?

Santiago de Compostela, 30 de agosto de 2017

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Ana Belén Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 01/09/2017 11:25:02

María Montserrat Prado Cores na data 01/09/2017 11:25:07

Ana Pontón Mondelo na data 01/09/2017 11:25:08

Xose Luis Rivas Cruz na data 01/09/2017 11:25:10

Olalla Rodil Fernández na data 01/09/2017 11:25:11



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420, Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/09/2017 11:28
Nº Rexistro: 15036
Data envío: 01/09/2017 11:28:45.477

Xosé Luis Bará Torres na data 01/09/2017 11:25:12



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/09/2017 11:28
Nº Rexistro: 15037
Data envío: 01/09/2017 11:28:54.289

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Luis Bará Torres, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión 6**, relativa ao proxecto de central hidroeléctrica reversíbel de Gas Natural SDG. SA e á afectación en diversos municipios ourensás.

O pasado venres 19 de maio de 2017 saíu publicada no Boletín Oficial do Estado a resolución do 5 de maio de 2017 da secretaría de Estado de Medio Ambiente pola que se formula declaración de impacto ambiental do proxecto Central Hidroeléctrica reversíbel de Gas Natural SDG. SA que afecta aos encoros das Conchas e de Salas e a varios municipios ourensás. Este proxecto, do que leva anos a falarse e a terse noticias por diversas fontes, modificaría as características de aproveitamentos hidroeléctricos do río Salas (Salto de Salas) e do río Limia (Salto das Conchas) e afectaría aos concellos de Muíños, Lobios, Lobeira e Entrimo, ubicados nunha contorna caracterizada polo seu alto valor ambiental e natural así como por unhas circunstancias socioeconómicas atravesadas polo avellentamento e a perda de poboación.

Este acontecemento ten levantado as alertas de veciñanza e diversos colectivos ecoloxistas. Cómpre recordar que o encoro das Conchas presentou xa no ano 2011 un alto índice de contaminación por cianobacterias, tal e como desvelou un estudo do Laboratorio de Xenética da Facultade de Veterinaria da Universidade Complutense de Madrid malia que nesa altura os datos fornecidos polo goberno galego eran positivos.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/09/2017 11:28
Nº Rexistro: 15037
Data envío: 01/09/2017 11:28:54.289

Desde entón diferentes movementos veciñais e sociais teñen traballado por unha solución para o embalse das Conchas e por evitar a afectación a zonas colindantes e de alto valor tanto social como ambiental, como por exemplo o encoro de Lindoso, de Salas ou o Parque Natural do Xurés na súa extensión galega e portuguesa.

Como se o impacto ambiental e a repercusión no territorio e na poboación non foran abondo coa situación actual das instalacións, a empresa quere aumentar os beneficios que obtén da explotación dos nosos recursos impulsando unha central de bombeo entre os encoros Salas e As Conchas para multiplicar o bombeo. As obras proxectadas desenvolveranse na denominada zona de transición da Reserva da Biosfera Transfronteiriza Gerês-Xurés, a terreos incluídos na proposta de ampliación da Rede Natura e en zonas de protección de diferente índole. Alén do previsíbel e alertado impacto en numerosos indicadores ambientais, do risco de contaminar o encoro de Salas, da afectación á calidade das augas, etc. desde o Bloque Nacionalista Galego consideramos que de ir adiante esta modificación da concesión estaríamos diante dun novo caso de especulación enerxética no noso país favorecendo un modelo que non favorece o aforro e a eficiencia nin é preciso para a produción do país.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para a súa resposta oral en comisión:

- Que actuación levou, ou vai levar a cabo, o goberno galego a respecto do proxecto de central hidroeléctrica reversíbel promovido por Gas Natural SDG. SA que modifica as características de aproveitamentos hidroeléctricos do río Salas e Limia?
- Ten desenvolvido, ou vai desenvolver, o goberno galego estudos propios a respecto dos riscos ambientais, sanitarios e de calidade das augas que supón o proxecto?



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/09/2017 11:28
Nº Rexistro: 15037
Data envío: 01/09/2017 11:28:54.289

- Ten avaliado o goberno galego as alegacións presentadas por organización e colectivos do país ao respecto?

- Considera o goberno galego que este proxecto enerxético se axusta ás necesidades de aforro e eficiencia? e ao cumprimento dos obxectivos europeos para 2020?

Santiago de Compostela, 30 de agosto de 2017

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Belén Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 01/09/2017 11:27:23

María Montserrat Prado Cores na data 01/09/2017 11:27:28



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/09/2017 11:28
Nº Rexistro: 15037
Data envío: 01/09/2017 11:28:54.289

Ana Pontón Mondelo na data 01/09/2017 11:27:30

Xose Luis Rivas Cruz na data 01/09/2017 11:27:31

Olalla Rodil Fernández na data 01/09/2017 11:27:33

Xosé Luis Bará Torres na data 01/09/2017 11:27:34



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/09/2017 11:51
Nº Rexistro: 15043
Data envío: 01/09/2017 11:51:01.636

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Luis Bará Torres, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª**, relativa ás actuacións necesarias para a atención ás persoas doentes de silicose e ás necesidades de mellora da prevención e atención da enfermidade en territorio galego.

A silicose é unha enfermidade pulmonar causada pola inhalación de polvo de sílice, un material que se pode atopar en rochas, chan e area. Polo tanto, a silicose ten unha das súas causas fundamentais, como é de agardar, na exposición e na manipulación que se derivan de traballos como por exemplo a minaría, a explotación de canteiras ou a extracción de lousa.

Aínda que o que denominamos como enfermidades profesionais é un concepto que xa vén de lonxe no dereito laboral, podemos citar a Lei de Bases de Enfermidades Profesionais do 13 de xullo de 1936 como a primeira das normas de ámbito estatal que se propuxo regular de forma específica as enfermidades derivadas da realización dunha actividade profesional por parte das persoas doentes, elaborando ademais unha lista de 21 enfermidades. Máis concretamente, a silicose é unha das enfermidades que conta cunha regulación específica fundamentada e acrecentada ao longo de décadas, por exemplo, por medio de Ordes Ministeriais como a do 9 de maio de 1962, 15 de abril de 1969, 30 de abril de 1973 e 30 de abril de 1977 en materia de prevención, diagnóstico e tratamento.

Porén, malia o aumento canto á regulación da seguridade laboral e do marco normativo para o recoñecemento da enfermidade profesional, continua habendo moitas necesidades na materia ao que se suma unha preocupante problemática arredor do



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/09/2017 11:51
Nº Rexistro: 15043
Data envío: 01/09/2017 11:51:01.636

recoñecemento das incapacidades que ten derivado nunha importante litixiosidade con respecto ao primeiro grado e ao non recoñecemento da incapacidade de non haber determinadas patoloxías engadidas e o inxusto da situación, contraria a dereitos elementais.

Neste marco, cómpre lembrar que a silicose é unha enfermidade incurábel e que non ten un tratamento definitivo. Por iso, a súa prevención, tanto pola incurabilidade como pola orixe no desenvolvemento dunha actividade profesional, é un factor absolutamente fundamental. Nese sentido ten avanzado a lexislación e os estudos ao abeiro do consolidado Instituto Nacional de Silicose de Oviedo, centro de referencia estatal para enfermidades profesionais. Porén, tendo en conta a importante incidencia da enfermidade no marco laboral galego, en comarcas por exemplo como Valdeorras ou O Condado e a dificultade que supón o desprazamento, é a toda luz ilóxico que Galiza non conte cunha unidade de referencia. Nunha enfermidade como esta é fundamental avanzar na socialización e atención de medidas preventivas, tamén de índole de prevención sanitaria e non só de riscos laborais, como é a realización de exames de saúde periódicos e o seguimento de potenciais enfermidades asociadas ou derivadas.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego considera que son necesarias actuacións para a atención ás persoas doentes de silicose e a mellora da prevención e atención da enfermidade en territorio galego, polo que se formulan as seguintes preguntas para a súa resposta oral na Comisión 5ª:

- Vai impulsar o goberno galego medidas específicas de apoio á prevención e atención en territorio galego das enfermidades respiratorias de orixe profesional como, por exemplo, a silicose?

- Considera o goberno galego que é suficiente a atención que reciben no noso país os e as traballadoras enfermos de silicose ou outras afeccións respiratorias propias de activades extractivas?



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/09/2017 11:51
Nº Rexistro: 15043
Data envío: 01/09/2017 11:51:01.636

- Ten avaliado o goberno galego a incidencia e evolución da enfermidade no noso país? Valora desenvolver estudos propios?

- Ten valorado o goberno galego a necesidade de establecer programas propios de investigación sobre as enfermidades respiratorias asociadas ás actividades extractivas en colaboración coas universidades e hospitais galegos?

- Que valoración fai o goberno galego do recoñecemento dos graos de silicose e das correspondentes incapacidades? Considera que está protexido o dereito á protección da saúde do traballador ou traballadora da industria extractiva?

Santiago de Compostela, 30 de agosto de 2017

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Ana Belén Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 01/09/2017 11:49:12

María Montserrat Prado Cores na data 01/09/2017 11:49:19



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/09/2017 11:51
Nº Rexistro: 15043
Data envío: 01/09/2017 11:51:01.636

Ana Pontón Mondelo na data 01/09/2017 11:49:21

Xose Luis Rivas Cruz na data 01/09/2017 11:49:22

Olalla Rodil Fernández na data 01/09/2017 11:49:24

Xosé Luis Bará Torres na data 01/09/2017 11:49:25



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/09/2017 11:51
Nº Rexistro: 15045
Data envío: 01/09/2017 11:51:28.121

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Montserrat Prado Cores, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz e Luis Bará Torres, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 1ª**, relativa ao papel da administración diante das propostas de legalización e normalización dos ventres de alugueiro.

Nos últimos tempos vimos asistindo a un maior protagonismo na palestra pública de debates arredor dos ventres de alugueiro, tanto a través dos medios de comunicación como a partir das declaracións públicas de representantes públicos, comunicados, mocións e outros tipos de manifestacións de opinión. Máis aínda, diversas entidades sociais así como organizacións políticas teñen feito o anuncio de inminentes propostas lexislativas, mesmo a través duna proposta de iniciativa lexislativa popular (ILP), impulsada por asociacións detrás das que se atopan intereses económicos claros (clínicas privadas, bufetes de avogacía...).

Desde o Bloque Nacionalista Galego entendemos que estamos diante dun escenario político e institucional non que é plausíbel que nun prazo non moi extenso de tempo se leve a debate a legalización e lexislación dunha forma de mercantilización do corpo da muller denominado co eufemismo de *xestación subrogada*. Neste contexto, entendemos que é importante que os foros políticos galegos deliberen a respecto desta cuestión.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/09/2017 11:51
Nº Rexistro: 15045
Data envío: 01/09/2017 11:51:28.121

Como consideración introdutoria, desde o Bloque Nacionalista Galego aseveramos que se trata dun debate profundo que atinxe aos máis elementais dereitos de dignidade das mulleres e desbotamos os intentos de limitar o debate ao terreo medicinal e á limitación do seu alcance a unha mera técnica de asistencia para a reprodución. Por outra banda, cómpre recordar que nesta cuestión, como en calquera outra das moitas que atinxen á vida das mulleres, non é alleo o contexto social e económico. Polo tanto, non podemos obviar nin analizar separadamente o feito de atopármonos nun momento de ofensiva capitalista que ten graves consecuencias sobre as clases populares do noso país e, máis aínda, sobre as mulleres, xa que as políticas neoliberais dos gobernos galegos e estatal así como as políticas mundiais e europeas inciden de forma fundamental á hora de perpetuar e aumentar as desigualdades e o mantemento do sistema patriarcal.

Neste sentido, falamos premeditadamente de *ventres de alugueiro* no lugar de empregar eufemismos como *maternidade subrogada* por que entendemos que detrás desta práctica agóchase a mercantilización dos corpos das mulleres. Máis aínda, neste contexto social e económico entendemos que é inevitábel que abra a porta a que moitas mulleres se vexan obrigadas polo seu contexto vital e social a desenvolver ese papel de incubadora e polo tanto, incorrer maioritariamente nunha terríbel desigualdade na relación contractual. O resultado esperado sería que persoas cunha determinada capacidade económica recibirían, achegando unha determinada contía, unha crianza xestada no ventre doutra muller dunha posición económica e/ou social inferior.

Mesmo internacionalmente, organismos nada sospeitosos de ser contrarios ao máis feroz capitalismo como o Parlamento Europeo advertiron desta nova forma de explotación das mulleres e da agresión que supón en termos de respecto aos dereitos



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/09/2017 11:51
Nº Rexistro: 15045
Data envío: 01/09/2017 11:51:28.121

humanos. Por exemplo, no seu *Informe anual sobre os dereitos humanos e a democracia no mundo (2014) e a política da Unión Europea ao respecto (2015/2229(INI))* indicando literalmente “a práctica da xestación por substitución, que é contraria á dignidade humana da muller, xa que o seu corpo e as súas funcións reprodutivas empréganse como unha materia prima” e tamén con contundencia que “debe prohibirse esta práctica que implica a explotación das funcións reprodutivas e a utilización do corpo con fins financeiros ou doutro tipo, en particular no caso das mulleres vulnerábeis nos países en desenvolvemento”.

Doutra banda, entendemos tamén que non se pode identificar o feito de ter descendencia biolóxica como un dereito e polo tanto non se pode superpoñer este interese particular á salvagarda xeral do ben común e da igualdade. Ademais, existen oportunidades como a adopción, que redunda tamén no cumprimento do dereito das crianzas a teren un fogar.

É habitual atopar entre os argumentos a favor deste procedemento o recurso ao “altruísmo”. Porén, adoita enmascarar outros intereses. Neste sentido, cómpre lembrar que non se pode decidir a regulación en base a casos específicos que puntualmente poidan situarse fóra da rede mercantil que existe neste ámbito e recordar a dificultade de dirimir con criterios obxectivos ese presunto altruísmo. Cómpre, xa que logo, evitar agochar nesta vía o grande perigo que supón a normalización e banalización dos ventres de alugueiro.

A orientación máis popular do debate vén xirando arredor do desexo da maternidade e paternidade biolóxicas e escúdase nas garantías legais de quen “contrata” este mecanismo. Nesta relación contractual, o papel da muller pasa a ser o de incubadora, despóxaselle de dignidade e sométese a prácticas abusivas durante a



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/09/2017 11:51
Nº Rexistro: 15045
Data envío: 01/09/2017 11:51:28.121

xestación e o parto, limitando a súa capacidade decisoria nun proceso que ten consecuencias que poden afectar á integridade persoal, emocional e física. De todos estes riscos e de terribes situacións dá cumprida conta calquera pesquisa polas hemerotecas.

Nada indica que a súa regulamentación puidera traer consecuencias positivas ou limitar todos estes riscos. Polo tanto, cómpre abandonar falsos debates legalistas e a actitude de política de feitos consumados que se vén practicando no Estado español. Trátase dun debate situado na dignidade das mulleres e na necesidade de rexeitar a cousificación e o mercadeo cos nosos corpos.

Por estas razóns fórmulanse as seguintes preguntas para a súa resposta oral na Comisión 1ª:

- Cal é a opinión do goberno galego diante das iniciativas que pretenden a explotación do corpo das mulleres por medio da práctica dos ventres de alugueiro?
- Ten elaborado ou vai elaborar o goberno galego algún estudo de impacto sobre as consecuencias que tería no noso país a legalización da práctica dos ventres de alugueiro?
- Ten contactado ou vai contactar o goberno galego co tecido feminista do noso país para testar a súa opinión sobre esta cuestión?
- Considera o goberno galego dissociábel a práctica dos ventres de alugueiro da explotación económica?



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/09/2017 11:51
Nº Rexistro: 15045
Data envío: 01/09/2017 11:51:28.121

- Valora o goberno galego desenvolver algún tipo de regulación que atinxa de forma directa ou indirecta esta práctica? En que termos?

- En que termos e por medio de que procedemento manifestará o goberno galego a súa opinión sobre este asunto?

Santiago de Compostela, 30 de agosto de 2017

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Montserrat Prado Cores

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Belén Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 01/09/2017 11:50:28

María Montserrat Prado Cores na data 01/09/2017 11:50:33

Ana Pontón Mondelo na data 01/09/2017 11:50:35



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/09/2017 11:51
Nº Rexistro: 15045
Data envío: 01/09/2017 11:51:28.121

Xose Luis Rivas Cruz na data 01/09/2017 11:50:36

Olalla Rodil Fernández na data 01/09/2017 11:50:37

Xosé Luis Bará Torres na data 01/09/2017 11:50:39



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/09/2017 12:05
Nº Rexistro: 15063

Data envío: 01/09/2017 12:05:31.257

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Luis Bará Torres, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**, relativa á necesidade de consolidación e intervención arredor da torre medieval de Sande no concello de Cartelle para a súa boa conservación.

No concello de Cartelle, na parroquia de Sande, atópase a coñecida como fortaleza ou torre de Sande, unha xoia medieval da nosa historia que se levanta sobre unha superficie rochosa erguéndose a máis de 500 metros de altura. Concibida para a vixilancia e o control das terras próximas, do mesmo xeito que outras torres conservadas en concellos próximos como é o caso de Sandiás, esta estrutura constitúe un dos vestixios de arquitectura de funcionalidade militar existentes na comarca, o que salienta a importancia desta na Idade Media.

A torre foi declarada como de Interese Turístico Nacional xa no 1949 e atópase tamén baixo a protección da Declaración xenérica do Decreto de 22 de abril de 1949 e da Lei nº 16/1985 sobre o Patrimonio Histórico Español. No ano 2009 a Consellería de Cultura prevía a consolidación e posta en valor das fortalezas e torres militares das comarcas da Limia, Verín e Terras de Celanova que tería incluído esta torre alén doutros espazos, porén non chegou a realizarse. Actualmente, esta construción recollida no Inventario xeral do patrimonio cultural de Galiza da Xunta con protección xurídica de declaración de Ben de Interese Cultural.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/09/2017 12:05
Nº Rexistro: 15063
Data envío: 01/09/2017 12:05:31.257

Malia estes recoñecementos e a importancia cultural, histórica e patrimonial da torre, actualmente atópase nun estado alarmante que require de intervención por parte das administracións. O seu acceso é complicado por mor da maleza e da superficie rochosa e ademais hai dúbidas canto á seguridade xa que o aspecto (especialmente unha fenda situada nun dos muros) parece indicar que a falta de coidado e intervención puido afectar negativamente á conservación da súa estrutura co paso do tempo e as incidencias metereolóxicas. Veciñanza e colectivos sociais da zona veñen demandando, polo tanto, que as administracións asuman a responsabilidade de levar a cabo as actuacións necesarias para a súa conservación, garantir a seguridade no seu acceso e contribuír a conservar a memoria colectiva da nosa historia e valorizar o papel dunha zona afectada polo despoboamento do rural.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para a súa resposta oral en comisión:

-Que actuacións vai levar a cabo a Xunta de Galiza para garantir a consolidación, conservación e accesibilidade da Torre de Sande en Cartelle?

-Coñece o Goberno galego é o actual réxime patrimonial da Torre de Sande? En caso de poder confirmar a Xunta de Galiza a súa pertenza a un propietario ou propietaria identificábel, ten previsto requirir desta persoa ou persoas responsabilidade patrimonial a respecto do estado do ben?

-Considera a Xunta de Galiza que ten cumprido coas súas obrigas canto á conservación do noso patrimonio?

-Ten avaliado o Goberno galego a idoneidade de planificar traballos de restauración e conservación para este ben?



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420, Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/09/2017 12:05
Nº Rexistro: 15063
Data envío: 01/09/2017 12:05:31.257

-Ten avaliado o Goberno galego a idoneidade de levar a cabo unha planificación para a valorización deste ben no marco da importancia da arquitectura militar e defensiva nesta zona para o aproveitamento cultural, histórico e turístico?

Santiago de Compostela, 1 de setembro de 2017

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Ana Belén Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 01/09/2017 12:04:10

María Montserrat Prado Cores na data 01/09/2017 12:04:17

Ana Pontón Mondelo na data 01/09/2017 12:04:18

Xosé Luis Rivas Cruz na data 01/09/2017 12:04:20

Olalla Rodil Fernández na data 01/09/2017 12:04:21



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420, Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/09/2017 12:05
Nº Rexistro: 15063

Data envío: 01/09/2017 12:05:31.257

Xosé Luis Bará Torres na data 01/09/2017 12:04:23

Á MESA DO PARLAMENTO

Antón Sánchez García, deputado do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión.**

Os datos do primeiro trimestre do 2017 mostran que o problema de exclusión do dereito a unha vivenda digna segue a ter unha magnitude enorme.

Durante ese período producíronse 684 desafiuzamentos o que supón un incremento dun 14% con respecto ao ano anterior.

Este drama ten raíces estruturais e ten que ver coa pobreza, co desemprego, os salarios baixos, a insuficiencia da protección social e cunhas políticas de vivenda que priorizaron a especulación e o negocio fronte ao dereito á vivenda.

Unha das eivas estruturais é a ausencia dun parque público de vivenda con alugueiros de carácter social, non só como instrumento para realoxar ás persoas con dificultades senón para equilibrar o mercado da vivenda.

A Xunta de Galiza a través do IGVS ten unha oferta de vivenda pública dunhas 3.000 vivendas, a todas luces insuficientes para ser un instrumento eficaz para facer fronte ás dificultades de todas as persoas con dificultades para poder desfrutar dunha vivenda en condicións dignas.

A adxudicación desas vivendas faise a través do Decreto 253/2007, do 13 de decembro de réxime xurídico do solo e das edificacións promovidas polo IGVS, que se basea nuns procesos administrativos nada sinxelos, podendo chegar a producir decepción e frustración polo tempo de espera que remata en moitas ocasións en renuncias ás vivendas por varias razóns que teñen que ver con como está deseñado o proceso de adxudicación principalmente.



Segundo nos consta existen tempos de espera moi longos e existen moitos casos de renuncias unha vez adxudicadas as vivendas.

Nunha fase inicial, prodúcese o sorteo coa participación de todas as persoas que reúnen os requisitos establecidos para poder formalizar a solicitude. A Comisión Provincial de Vivenda vai adxudicando por orde de lista entre eles, e neste momento do proceso, e non antes, a Comisión Provincial de Vivenda pode ter en conta as condicións familiares para adaptalas ás características da vivenda.

É posible que estas familias que quedaron seleccionadas mediante sorteo, rexeiten a vivenda adxudicada dado que non se adapta as súas características familiares e ao mesmo tempo, é posible que as que quedaron fóra do sorteo, si reuniran unhas características familiares que si se adecuaban ás vivendas. Polo tanto, podémonos atopar persoas que renunciando á vivenda por este motivo, levan anos inscritas no Rexistro sen poder acceder a unha vivenda.

Outro instrumento posto en marcha foi o Programa de Vivendas Baleiras, cun Convenio asinado entre o IGVS e a FEGAMP para os exercicios 2016, 2017, 2018 e 2019 cun orzamento de só 690.000 euros para as catro anualidades.

Ante a gravidade do problema dos desafiuzamentos en Galiza, é preciso avaliar a eficacia dos instrumentos que tentan paliar, e actuar en consecuencia.

Polo anteriormente exposto o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte pregunta en Comisión:

- 1) Cantas vivendas de promoción Publica propiedade do IGVS hai baleiras en Galiza?
- 2) Existen diferencias significativas entre concellos ou provincias?
- 3) Cales cree a Xunta de Galicia que son os motivos?



- 4) Cantas renuncias se producen ao ano unha vez sorteadas as vivendas de protección pública?
- 5) Por que considera que se producen ditas renuncias?
- 6) Cantas vivendas se están destinando ao alugueiro e cantas á compra?
- 7) Que criterio segue o IGUS neste caso para destinalas a unha categoría ou a outra?
- 8) Considera suficiente a provisión de vivenda pública do IGVS?
- 9) Está a incrementarse o parque público de vivenda en aluguer?
- 10) De ser así, cales son as cifras?
- 11) Teñen pensado mudar o Decreto 253/2007 de 13 de decembro de réxime xurídico do solo e das edificacións promovidas polo Instituto Galego da Vivenda e Solo?
- 12) Cantas vivendas están acollidas ao Programa de Vivendas Baleiras derivadas do convenio IGVS-FEGAMP?
- 13) Cantas persoas foron aloxadas nas vivendas acollidas a dito Programa de Vivendas Baleiras?

Santiago de Compostela, 1 de setembro de 2017.

Asdo.: Antón Sanchez García

Deputado do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:



Antón Sánchez García na data 01/09/2017 12:24:50

Á MESA DO PARLAMENTO

Manuel Lago Peñas, deputado do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 3.^a**

O Instituto Nacional de Estadística, INE, publicou o 27 de xuño de 2017 a denominada “Encuesta de Preguntas Familiares”, estatística na que se reflexa o gasto que realizan os fogares, distribuídos segundo diferentes variables, subministrando información de carácter anual sobre a natureza e o destino dos gastos de consumo das familias así como sobre diferentes características relativas ás condicións de vida dos fogares.

Unha parte desta información desagregase para as Comunidades Autónomas, o cal permite analizar cal foi a evolución do gasto en Galicia e tamén a súa evolución comparada no resto do Estado.

Os resultados para o último ano, o 2016, son moi negativos e preocupantes para o noso país, porque a evolución do gasto das familias é moito peor no noso caso que na media española.

En concreto, na primeira variable analizada, o gasto total realizado polo conxunto dos fogares, incrementouse o 3% de media no conxunto do Estado mentres que en Galicia a variación foi do 0%, isto é, permaneceu estancado.

Un dato moi preocupante porque este indicador reflicte a capacidade de gasto das familias e, polo tanto, aproxímanos ao nivel de vida real do fogares.



Que en España medre o gasto do conxunto dos fogares o 3% e que o gasto en Galicia se manteña estancado supón un grave retroceso que se fai máis evidente cando se compara co conxunto das CCAA do Estado.

Galicia está no furgón de cola, só por diante doutras dúas comunidades do norte do Estado, Asturias e Cantabria, e moi alonxada de comunidades como Baleares, que medra o 7%, Andalucía 6,6%, Murcia o 6,4% ou a Comunidade Autónoma de Madrid que experimentou un incremento do gasto dos fogares do 4,5%.

Unha segunda variable do análise é coñecer cal foi a evolución do gasto medio por fogar, o que permite eliminar os efectos na cifra global da variación no número de fogares.

Neste caso tamén os datos son moi preocupantes para o noso país: no ano 2016 o gasto medio por fogar en España incrementouse o 2,6% en comparación con 2015, mentres que en Galicia non só se incrementou senón que incluso caeu o -0,5%.

Este é sen dúbida un dato sobre o que reflexionar; que no 2016, o terceiro ano da denominada recuperación, o gasto medio dos fogares caía en relación ao ano 2015, pon en cuestión o discurso triunfalista da saída da crise.

A terceira variable que estuda o INE é o gasto medio por persoa, para corrixir o impacto da evolución demográfica, que ten un dato negativo para o noso país en coherencia co datos anteriores.

O gasto medio por persoa en Galicia no 2016 aumentou o 0,3% mentres que na media do Estado o incremento foi do 3%. Dito doutro xeito, en 2016 o incremento do gasto medio por persoa en España multiplicou por dez veces o de Galicia.

Ante esta evolución tan negativa dunha variable tan relevante como é o gasto dos fogares, verdadeira medida do nivel de consumo das familias, o Grupo



Parlamentar de En Marea presenta as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

- 1.^a) Como explica a Xunta de Galicia que en 2016 o gasto total dos fogares se incrementase o 3% en España mentres que permaneceu estancando en Galicia, cun 0% de variación?
- 2.^a) Por que Galicia está no pelotón de cola de todas as CCAA do Estado, só por diante de Asturias e Cantabria?
- 3.^a) Que razóns explican que haxa Comunidades Autónomas nas que o gasto das familias se incrementa o 7% mentres que no noso país o gasto se estanca?
- 4.^a) Por que o custo medio por fogar en Galicia cae o 0,5% en 2016 mentres que se incrementa o 2,6% de media no Estado e hai comunidades como Baleares na que se incrementa o 6,7%, Andalucía o 6,1%, Murcia o 6,0% ou a Comunidade Valenciana o 6%?
- 5.^a) Como explica a Xunta de Galicia que no terceiro ano do ciclo alcista do ciclo económico que empezou en 2014 caía o gasto medio dos fogares, isto é, que o consumo das familias non só non medre senón que caía?
- 6.^a) Como explica a Xunta que o gasto medio por persoa en España se incrementase dez veces máis que en Galicia no 2016?
- 7.^a) Como se pode chamar recuperación ou dicir que xa saímos da crise se en 2016 o gasto dos fogares, medido no seu conxunto ou en valores medios por fogar ou persoa, se mantén estancado ou mesmo se reduce?

Santiago de Compostela, 1 de setembro de 2017.



Asdo.: Manuel Lago Peñas

Deputado do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Lago Peñas na data 01/09/2017 12:26:57

Á Mesa do Parlamento

Manuel Lago Peñas, deputado do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 3.^a**

O Banco de España publicou o seu informe trimestral sobre a débeda das administracións públicas referido o primeiro trimestre de 2017. Un informe que ten desagregación polos diferentes niveis de goberno e que proporciona os datos de como evolucionou a débeda das comunidades autónomas.

Os datos do primeiro trimestre de 2017 son moi preocupantes para Galicia porque a débeda pública rexistrada no Banco de España medrou en 728 millóns de euros nos tres primeiros meses de 2017, cifra que se eleva ata os 941 millóns de euros si a comparamos co mesmo trimestre de 2016.

A consecuencia deste elevado endebedamento do último trimestre é que a débeda pública en Galicia acada o seu máximo valor histórico con 11.582 millóns de euros, a primeira vez que se supera a barreira dos once mil millóns.

Pero hai algo aínda máis relevante e negativo: Galicia é a Comunidade Autónoma que ten a peor evolución, tanto en termos trimestrais como interanuais.

Nos tres primeiros meses de 2017 a débeda pública do resto das comunidades autónomas, excluída Galicia, medrou o 0,6% mentres que aquí o incremento foi do 6,7%. Facendo a comparación, a débeda medra en Galicia o 1.100% máis que na media do resto das CC.AA.

De feito a evolución da débeda galega é determinante na evolución do conxunto do Estado: mentres que o resto das CC.AA incrementou o endebedamento no seu conxunto en 1.637 millóns de euros en Galicia o aumento foi de 728 millóns de



euros, de forma que un de cada tres euros nos que se endebedaron as CC.AA. correspondese con Galicia.

É certo que ao tratarse dun período tan curto pode estar condicionado por algún fenómeno estacional ou conxuntural. O problema para nós é que a situación non mellora cando se utiliza un exercicio económico completo: nos doce meses que van dende o primeiro trimestre de 2016 ao mesmo período de 2017 Galicia é a segunda comunidade autónoma onde máis medrou a débeda, só por detrás de Estremadura.

Isto é un dato tan preocupante como contraditorio co discurso da Xunta sobre o estrito control do déficit é o presunto equilibrio das contas públicas galegas.

Porque non é fácil explicar como é posible ser a comunidade na que máis medra a débeda con ser ao mesmo tempo a que ten un menor déficit: a débeda non é máis que o financiamento do déficit público e se a débeda se incrementa en Galicia máis que en ningunha outra comunidade autónoma non pode ser que esteamos entre as que teñen menos déficit.

Os datos do primeiro trimestre do ano 2017 tamén poñen en cuestión as previsións e os obxectivos dos orzamentos da Xunta de Galicia para o 2017. As contas aprobadas inclúen unha previsión de endebedamento de 422,5 millóns de euros para todo o exercicio. Poren, en tan só tres meses a débeda incrementouse en 728 millóns de euros, case o dobre nun trimestre que todo o previsto no ano completo.

Por todo o dito, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta as seguintes preguntas para a súa reposta oral en Comisión:

1.ª) Como explica a Xunta que Galicia siga incrementando a súa débeda publica rexistrada no Banco de España ata superar os 11.500 millóns de euros, a cifra máis alta da nosa historia?



- 2.^a) Como explica a Xunta que a débeda pública de Galicia se incrementa 10 veces máis que a media do resto das CC.AA. no primeiro trimestre de 2017?
- 3.^a) Como explica a Xunta que a débeda pública de Galicia se incrementa practicamente o dobre que a media do estado nos últimos doce meses con datos coñecidos?
- 4.^a) Como explica a Xunta que Galicia sexa a comunidade autónoma na que máis medrou a débeda nos tres primeiros meses de 2017 entre as 17 que conforman o Estado?
- 5.^a) Como explica a Xunta que Galicia sexa a segunda comunidade autónoma na que máis medrou a débeda en termos interanuais, so por detrás de Estremadura?

Santiago de Compostela, 1 de setembro de 2017.

Asdo.: Manuel Lago Peñas,

Deputado do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Lago Peñas na data 01/09/2017 12:38:03

Á MESA DO PARLAMENTO

Manuel Lago Peñas, Antón Sánchez García e Luís Villares Naveira, deputados do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 3.^a**, sobre os novos datos de beneficios coñecidos de Abanca.

Os resultados contables do exercicio 2016 de Abanca veñen a demostrar o que En Marea leva tempo dicindo: todo o proceso de liquidación, fusión, bancarización e posterior liquidación e venda das Caixas Galegas foi unha estafa. Unha enorme estafa ao pobo galego tramada dende a oligarquía financeira estatal, coa inevitable axuda dos poderes públicos, tamén da Xunta de Galicia: en tan só tres anos a entidade, privatizada de forma precipitada e por baixo do seu prezo, acadou beneficios equivalentes ao 180% do seu prezo de venda.

Escotet fixo un negocio redondo: comprou unha entidade –rescatada con cartos públicos (9.600 millóns)– por apenas 1.003 millóns, dos que só se pagaron 400 no momento inicial, e nos tres primeiros anos acadou un beneficio de 1.820 millóns de euros. Todo grazas as decisións das administracións deste país dirixidas polo Partido Popular. Unha estafa pagada por todos e todas xa que recibiu cartos públicos para ser regalada posteriormente.

Con estes datos resulta unha evidencia que a Caixa estaba mal valorada para permitir entregar este negocio multimillonario á elite financeira internacional.

Os beneficios obtidos de 336 millóns de euros en 2016, non teñen que ver cun novo modelo de negocio, nin con novas formas de facer: estes beneficios xa



estaban no seu balance, dende os seus créditos fiscais, as súas participacións en empresas, e por contar co 40% dos aforros dos galegos.

Os enormes beneficios acadados, a valoración actual da entidade e a súa capacidade para xerar resultados positivos, demostra que na operación de liquidación das caixas de aforro asistimos a unha trama de descrédito destas entidades que debe e merece ser investigada de forma contundente para depurar responsabilidades penais e políticas.

Porque un banco que en apenas 3 anos duplica en beneficios o prezo de compra non seguiu sendo unha entidade en mans públicas? Como se explica a súa prematura venda a prezo de saldo?.

Cada día é máis evidente a campaña de descrédito organizada sobre as Caixas de aforro en xeral, e das galegas en particular, para permitir esta operación de beneficios multimillonarios para o sector privado, pero de enormes perdas de fondos públicos e para eliminar as Caixas e privatizar os aforros dos galegos e galegas. Os datos de exclusión financeira, de dificultades de acceso ao crédito, de expulsión do aforro galego cara outros territorios pon en evidencia a necesidade dunha banca galega pública que permita reactivar os nosos sectores produtivos e axudar ao emprendemento e ás familias do país.

É paradóxica a situación de beneficios de Abanca, imposible si a situación anterior fose tan dramática como se deu en reafirmar, fronte as dificultades que están a pasar entidades bancarias nestes intres.

Polo exposto o Grupo Parlamentar de **En Marea**, formula a seguinte **Pregunta para resposta oral en Comisión:**



- Perante os beneficios presentados por Abanca para o exercicio 2016, que opinión ten o Goberno galego da estafa que supuxo a privatización das Caixas e a precipitada venda, a prezo de saldo, da entidade rescatada?

Santiago de Compostela, 1 de setembro de 2017.

Asdo.: Manuel Lago Peñas

Antón Sánchez García

Luís Villares Naveira

Deputados do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Lago Peñas na data 01/09/2017 12:50:59

Antón Sánchez García na data 01/09/2017 12:51:03

Luis Villares Naveira na data 01/09/2017 12:51:11



Á MESA DO PARLAMENTO

Manuel Lago Peñas e Antón Sánchez García, deputados do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**.

O Consello de Contas realizou un informe sobre a fiscalización dos Fondos de Compensación Interterritorial.

Un dos focos de atención deste informe é aquel que está relacionado coa xestión que realiza a Xunta de Galicia sobre ditos Fondos. Deste xeito, obsérvase un considerable desaproveitamento dos recursos derivados do FCI así coma tamén, una falta de transparencia na xestión dos mesmos.

Polo anterior, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta as seguintes preguntas:

1. Cales son as causas de que o nivel de execución sexa o indicado no informe?
2. Cal é o motivo que conduciu o volume de remanentes existentes no 2014?
3. A que se debe a falta de transparencia na xestión do FCI?
4. Por qué non se realiza unha xustificación do total dos Fondos recibidos ante a Administración Central?

Santiago de Compostela, 1 de setembro de 2017.

Asdo.: Manuel Lago Peñas

Antón Sánchez García

Deputados do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Lago Peñas na data 01/09/2017 12:41:39

Antón Sánchez García na data 01/09/2017 12:41:56



Á MESA DO PARLAMENTO

Manuel Lago Peñas e Antón Sanchez García, deputados do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 3.^a**

O 22 de febreiro fíxose público o resultado dunha investigación feita pola Comisión Nacional do Mercado de Valores (CNMV) sobre as prácticas das entidades bancarias no conxunto do Estado e, polo tanto, tamén no noso país.

Os elementos máis destacados do citado informe son os seguintes:

A actuación dirixiuse a unha mostra representativa de entidades que aglutinan ao redor do 50% das sucursais bancarias. Entre os meses de setembro a novembro, realizáronse un total de 450 visitas, simuladas por 179 “clientes misteriosos” en 20 grandes poboacións distribuídas por todo o territorio nacional.

O exercicio permitiu identificar algunhas das debilidades das prácticas comerciais das entidades analizadas.

Detectouse que con frecuencia fórmulanse verbalmente recomendacións implícitas que son percibidas como asesoramento polos clientes.

Isto vén a confirmar a percepción obtida pola CNMV na súa experiencia supervisora de que en ocasións préstase un verdadeiro servizo de asesoramento sen que o cliente o advirta con claridade e sen que as propias entidades o clasifiquen ou o recoñezan como tal e, en consecuencia, apliquen as regras propias do mesmo.

A CNMV estima que as entidades deben implementar procedementos de formación e de transmisión de información e instrucións á súa rede comercial,



incluíndo os controis oportunos, para minimizar o risco de que o servizo de asesoramento en materia de inversión se preste de maneira inadvertida e non recoñecida. En particular deberían transmitir instrucións claras ao persoal da rede comercial para que este sexa especialmente coidadoso nas conversacións mantidas con clientes non asesorados.

O exercicio realizado puxo de manifesto unha grande concentración da oferta de produtos en fondos de investimento. En aproximadamente o 90% das visitas a oferta inicial incluíu fondos de inversión. Respecto deste feito pode destacarse o seguinte :

- Con frecuencia, as entidades entregaron fichas comerciais en lugar de facilitar os Documentos de Datos Fundamentais para o Inversor (DFI). En algúns casos, ditas fichas comerciais non reflectían correctamente todos os datos fundamentais sobre o produto recollidos no DFI ou facíano de forma imprecisa e incorrecta e, aínda que incluísen as mesmas advertencias para o inversor que se destacan nos DFI, a forma de presentalas (pé de páxina, letra pequena, etc) ninusvalorábaas.

A totalidade dos fondos ofrecidos foron fondos xestionados polo propio grupo da entidade correspondente. Isto, unido ao risco antes mencionado de recomendacións verbais implícitas, fan necesario recordar o deber de xestionar axeitadamente os conflitos de intereses no contexto da comercialización de produtos.

Outros aspectos que puxeron de releve deficiencias na información ofrecida verbalmente aos clientes durante a actividade de comercialización, previa á prestación de servizos de inversión e que aconsellan que as entidades analicen e reforcen os procedementos empregados para a transmisión de información aos clientes minoristas, foron os seguintes:



- Insuficiente información verbal con respecto ás comisións, custes e gastos aplicables aos instrumentos ofertados.
- Durante a explicación oral da natureza dos instrumentos financeiros ofertados, con certa frecuencia fíxose fincapé nas vantaxes dos mesmos facendo unha insuficiente referencia aos seus riscos, o que supuxo unha presentación pouco equilibrado do produto. Adicionalmente, en ocasións, cando o persoal comercial anticipou verbalmente ao cliente simulado que o produto ofertado podía non resultar conveniente minusvalorouse este feito restándolle importancia.

As normas de conduta do mercado de valores establece un deber xeral de información por parte das entidades prestadoras de servizos de inversión aos seus clientes. Os clientes minoristas, en particular, deben ser adecuadamente informados, debendo ser a información que se lles facilite, incluída a verbal, imparcial, clara e non enganosa, sen que poida destacarse os beneficios potenciais dos instrumentos ofertados sen detallar tamén, de forma equilibrada, os seus riscos.

Ata aquí o Informe da CNMV. Diante dos graves feitos que reflicte este informe, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta as seguintes preguntas:

- 1.^a) É coñecedora a Xunta de Galicia se estas prácticas se producen nas entidades financeiras en Galicia?
- 2.^a) Púxose en contacto a Xunta de Galicia coa CNMV para interesarse sobre esta información e as repercusións que poidan ter sobre os clientes galegos das entidades bancarias?
- 3.^a) Vai facer algo a Xunta de Galicia para protexer os dereitos das cidadáns e cidadás diante do oligopolio financeiro?



4.^a) Ten previsto tomar algunha iniciativa diante das entidades financeiras para evitar que estas prácticas se sigan producindo?

Santiago de Compostela, 1 de setembro de 2017.

Asdo.: Manuel Lago Peñas

Antón Sánchez García

Deputados do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Lago Peñas na data 01/09/2017 12:40:11

Antón Sánchez García na data 01/09/2017 12:40:16



Á Mesa do Parlamento

Manuel Lago Peñas e Antón Sánchez García, deputados do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 3.^a.

O Informe de fiscalización dos Fondos de Compensación Interterritorial do exercicio 2014, realizado polo Consello de Contas, reflicte unha evolución moi negativa da aportación de recursos do FCI a Galicia.

Cae a cifra global do FCI e baixa a participación de Galicia na distribución do mesmo entre CCAA, o que se traduce nunha perda de relevancia deste mecanismo fundamental para acadar o reequilibrio territorial.

Polo anterior, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta as seguintes preguntas:

- 1.^a) Que opinión ten a Xunta de Galicia sobre a evolución dos fondos que recibe do FCI?
- 2.^a) Que opinión ten sobre a enorme redución da cifra global do FCI no conxunto do Estado?
- 3.^a) Cales son as razóns de que baixe a porcentaxe de participación de Galicia no FCI?
- 4.^a) Que vai facer para corrixir a situación?

Santiago de Compostela, 1 de setembro de 2017.



Asdo.: Manuel Lago Peñas

Antón Sánchez García

Deputados do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Lago Peñas na data 01/09/2017 12:43:10

Antón Sánchez García na data 01/09/2017 12:43:17

Á MESA DO PARLAMENTO

Manuel Lago Peñas, deputado do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 3.^a**

Os datos estatísticas indícanos que Galicia está sufrindo un intenso proceso de exclusión financeira que afecta a dúzias de concellos e miles de persoas, un proceso que de forma paralela se da no conxunto do Estado. Segundo o artigo académico titulado “El acceso a los servicios bancarios en España. El impacto de la reducción del número de oficinas” e elaborado polo Ivie, no 2015 había en España 1.127.853 habitantes (o 2,6% do total) sen acceso a unha sucursal bancaria no seu municipio de residencia. No caso galego, dita poboación superaba as 61.000 persoas, o que equivale aproximadamente o 2,2% do total. Destaca o caso de Ourense con 30.313 persoas que non teñen acceso a ningunha oficina bancaria no seu Concello.

Cando nos centramos no número de Concellos que viron desaparecer as oficinas bancarias, segundo o informe sinalado no parágrafo anterior, acadaron os 41. Así, a provincia da Coruña mantiña 11 concellos sen oficinas bancarias, Lugo 4, Ourense 25 e Pontevedra 1. Son datos que se corresponden a 2015 e, polo tanto, non permiten coñecer a situación real do proceso de exclusión financeira que se agravou dende entón.

Ben é certo que durante os últimos anos da fase de expansión económica, 2006-2009, en Galicia, o número de oficinas bancarias superaban as 2.500. Mais a partir do 2009, e coincidindo co proceso de reestruturación bancaria que implicou a bancarización das caixas de aforro, o número de oficinas bancarias na nosa Comunidade Autónoma comezou a decrecer moi intensamente. Deste xeito



a comezo do 2017, Galicia contaba con 1.599 oficinas, una redución do 36% en 8 anos. Para poder comprender a dimensión de tal fenómeno, pódese indicar que en 1978, existían en Galicia 1.668 oficinas bancarias isto é, 69 oficinas máis que na actualidade. A este fenómeno habería que engadirlle a perda de emprego xerado, que dende que comezou o proceso de reestruturación bancaria está cuantificado en 6.000 traballadores menos no sector.

O exposto anteriormente deriva pois nun proceso de exclusión financeira coas súas correspondentes consecuencias sociais e económicas. O acceso ao mercado financeiro supón un aspecto clave na vida económica dos cidadáns e na dinamización do sistema produtivo, polo que a exclusión financeira pode fomentar a marxinalización de diferentes grupos sociais e, polo tanto, promover o empobrecemento dun territorio. O acceso o sistema financeiro, sen ningún tipo de exclusión, debe ser un dereito para toda a poboación e a privación de tal dereito supón o empeoramento das condicións de vida para dita poboación.

Como se dixo, os datos utilizados refírense ao final de 2015, pero a exclusión financeira seguiu medrando ata o día de hoxe, polo que o Grupo Parlamentario de En Marea presenta as seguintes preguntas:

- 1.^a) Cantos Concellos en Galicia non teñen actualmente ningunha oficina bancaria?
- 2.^a) Cantas persoas viven en concellos que non teñen actualmente ningunha oficina bancaria?
- 3.^a) Cantos Concellos en Galicia contan exclusivamente cunha soa oficina bancaria e, polo tanto, se atopan nunha situación de monopolio financeiro?

- 4.^a) Cantas persoas viven en concellos nos que existe unha soa oficina bancaria atopándose, polo tanto, nesa situación de monopolio financeiro extremo?
- 5.^a) Nos concellos onde soamente existe unha oficina bancaria, a que entidade financeira pertence?
- 6.^a) Cantos concellos e cantas persoas na provincia da Coruña están en situación de exclusión financeira por non ter ningunha oficina bancaria?
- 7.^a) Cantos concellos e cantas persoas están na provincia de Pontevedra en situación de exclusión financeira por non ter ningunha oficina bancaria?
- 8.^a) Cantos concellos e cantas persoas están na provincia de Lugo en situación de exclusión financeira por non ter ningunha oficina bancaria?
- 9.^a) Cantos concellos e cantas persoas están na provincia de Ourense en situación de exclusión financeira por non ter ningunha oficina bancaria?
- 10.^a) Cantos concellos e cantas persoas contan na provincia de Coruña só cunha oficina bancaria e, polo tanto, se atopan nunha situación de monopolio financeiro extremo?
- 11.^a) Cantos concellos e cantas persoas contan na provincia de Pontevedra só cunha oficina bancaria e, polo tanto, se atopan nunha situación de monopolio financeiro extremo?



12.^a) Cantos concellos e cantas persoas contan na provincia de Lugo só cunha oficina bancaria e, polo tanto, se atopan nunha situación de monopolio financeiro extremo?

13.^a) Cantos concellos e cantas persoas contan na provincia de Ourense soamente cunha oficina bancaria e, polo tanto, se atopan nunha situación de monopolio financeiro extremo?

14.^a) Cales son os efectos da exclusión financeira sobre a dinamización do entorno rural de Galicia?

15.^a) Que consecuencias xera a exclusión financeira sobre a dinámica demográfica?

16.^a) Cal é a estratexia da Xunta para tratar de reverter o proceso de exclusión financeira que se está dando en Galicia?

17.^a) Pensa a Xunta que as novas ferramentas tecnolóxicas poden compensar o proceso de peche de oficinas bancarias tendo en conta que a poboación que emprega a banca online en Galicia está por debaixo da media española?

18.^a) Cal é a porcentaxe de poboación galega actualmente que non ten acceso a internet no entorno rural e, polo tanto, non pode acceder á banca electrónica?

19.^a) Cre a Xunta que a maioría da poboación que se atopa nos concellos afectados pola desaparición de oficinas financeiras, ten o coñecemento suficiente para empregar a banca electrónica?



20.ª) Cal é a relación, segundo a Xunta, entre o proceso de oligopolización bancaria e a exclusión financeira que se está dando nunha gran parte do territorio?

Santiago de Compostela, 1 de setembro de 2017.

Asdo.: Manuel Lago Peñas

Deputado do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Lago Peñas na data 01/09/2017 12:45:55

Á Mesa do Parlamento

Manuel Lago Peñas e Antón Sánchez García, deputados do Grupo parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 3.^a**

A enquisa de custo laboral publicada polo IGE para o cuarto trimestre de 2016 presenta un resultado tan sorprendente como preocupante: o salario en Galicia diminuíu un 0,3% en comparación co mesmo trimestre do 2015. Isto é, os salarios están baixando en termos nominais e, polo tanto, perdendo poder adquisitivo.

A conclusión é evidente: a macroeconomía vai ben pero á xente vaille peor. O custo salarial ordinario, que nos aproxima ao salario bruto mensual dunha persoa asalariada, remata o 2016 en 1.438 euros, unha cifra inferior a do cuarto trimestre de 2015, pero tamén por baixo da de 2014, da de 2013, da de 2012 e da de 2011.

Para que se entenda ben, aínda sen ter en conta a evolución dos prezos, o salario nominal de 2016 está por baixo do de 2011.

Segundo o discurso oficial, a economía galega está en recuperación dende o ano 2014, de tal forma que o 2016 sería o terceiro ano de recuperación, cunha taxa de variación do PIB superior ao 3%. Poren, os salarios non só non medran, senón que se reducen, en termos nominais e moito máis en termos reais.

Tendo en conta esta evolución dos salarios, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta as seguintes preguntas:

1.^a) Como explica a Xunta de Galicia que os salarios caeran en Galicia no 2016?



- 2.^a) Como explica a Xunta de Galicia que a devaluación salarial sufrida no 2016 fose máis intensa aquí que na media do Estado?
- 3.^a) Considera a Xunta de Galicia que se pode chamar recuperación a un modelo de crecemento que deprime os salarios, que é a fonte de ingresos do 90% das persoas que participan na actividade económica?
- 4.^a) Ata cando considera a Xunta de Galicia que vai continuar a devaluación salarial?
- 5.^a) Reducir os salarios é unha estratexia premeditada do Goberno ou só é unha mostra da súa incapacidade para trasladar o crecemento do PIB ao benestar da maioría social?
- 6.^a) Que lle parece á Xunta de Galicia que os salarios nominais en 2016 estean por baixo dos de 2011?
- 7.^a) Cales van ser as consecuencias da caída dos salarios reais sobre o cadro macroeconómico, isto é, sobre o crecemento do PIB ou nos ingresos tributarios vinculados tanto á renda das persoas como ao consumo?

Santiago de Compostela, 1 de setembro de 2017.

Asdo.: Manuel Lago Peñas

Antón Sánchez García

Deputados do G.P. de En Marea.



Asinado dixitalmente por:

José Manuel Lago Peñas na data 01/09/2017 12:33:19

Antón Sánchez García na data 01/09/2017 12:33:23

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Noela Blanco Rodríguez, Raúl Fernández Fernández, José Antonio Quiroga Díaz e José Manuel Pérez Seco, deputada e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7ª.

Ás xeadas de abril, que arrasaron boa parte dos viñedos de Ourense, e a forte seca que está poñendo nunha situación crítica aos gandeiros, sumáronselles agora as fortes tormentas do pasado 27 de agosto cando o pedrazo volveu caer afectando a varias comarcas desta provincia. Ás perdas ás que terán que facer fronte os viticultores, que as organizacións agrarias calculan xa que ascenderán a máis de catorce millóns de euros, hai que engadirlle que en moitos casos este ano non terán ningún ingreso, e si un incremento dos gastos de entre un 10 e un 15 % para coidar a segunda brotación das vides tralas xeadas.

Pero a difícil situación económica para o agro da provincia de Ourense esténdese tamén á zona de montaña, onde as tres principais producións (castaña, gandería de carne e apicultura) víronse afectadas tamén este ano como consecuencia das xeadas e da forte seca.

Ante esta situación a deputada e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Ten previsto levar a cabo o Goberno galego un estudo das perdas ocasionadas polos danos que as extremas condicións climatolóxicas deste ano ocasionaron no agro da provincia de Ourense, ser for o caso, cando se vai levar a cabo o dito estudo?

2ª) Que medidas ten previsto poñer en marcha o Goberno galego para paliar as perdas actuais e os danos a longo prazo, ocasionados polas extremas condicións climatolóxicas deste ano no agro da provincia de Ourense?

Grupo Parlamentario

3ª) Vai o Goberno galego poñer en marcha axudas directas por superficie para os viticultores afectados?

Partido dos
Socialistas
de Galicia

4ª) Ten previsto o Goberno galego a poñer en marcha axudas directas para os produtores de castaña da provincia de Ourense afectados?

5ª) Contempla o Goberno galego a posibilidade de poñer en marcha axudas directas para os apicultores da provincia de Ourense afectados?

6ª) Vai o Goberno galego a poñer en marcha axudas directas para os gandeiros de Ourense afectados?

7ª) Ten previsto o Goberno galego solicitar ao de España a declaración de zona catastrófica nos concellos afectados polos devastadores efectos da sarabia?

8ª) Que medidas puxo en marcha durante este ano o Goberno galego para loitar contra a seca na provincia de Ourense?

Pazo do Parlamento 1 de setembro de 2017

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 01/09/2017 12:59:18

Raúl Fernández Fernández na data 01/09/2017 12:59:24

José Antonio Quiroga Díaz na data 01/09/2017 13:00:13

Jóse Manuel Pérez Seco na data 01/09/2017 13:00:35

Á MESA DO PARLAMENTO

Luís Villares Naveira, Marcos Cal Ogando e Antón Sánchez García, deputados do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do artigo 156 do Regulamento desta Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2.^a**.

Nos arredores da Illa de Toralla, en Vigo, atopáronse milleiros de cabalóns mortos, unha especie parecida á xarda, nunha zona de grande valor ecolóxico e de augas limpas, nas que practicamente é imposible este tipo de mortalidade.

O biólogo Manuel E. Garci atopou este achado cando facía mergullo, e explica que isto terá importantes consecuencias na zona pola grande cantidade de peixe morto no leito mariño e porque as bacterias que o descompoñen precisarán de grandes doses de osíxeno para a súa completa degradación.

Por todo o exposto o grupo parlamentar EN MAREA presenta as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

- 1.- Ten a Xunta coñecemento deste caso? Que medidas se levarán a cabo para a inmediata recuperación da zona?
- 2.- Que motivos hai detrás desta mortalidade masiva de cabalóns? Pensa a Xunta que algún barco os abandonou alí despois de pescalos? Que tipo de sancións hai establecidas para estes casos?
- 3.- Que medidas de saneamento da zona se poñerán en marcha para limpar o ecosistema existente na Illa de Toralla e os seus arredores? Consultaranse as diferentes medidas aos expertos? Ou ben, polo contrario non se pensa facer nada sendo o propio medio o que degrade e faga a labor de recuperación de xeito autónomo?



4.- Que actuacións se pretenden levar a cabo para que non se repitan este tipo de situacións?

Santiago de Compostela, 1 de setembro de 2017.

Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 01/09/2017 13:29:26

Marcos Cal Ogando na data 01/09/2017 13:29:34

Antón Sánchez García na data 01/09/2017 13:29:45

Á MESA DO PARLAMENTO

Antón Sánchez García, deputado do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa reposta oral na Comisión 2.ª**.

Recentemente rematou o período de exposición pública do Estudo de Impacto Ambiental Simplificado da Planta de valorización e almacenamento de residuos industriais e urbanos non perigosos na parroquia de Oseiro, no concello de Arteixo.

É un máis dos diversos proxectos de plantas de tratamentos de residuos industriais que se están a promover en Galiza e que teñen en común que procuran ubicacións que maximicen os beneficios empresariais pero que, pola contra, non teñen as condicións necesarias suficientes para garantir a protección ambiental e o benestar das persoas.

Neste caso as características da planta fan necesario, como mínimo, que a avaliación ambiental sexa ordinaria e non simplificada.

O documento da empresa presenta numerosas deficiencias:

a) Á vista do contido do documento ambiental presentado pola entidade promotora, Gesmaga, é claro que o mesmo NON se axusta aos mínimos esixidos polo art. 45 da Lei 21/2013, porque presenta un estudo insuficiente de alternativas e non consideración das mesmas respecto dos Plans de xestión de residuos, por exemplo, non contempla a que, de acordo cos Plans de xestión de residuos actualmente vixentes, sería a mellor alternativa, a de empregar as instalacións actualmente existentes.

- b) Na identificación da ubicación do proxecto e nas distancias aos núcleos de poboación sinalando distancias maiores das que realmente existen.
- c) Omisións respecto da compatibilidade urbanística. Insuficiente e deficiente información sobre dotación e suficiencia de servizos, existentes ou previstos, tanto de accesos, como de saneamento ou abastecemento de auga.
- d) Non se menciona o impacto territorial e paisaxístico do proxecto, incluído o dunha edificación a construír.
- e) Nas medidas correctoras tanto para a xeración de ruído, pó ou da paisaxe e impacto na poboación próxima.

A Lei 21/2013, de 9 de decembro de avaliación ambiental permite, segundo o seu artigo 45.4, non admitir o Estudo por ser, o documento presentado, manifestamente inviable dende o punto de vista ambiental ou por carecer dunha mínima calidade na súa elaboración, e é o que debeu de ter feito o órgano ambiental.

A xeralización de situacións similares, en proxectos similares, debe facernos reflexionar sobre a necesidade de revisar a planificación para procurar unha maior racionalidade na implantación das plantas de tratamentos de residuos polo territorio, e a menor afección posible á paisaxe, ao medio ambiente e ao benestar da poboación, a través da revisión dos Plans de Residuos vixentes.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta as seguintes Preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

1) Considera a Consellería de Medio Ambiente e ordenación do territorio que o proxecto **Planta de valorización e almacenamento de residuos industriais e urbanos non perigosos na parroquia de Oseiro, no concello de Arteixo**, debe someterse a unha avaliación de impacto ambiental ordinaria por ter efectos significativos sobre o medio ambiente?



2) Pensa que é necesario, debido á proliferación de casos semellantes a éste, que se revisen os Plans de Residuos para mellorar os aspectos medioambientais, paisaxísticos, urbanísticos e de dotación de infraestruturas na instalación deste tipo de plantas, racionalizando a súa presenza no territorio?

Santiago de Compostela, 1 de setembro de 2017.

Asdo.: Antón Sanchez García

Deputado do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Antón Sánchez García na data 01/09/2017 13:45:37



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/09/2017 10:32
Nº Rexistro: 15169

Data envío: 04/09/2017 10:32:39.615

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Luis Bará Torres, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª**, relativa ás deficiencias na xestión das probas de TAC no Hospital de Ourense

O progresivo desmantelamento na sanidade pública por causa das decisións políticas e económicas do Partido Popular e da Xunta de Galiza ten causado unha forte resposta popular e denuncias das persoas usuarias que foron botando luz sobre o que significaron na práctica os progresivos recortes en materia de persoal e servizo ilustrándoos con casos e exemplos concretos, preocupantes e que distan moito de ser illados ou anecdóticos. Neste sentido, por medio de redes sociais, internet, radios, televisión e prensa escrita e dixital fomos coñecendo diferentes situacións ante as denuncias de moitas persoas que conseguiron dar a coñecer o seu caso ou de persoas da súa contorna por estes medios diante da desatención da Administración e da gravidade ou clamor da súa situación.

De entre todos os servizos danados pola política sanitaria do goberno galego resultan especialmente graves aqueles que teñen que ver co tratamento do cancro, unha enfermidade de grande incidencia e na que o tempo e a vixilancia constitúen un elemento fundamental. Malia ser a oncoloxía unha especialidade teoricamente primada no funcionamento da rede sanitaria, numerosas denuncias de persoas usuarias e organizacións de pacientes teñen alertado de inadmisíbeis esperas no complexo hospitalario de Ourense para a realización de probas TAC de control. As siglas TAC



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/09/2017 10:32
Nº Rexistro: 15169

Data envío: 04/09/2017 10:32:39.615

correspóndense con *Tomografía Axial Computerizada* e constitúen un método de exploración radiolóxica para estudar un órgano determinado desde diferentes planos.

Por poñer un exemplo, o 25 de agosto de 2016 o xornal La voz de Galicia recollía na súa edición de Ourense a denuncia dunha paciente do Ribeiro que informaba de como após un control rutineiro no seguimento da curación dun cancro de mama o seu oncólogo solicitara un TAC e recóllese na noticia de forma textual a seguinte afirmación da paciente: “«Ya estoy acostumbrada a que nunca me llamen dentro del plazo que me indica el oncólogo; siempre he tenido que reclamar, pero es que no es un TAC de rutina; ahora mismo es evidente que hay un problema y yo estoy sin tratamiento»”

O pasado 17 de maio o xornal provincial La Región publicaba un artigo de opinión asinado por Dona María Cristina Fariñas Darriba no que dá conta dunha experiencia persoal como acompañante dun enfermo de cancro dirixíndose ao novo Xerente do CHUO e recolle literalmente as seguintes palabras: “nestes últimos meses somos testigos de como non se están a facer as probas diagnósticas no tempo preciso. En particular falo dos TACS. Quero que se saiba que os pacientes teñen que poñer dúas, tres, catro e nalgún caso ata cinco reclamacións en Atención ó Paciente para que lle fagan unha proba que resulta ser á base dos tratamentos, da evolución da enfermidade”. Máis aínda, o 14 de maio de 2017 novas testemuñas saíron na canle da Sexta Televisión sinalan casos persoais con graves retrasos desta proba fundamental.

Ademais, este grupo parlamentar tivo coñecemento de máis situacións deste tipo por parte de testemuños de profesionais e doentes que nos reafirman na idea de que este é un problema crónico en Ourense.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/09/2017 10:32
Nº Rexistro: 15169
Data envío: 04/09/2017 10:32:39.615

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para a súa resposta oral na Comisión 5ª:

- Ten coñecemento o goberno galego da situación dos TAC no CHUO?
- Que medidas tomou ou vai tomar o goberno galego para corrixir a situación dos TAC no Hospital de Ourense?
- Cantas reclamacións recibiu o CHUO por demora no atendimento de TAC nos anos 2009 a 2016 e nos meses que levamos de 2017?
- Considera o goberno galego xustificada a demora nesta proba en concreto?
- Vai aumentar o goberno galego os recursos dispoñíbeis?
- Ten dialogado sobre o asunto coas asociacións de doentes e co cadro de traballadores e traballadoras do Hospital?

Santiago de Compostela, 30 de agosto de 2017

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Ana Belén Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420, Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/09/2017 10:32
Nº Rexistro: 15169
Data envío: 04/09/2017 10:32:39.615

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 04/09/2017 10:27:28

Ana Pontón Mondelo na data 04/09/2017 10:27:35

María Montserrat Prado Cores na data 04/09/2017 10:27:40

Xose Luis Rivas Cruz na data 04/09/2017 10:27:41

Olalla Rodil Fernández na data 04/09/2017 10:27:43

Xosé Luis Bará Torres na data 04/09/2017 10:27:44



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/09/2017 10:34
Nº Rexistro: 15177
Data envío: 04/09/2017 10:34:08.428

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo, Montserrat Prado Cores, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Xosé Luis Bará Torres, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**, relativa á concesión de subvencións a empresas do sector da automoción.

O sector de automoción en Galiza é unha actividade de vital importancia na economía galega, tendo unha forte incidencia no noso Produto Interior Bruto. Ten un gran peso específico, principalmente no sur do país. Porén, dende hai anos esta actividade está sendo deslocalizada ao norte de Portugal e a outros países con baixos custes, implicando unha grande perda de postos de traballo, o que afecta gravemente ao noso país.

As entidades públicas, como a Xunta de Galiza e o Goberno Central conceden subvencións con diñeiro público a moitas destas empresas do sector da automoción, sen poñer condicións contundentes e eficaces para parar que se destrúan máis postos de traballo e se evite a deslocalización da actividade produtiva.

Diante disto, visto que a Xunta de Galiza parece non querer contestar a este Grupo Parlamentar, fórmase a seguinte pregunta para a súa resposta oral en comisión:



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/09/2017 10:34
Nº Rexistro: 15177
Data envío: 04/09/2017 10:34:08.428

Que axudas e subvencións recibiron por parte da Xunta de Galiza as seguintes empresas do sector da automoción que se listan a continuación desde 2009:

1. ALUDEC S.A.
2. ALYMOSA
3. BENTELER AUTOMOTIVE VIGO S.L.
4. BORGWARNER EMISSIONS SYSTEMS SPAIN S.L.
5. CABLERIAS AUTO S.L.
6. CENTRO TECNOLÓGICO DE AUTOMOCIÓN DE GALICIA -
FUNDACION CETAG
7. CENTRO TECNOLÓGICO GRUPO COPO S.L.
8. COMPONENTES DE VEHICULOS
9. COPO GALICIA SLU
10. COPO IBERICA S.A.
11. DENSO SISTEMAS TERMICOS ESPAÑA S.A.
12. FAURECIA ASIENTOS DE GALICIA S.A.
13. FAURECIA AUTOMOTIVE ESPAÑA S.A.
14. FAURECIA INTERIOR SYSTEMS ESPAÑA S.A.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

15. FAURECIA SISTEMAS DE ESCAPE S.A.
16. GESTAMP VIGO S.A.
17. GKN DRIVELINE VIGO S.A.
18. GRUPO ANTOLIN PGA S.A.
19. GRUPO ANTOLIN VIGO S.A.
20. MAIER FERROPLAST, SOCIEDAD COOPERATIVA GALEGA.
21. MARSAN TRANSFORMACIONES SUPERFICIALES.
22. MC SYNCRO
23. MEGATECH INDUSTRIES OURENSE S.L.
24. MGI COUTIER ESPAÑA S.L.
25. PLASTIC OMNIUM AUTO INERGY SPAIN S.A.
26. PLASTIC OMNIUM COMPONENTES EXTERIORES S.L.
27. PSA PEUGEOT CITROEN
28. REYDEL AUTOMOTIVE SPAIN S.L.
29. SNOP ESTAMPACION S.A.
30. TB SPAIN INJECTION S.L. (TBSI)
31. TI GROUP AUTOMOTIVE SYSTEMS S.A.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/09/2017 10:34
Nº Rexistro: 15177
Data envío: 04/09/2017 10:34:08.428

32. TREVES GALIZA, SLU

33. VIZA AUTOMOCION SAU

34. ZF TRW ACTIVE & PASSIVE SAFETY TECHNOLOGY OSS
(OCCUPANT SAFETY SYSTEMS).

Santiago de Compostela, 4 de setembro de 2017

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Ana Belén Pontón Mondelo

Montserrat Prado Cores

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luís Rivas Cruz

Xosé Luís Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 04/09/2017 10:32:06

María Montserrat Prado Cores na data 04/09/2017 10:32:11



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/09/2017 10:34
Nº Rexistro: 15177
Data envío: 04/09/2017 10:34:08.428

Ana Pontón Mondelo na data 04/09/2017 10:32:13

Xose Luis Rivas Cruz na data 04/09/2017 10:32:15

Olalla Rodil Fernández na data 04/09/2017 10:32:16

Xosé Luis Bará Torres na data 04/09/2017 10:32:18



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/09/2017 11:31
Nº Rexistro: 15183
Data envío: 04/09/2017 11:31:18.738

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Luis Bará Torres, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formulan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**, relativa ás motivacións do goberno galego de retirar o helicóptero de incendios do Barco de Valdeorras da base de Vilanova.

O Bloque Nacionalista Galego tivo coñecemento de que a Xunta de Galiza tomara e executara a decisión de retirar o dispositivo dun helicóptero de incendios da base de Vilanova no Barco de Valdeorras (distrito XIII) inutilizando unha base operativa desde o ano 1992 e na que se investiu diñeiro público ao longo destas décadas e que fica agora pechada para o seu uso.

Cómpre ter en conta que, tal e como ten indicado esta organización, a provincia de Ourense e as súas comarcas orientais contan con especificidades climáticas e tamén contextuais (alto índice de abandono do rural, despoboamento, dificultades de conexión, etc) que agravan a súa sobreexposición á incidencia de lumes. Así mesmo, cómpre ter en conta que as comarcas próximas á base de Vilanova teñen dúas condicións que deben condicionar a política de prevención e extinción de incendios. Dunha banda, a grande complexidade xeográfica, con altas serras, diferenzas de altitude, dificultades de acceso, vales difíciles de sortear, etc, en suma unha orografía complexa para intervenir. Por outra parte, conteñen no seu territorior espazos naturais teoricamente protexidos (parque natural, rede natura, zonas ZEPA, etc) que dan conta da riqueza biolóxica natural e



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/09/2017 11:31
Nº Rexistro: 15183
Data envío: 04/09/2017 11:31:18.738

animal da contorna e fan máis necesaria a súa protección pois os datos poden ser e son irreparábeis en moitas ocasións, como lamentabelmente xa se ten experimentado.

Así mesmo, cómpre recordar que a provincia de Ourense no 2016 concentrou máis da metade das 22.000 hectáreas ardidadas no total e que concentrou a metade dos grandes incendios forestais superiores a 500 hectáreas. O oriente ourensá é unha das zonas máis castigadas nos últimos anos e a resposta da Xunta é precarizar máis aos traballadores, adiar a concreción do Pladiga case a xullo, non adiantar o funcionamento pleno do dispositivo malia a desestacionalización dos lumes e a alta incidencia no inverno 2016-2017, etc. A todo isto, vén de sumarse unha alteración dos medios materiais de por si insuficiente, como é o caso da dispoñibilidade dun helicóptero na base do Barco de Valdeorras.

Desde o Bloque Nacionalista Galego entendemos que non é razoábel e que ademais a Xunta de Galiza ten que esclarecer os motivos e a situación da base así como as decisións e medidas que anteriormente tomara ou non tomara o organismo para garantir as condicións de funcionamento e operatividade así como de seguridade para os traballadores e traballadoras e para a salvagarda do material.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para a súa resposta oral en comisión:

1. Que tipo de obras son precisas na base para a súa paralización en tempada de alto risco? Por que non foi posíbel desenvolvealas antes?
2. Cal é o estado das obras? Cando está previsto o remate?
3. En que data se desenvolveu a última operación na base?



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/09/2017 11:31
Nº Rexistro: 15183
Data envío: 04/09/2017 11:31:18.738

4. Ten garantías a Xunta de Galiza de que estaban garantidas as condicións de seguridade, especialmente de traballadores e traballadoras?

5. En que data volverá operar nesta base un helicóptero de prevención de incendios?

Santiago de Compostela, 4 de setembro de 2017

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Ana Belén Pontón Mondelo

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 04/09/2017 11:29:50

María Montserrat Prado Cores na data 04/09/2017 11:29:55

Ana Pontón Mondelo na data 04/09/2017 11:29:57

Xose Luis Rivas Cruz na data 04/09/2017 11:30:00



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/09/2017 11:31
Nº Rexistro: 15183
Data envío: 04/09/2017 11:31:18.738

Olalla Rodil Fernández na data 04/09/2017 11:30:02

Xosé Luis Bará Torres na data 04/09/2017 11:30:03



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/09/2017 12:45
Nº Rexistro: 15196
Data envío: 04/09/2017 12:45:58.390

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7ª.

Actualmente as campañas de saneamento gandeiro contemplan, tres enfermidades, concretamente en vacún, tuberculose, brucelose e leucose.

Nos últimos anos o número de casos positivos, tanto de brucelose como de tuberculose, estaba descendendo notablemente, sendo moi difícil atopar casos positivos na maior parte das comarcas do país.

O problema xorde no ano 2014, cando por directrices do Ministerio de Sanidade, que é quen ten realmente competencias nestes casos, cambian protocolos de actuación. E xorde porque comezan a apareceren un número moi elevado de resultados positivos nas probas reaccionantes para a detección de tuberculose bovina que posteriormente non se confirman nas probas post mortem que se realizan nos matadoiros.

Nalgúns casos, os poucos, dan a opción de facer unha segunda proba antes do sacrificio, o que lle chaman a proba comparada, e case ningún animal é positivo, evitando así o seu sacrificio.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/09/2017 12:45
Nº Rexistro: 15196
Data envío: 04/09/2017 12:45:58.390

Como consecuencia desta situación, ademais de se produci-lo sacrificio de numerosos animais que non deberían ter ese destino por se trataren de falsos positivos, tamén provoca a inmovilización das explotacións de onde proceden durante un período de tempo inadmisibile.

Ano tras ano dende o 14 vimos debatendo este tema aquí no Parlamento sen que por parte do goberno galego se tomen medidas razoables pra subsanar estas anomalías.

Como dato a ter en conta, ultimamente na comarca da Terrachá, sacrificáronse 150 animais, dos cales soamente 1 era positivo tra-la proba do matadoiro.

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego alén de considerar imprescindible establecer medidas para garantir o resarcimento das explotacións a prezos que se axusten ó mercado polo sacrificio de reses e das perdas e lucro cesante como consecuencia destes e das inmovilizacións, cremos que é prioritario impulsar con urxencia as medidas necesarias para evita-los falsos positivos, mellorando o material e os protocolos, e mesmo establecendo contraanálises previas ao sacrificio.

Por todo isto fórmulanse as seguintes preguntas para a súa resposta oral na Comisión 7ª:

1.- Fíxose de parte da Consellería avaliación da situación da campaña de saneamento gandeiro en relación coa repetida aparición de resultados positivos de tuberculose bovina que logo non se confirman nas probas post mortem, en matadoiros?

2.- De ser así ten analizado o impacto que esta situación está tendo en moitas explotacións de bovino?



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/09/2017 12:45
Nº Rexistro: 15196
Data envío: 04/09/2017 12:45:58.390

3.- Non considera que é imprescindible impulsar métodos e protocolos de diagnose máis fiables e que teñan como prioridade evita-lo sacrificio de reses das que logo non se confirma a presenza da doenza?

4.- De ser así, que actuacións vai realizar nese sentido e en que prazo?

5.- Como se abordan as consecuencias económicas para as explotacións afectadas, ante a insuficiencia das medidas existentes?

Santiago de Compostela, 4 de setembro de 2017

Asdo.: Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Montserrat Prado Cores

Ana Belén Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Rivas Cruz na data 04/09/2017 12:44:34

María Montserrat Prado Cores na data 04/09/2017 12:44:39



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/09/2017 12:45
Nº Rexistro: 15196
Data envío: 04/09/2017 12:45:58.390

Ana Pontón Mondelo na data 04/09/2017 12:44:41

Olalla Rodil Fernández na data 04/09/2017 12:44:46

Noa Presas Bergantiños na data 04/09/2017 12:44:48

Xosé Luis Bará Torres na data 04/09/2017 12:44:49

Á MESA DO PARLAMENTO

Antón Sánchez García, deputado do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2.^a**

Unha vez adxudicados os contratos de transporte da primeira fase do Plan de Transporte Público de Galiza obsérvanse as primeiras disfuncións, aínda que as eivas provocadas pola falla de planificación, precipitación e na participación social na elaboración observaranse a medio prazo.

Un repaso ao sucedido nos derradeiros anos mostra que a Xunta de Galiza actuou a golpe de sentenza e con improvisación.

A sentenza de marzo de 2016 do Tribunal Supremo que anulaba 129 concesións de transporte público por estrada, provocou a necesidade da elaboración urxente dunha Lei de Medidas Urxentes para a Actualización do Transporte de Galiza.

A Sentencia considerou que a Resolución do 26 de febreiro de 2010, da Dirección Xeral de Mobilidade, pola que se aproba o Plan de modernización das concesións de transporte público regular permanente de persoas de uso xeral por estrada de Galicia, incumpría o Regulamento 13/2007 que entrara en vigor anteriormente a dita resolución.

Nesta lei incluíase a elaboración dun novo Plan de Transporte de Galiza, instrumento mediante o cal se debería establecer a ordenación dos servizos de transporte público regular de competencia da Administración Xeral da Comunidade Autónoma, así como a coordinación do conxunto de servizos de transporte público que se desenvolvan na Comunidade Autónoma.



A Lei incluía obrigatoriedade da prestación de servizo transitoriamente e, de feito, o obxectivo da Lei xa se precisaba na súa exposición de motivos :

“Non obstante, logo de que o Tribunal Supremo anulase a ampliación dos prazos de vixencia daquelas concesións previsto naquela lei, deberanse programar os traballos de planificación do novo sistema de transporte público para a súa licitación consonte o previsto na normativa comunitaria, sen prexuízo de apostar polo mantemento das actuacións de modernización que faciliten ao sector de transporte público responder axeitadamente ás demandas do novo mapa de servizos.....Por outra parte, logo do pronunciamento do Tribunal Supremo en relación coa ampliación de prazos das concesións que establecera a Lei 5/2009, no terceiro artigo do texto articulado fíxanse as regras para garantir a continuidade da prestación dos servizos de transporte público durante o tempo preciso para o desenvolvemento dos traballos de planificación e o novo deseño de servizos, facilitando o mantemento de actuacións relevantes de modernización do sector previstas naquela lei”.

O dito Plan de Transporte debe estar aprobado no prazo de 21 meses desde a entrada en vigor de dita Lei 10/2016 (entrou en vigor o 23/07/2016), garantíndose que os novos contratos de transporte se produza dentro do período transitorio que establece o Regulamento 1370/2007.

Si non era suficiente coa Lei 10/2016, só cinco meses despois o Goberno presenta, na Lei de acompañamento, un conxunto de medidas que non só van directamente contra dos fundamentos e efectos xurídicos do fallo do TS senón contra do Regulamento 1370/2007 e as súas directrices de interpretación do 2014.

1.- Art. 72.2. Previsión de novos servizos de transporte incluso antes da aprobación do Plan de Transporte Público de Galicia, pero, ollo, que *“se planifiquen co obxectivo de garantir a continuidade na explotación de tráficos*



nos que concorran as circunstancias que prevé o artigo 5.5 do Regulamento (CE) 1370/2007, e cuxa explotación se prevea coas limitacións temporais que establece o dito precepto. Esta norma resultará de aplicación aínda cando o novo servizo supoña unha reordenación en profundidade dos servizos abandonados ou en risco de abandono, incluso coa introdución, supresión ou modificación substancial dos tráficoos que neles se prevían, ou coa inclusión de novas modalidades de prestación dos servizos, como servizos baixo demanda ou servizos integrados.

Igualmente, a Administración poderá acordar o establecemento doutros servizos, nonprevistos expresamente no Plan de Transporte Público de Galicia, que resulten coherentes coa súa planificación xeral e que se propoña implantar cunha duración temporalmente limitada, ben para a satisfacción de demandas puntuais de transporte, ben para a validación de solucións de mobilidade innovadoras, ou para a experimentación, limitada no tempo ou no territorio, de alternativas non previstas inicialmente na planificación de transporte”.

É notoria a actuación incumpridora do Goberno galego nesta cuestión confirmada por sentenza, pero tamén o é que se está a facer atropelada e precipitadamente o que debeu de ser un traballo de planificación de anos co fin de dotar a Galiza dun servizo de transporte público integral e adaptado a un proxecto de país establecido.

Isto xa é historia e non ten volta atrás pero compre tomar nota para tratar de non repetir erros.

Só quedan 10 meses para que, segundo a Lei 10/2016 de medidas urxentes para a actualización do transporte de Galiza, teña que estar aprobado o novo Plan de Transporte de Galiza.



A elaboración do novo Plan debe de contar con máis participación da sociedade a través da diversidade de actores afectados e implicados, e debe de incardinarse nun proxecto de país.

Por todo elo, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta as seguintes Preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

- 1.^a) Cal é a valoración da posta en marcha da primeira fase do Plan de Transporte de Galiza?
- 2.^a) Ten pensado crear e convocar unha Mesa para a Elaboración do novo Plan de Transporte de Galiza que conte cos concellos, deputacións, ANPAS, empresas e sindicatos, que estea permanentemente informada e que poda aportar continuamente no proceso de elaboración e aprobación do documento?
- 3.^a) Que criterios deben de primar ao criterio do Goberno galego na elaboración e aprobación do Plan de Transporte Público de Galiza?
- 4.^a) Está dito Plan incardinado nun proxecto para o rural galego cuns obxectivos concretos e claros?

Santiago de Compostela, 4 de setembro de 2017.

Asdo.: Antón Sánchez García

Deputado do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Antón Sánchez García na data 04/09/2017 12:42:51

Á MESA DO PARLAMENTO

Manuel Lago Peñas, deputado do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 3.^a.

O informe sobre recadación tributaria para o ano 2016, reflicte una evolución moi diferente entre as distintas figuras tributarias.

Dentro delas é preocupante a recadación obtida a través do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas (IRPF) porque, aínda que o fai lixeiramente, baixa en comparación co ano 2015.

Segundo os datos da Axencia Tributaria, o resultado da recadación para o ano 2016 do IRPF é duns ingresos de 2.518 millóns de euros, mentres que no 2015, os ingresos foron de 2.524 millóns de euros.

Isto significa una caída do 0,2% na recadación en 2016, en comparación co ano 2015.

Esta redución, semella contraditoria coa evolución da economía e mesmo do emprego, porque o PIB nominal creceu ao redor do 3,1% segundo o IGE, polo que non resulta fácil entender por que a recadación non so non medra senón que cae.

Polo dito, o Grupo Parlamentar de En Marea, presenta a seguinte pregunta dirixida ao Sr. Conselleiro de Facenda:



- Como pode explicar que a recadación do IRPF caia no 2016 con respecto ao 2015, cando o crecemento do PIB galego para dito ano 2016 sitúase ao redor do 3,1% segundo o IGE?

Santiago de Compostela, 4 de setembro de 2017.

Asdo.: Manuel Lago Peñas

Deputado do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Lago Peñas na data 04/09/2017 13:20:26

Á MESA DO PARLAMENTO

Manuel Lago Peñas, deputado do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 3.^a**.

A recadación tributaria en Galicia do ano 2016 reflicte un cambio moi preocupante no peso que ten cada figura tributaria na estrutura fiscal .

Os datos reflicten una redistribución inxusta da carga fiscal, porque gañan peso os impostos indirectos, que non discriminan por nivel de renda das persoas e que pasan de representar o 34% do recadado no ano 2015, ao 39% no ano 2016.

Pola contra, perden recadación e peso os directos, isto é, os vinculados tanto ás rendas das persoas físicas como, sobre todo, ao imposto de sociedades. Pasan de representar o 64,6% da recadación total no ano 2015, a representar o 60% no ano 2016.

Aínda máis, entre os grandes impostos o IVE é o único que aumenta a súa recadación , pasando de 2.075 millóns no 2015 a 2.377 millóns no ano 2016, un incremento do 14,6%, seguida polos impostos especiais, que tamén gravan o consumo e, polo tanto, non son progresivos.

Pola contra, as figuras tributarias que están chamadas a ser as pezas básicas da progresividade fiscal e a redistribución, o IRPF e o Imposto de Sociedades, non so non aumentan senón que diminúen. O IRPF descende lixeiramente un 0,2% e o IS cae o 11,76%.

Estamos sufrindo un grande proceso de regresión fiscal, de perda de progresividade nos impostos, de redistribución inxusta da carga fiscal, que ten a



súa expresión simbólica en que o IVE está a piques de superar ao IRPF como principal figura impositiva.

Polo anterior, preséntase a seguinte pregunta:

- Considera o Sr. Conselleiro que estes cambios suporían un retroceso na progresividade do noso sistema impositivo ou parécenlle ben?

Santiago de Compostela, 4 de setembro de 2017.

Asdo.: Manuel Lago Peñas

Deputado do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Lago Peñas na data 04/09/2017 13:21:00

Á MESA DO PARLAMENTO

Manuel Lago Peñas, deputado do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 3.^a**.

A recadación tributaria en Galicia do ano 2016 reflicte un cambio moi preocupante no peso que ten cada figura tributaria na estrutura fiscal .

Os datos reflicten una redistribución inxusta da carga fiscal, porque gañan peso os impostos indirectos, que non discriminan por nivel de renda das persoas e que pasan de representar o 34% do recadado no ano 2015, ao 39% no ano 2016.

Pola contra, perden recadación e peso os directos, isto é, os vinculados tanto ás rendas das persoas físicas como, sobre todo, ao imposto de sociedades. Pasan de representar o 64,6% da recadación total no ano 2015, a representar o 60% no ano 2016.

Aínda máis, entre os grandes impostos o IVE é o único que aumenta a súa recadación , pasando de 2.075 millóns no 2015 a 2.377 millóns no ano 2016, un incremento do 14,6%, seguida polos impostos especiais, que tamén gravan o consumo e, polo tanto, non son progresivos.

Pola contra, as figuras tributarias que están chamadas a ser as pezas básicas da progresividade fiscal e a redistribución, o IRPF e o Imposto de Sociedades, non so non aumentan senón que diminúen. O IRPF descende lixeiramente un 0,2% e o IS cae o 11,76%.

Estamos sufrindo un grande proceso de regresión fiscal, de perda de progresividade nos impostos, de redistribución inxusta da carga fiscal, que ten a



súa expresión simbólica en que o IVE está a piques de superar ao IRPF como principal figura impositiva.

Polo anterior, preséntase a seguinte pregunta:

- Que opinión ten o Sr. Conselleiro de Facenda desta redistribución da recadación fiscal na que gañan peso os ingresos indirectos e pérdeno os directos?

Santiago de Compostela, 4 de setembro de 2017.

Asdo.: Manuel Lago Peñas

Deputado do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Lago Peñas na data 04/09/2017 13:20:52

Á MESA DO PARLAMENTO

Manuel Lago Peñas, deputado do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 3.^a**

A recadación tributaria en Galicia do ano 2016 reflicte un cambio moi preocupante no peso que ten cada figura tributaria na estrutura fiscal .

Os datos reflicten una redistribución inxusta da carga fiscal, porque gañan peso os impostos indirectos, que non discriminan por nivel de renda das persoas e que pasan de representar o 34% do recadado no ano 2015, ao 39% no ano 2016.

Pola contra, perden recadación e peso os directos, isto é, os vinculados tanto ás rendas das persoas físicas como, sobre todo, ao imposto de sociedades. Pasan de representar o 64,6% da recadación total no ano 2015, a representar o 60% no ano 2016.

Aínda máis, entre os grandes impostos o IVE é o único que aumenta a súa recadación , pasando de 2.075 millóns no 2015 a 2.377 millóns no ano 2016, un incremento do 14,6%, seguida polos impostos especiais, que tamén gravan o consumo e, polo tanto, non son progresivos.

Pola contra, as figuras tributarias que están chamadas a ser as pezas básicas da progresividade fiscal e a redistribución, o IRPF e o Imposto de Sociedades, non so non aumentan senón que diminúen. O IRPF descende lixeiramente un 0,2% e o IS cae o 11,76%.

Estamos sufrindo un grande proceso de regresión fiscal, de perda de progresividade nos impostos, de redistribución inxusta da carga fiscal, que ten a



súa expresión simbólica en que o IVE está a piques de superar ao IRPF como principal figura impositiva.

Polo anterior, preséntase a seguinte pregunta:

- É esta unha estratexia premeditada da política fiscal desenvolvida nos últimos anos?

Santiago de Compostela, 4 de setembro de 2017.

Asdo.: Manuel Lago Peñas

Deputado do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Lago Peñas na data 04/09/2017 13:20:41



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/09/2017 13:35
Nº Rexistro: 15234
Data envío: 04/09/2017 13:35:19.303

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Xosé Luis Rivas Cruz, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores e Luis Bará Torres, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formulan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 3ª**, relativa á necesidade de políticas específicas para os concellos de Ourense aumentaren a súa poboación traballadora.

Un dos problemas estruturais máis graves que ten que enfrontar Galiza no curto e longo prazo é o avellentamento da súa poboación e o incremento de poboación xubilada e pensionista moi por riba dos índices tanto de poboación activa como de poboación efectivamente ocupada. Desta forma, se atendemos por exemplo aos datos que nos amosaba o Instituto Galego de Estatística a respecto do ano 2016 podemos observar como ao finalizar este, máis da metade dos concellos galegos tiñan máis poboación cobrando unha pensión contributiva que cotizando á Seguridade Social, acelerando unha tendencia que as políticas de recortes emanadas da crise só fixeron agudizar ao contribuír a exportar traballadores e traballadoras para fóra das nosas fronteiras e desincentivar a fixación de poboación. Deste xeito, Galiza conta con 60.000 persoas menos que cotizan á Seguridade Social en comparación cos datos do inicio da crise no ano 2008.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/09/2017 13:35
Nº Rexistro: 15234
Data envío: 04/09/2017 13:35:19.303

Se ben a situación é preocupante para o conxunto de Galiza, éo máis aínda para o territorio administrativo da provincia de Ourense. Deste xeito, podemos observar como alberga entre os seus 92 concellos todos e cada un daqueles once concellos nos que a poboación pensionista supera por máis do dobre á poboación afiliada á seguridade social: O Irixo, Beariz, Avión, Quintela de Leirado, Vereia, Porqueira, Calvos de Randín, Vilardevós, Laza, A Teixeira e O Bolo.

Ademais, segundo o Instituto Nacional de Estatística (INE), Ourense foi a quinta provincia do Estado español con meirande descenso de poboación en termos porcentuais (preto do 1%) e no 2016 perdeu até 3.015 persoas até ficar en 311.648 consolidando unha tendencia á baixa que o propio INE estima que descenderá dos 300.000 habitantes nos próximos lustros.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para a súa resposta oral na Comisión 3ª:

-Que medidas específicas tomou ou vai tomar o goberno galego para que os concellos ourensás incrementen a súa poboación traballadora?

-Ten desenvolvido ou vai desenvolver o goberno galego algún plan específico para combater a perda de peso demográfico dos concellos ourensás, o seu avellentamento e a perda de poboación traballadora?

-Como avalía a eficacia das políticas fiscais para o rural?



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/09/2017 13:35
Nº Rexistro: 15234
Data envío: 04/09/2017 13:35:19.303

Santiago de Compostela, 4 de setembro de 2017

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Belén Pontón Mondelo

Olalla Rodil Fernández

Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 04/09/2017 13:34:09

María Montserrat Prado Cores na data 04/09/2017 13:34:13

Ana Pontón Mondelo na data 04/09/2017 13:34:15

Xosé Luis Rivas Cruz na data 04/09/2017 13:34:17

Olalla Rodil Fernández na data 04/09/2017 13:34:19

Xosé Luis Bará Torres na data 04/09/2017 13:34:21

A Mesa do Parlamento

Cristina Romero Fernández, María Antón Vilasánchez, Moisés Blanco Paradelo, Isabel Novo Fariña, Marta Nóvoa Iglesias, Miguel Tellado Filgueira e Sandra Vázquez Domínguez, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo, 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**.

Os últimos datos turísticos, avanza que Galicia baterá novamente outro récord de visitantes. Ata xullo chegaron 2,7 millóns de viaxeiros, o equivalente a nosa poboación.

Ante estes datos, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Como valora o Goberno galego os efectos deste constante incremento de turistas que se están a achegar a Galicia?

Santiago de Compostela, 4 de setembro de 2017

Asinado dixitalmente por:

Cristina Isabel Romero Fernández na data 04/09/2017 18:31:36

María Antón Vilasánchez na data 04/09/2017 18:31:47

Moisés Blanco Paradelo na data 04/09/2017 18:31:54

María Isabel Novo Fariña na data 04/09/2017 18:32:01

Marta Novoa Iglesias na data 04/09/2017 18:32:08

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 04/09/2017 18:32:17

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Sandra Vázquez Dominguez na data 04/09/2017 18:32:24

Á Mesa do Parlamento

Carlos E. López Crespo, Teresa Egerique Mosquera, Marian García Míguez, Alberto Pazos Couñago, Marta Rodríguez Arias, Soraya Salorio Porral e Daniel Vega Pérez deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara presentan, ante esta Mesa, a seguinte **Pregunta para a súa resposta Oral en Comisión 8ª Pesca e Marisqueo**.

O furtivismo é unha lacra que afecta a toda a sociedade no seu conxunto, xa que por unha banda menoscaba á economía no sentido en que laboramente afecta aos profesionais ao minorar os seus ingresos pola minoración dos recursos e a baixada de presos por sobreoferta de produto, comercialmente dana a propia imaxe dos produtos, que ven como aqueles que foron obtidos e comercializados sen as debidas garantías suplantando a súa valía e aproveitanse do bo traballo de moitos profesionais do mar e da cadea mar- industria.

Por outra banda, prexudica tamén á saúde pública porque esta falta de seguridade alimentaria pode provocar serios riscos de intoxicación e, por último, ao medio ambiente porque agrede aos recursos mariños que, segundo os casos, pode chegar a ser irreparable.

Resulta evidente que loitar contra esta situación é unha tarefa inxente que non pode ser abordada de forma unilateral polo Servizo de Gardacostas de Galicia e vese necesaria a coordinación de todos os medios dispoñibles, máxime cando o propio furtivismo ven acompañado en moitas ocasións por fenómenos coma a violencia contra o persoal de Gardacostas ou a dificultade de realizar controis en estradas.

Conscientes de que a Xunta de Galicia aposta por todos os medios ao seu alcance para erradicar esta actividade ilegal tan prexudicial para o conxunto da nosa sociedade, os deputados e deputadas asinantes formula as seguintes Preguntas Oraís en Comisión:

1. Cales son os medios materiais e humanos dispoñibles pola Consellería do Mar para o control do furtivismo?
2. Que tipo de colaboracións con outras administracións existen neste ámbito?
3. Cal é o gasto orzamentario que se destina para este fin?



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/09/2017 09:30
Nº Rexistro: 15291
Data envío: 04/09/2017 18:47:17.449

Santiago de Compostela, 4 setembro de 2017

Asinado dixitalmente por:

Carlos Enrique López Crespo na data 04/09/2017 18:39:22

Teresa Egerique Mosquera na data 04/09/2017 18:39:45

María Ángeles García Míguez na data 04/09/2017 18:40:11

Alberto Pazos Couñago na data 04/09/2017 18:40:25

Marta Rodríguez Arias na data 04/09/2017 18:40:39

María Soraya Salorio Porral na data 04/09/2017 18:41:13

Daniel Vega Pérez na data 04/09/2017 18:41:27

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Á MESA DO PARLAMENTO

Davide Rodríguez Estévez, Paula Quinteiro Araujo e Luís Villares Naveira, deputados e deputada do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7.ª**, sobre a entrega de vehículos non aptos ás brigadas do SPDCIF en plena campaña de máximo risco.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O pasado día 24 de Agosto entregáronse en distintas provincias de Galiza vehículos todoterreos modelo Nissan Xtrail destinados a ser o vehículo de traballo para as brigadas no desenrolo das súas tarefas diarias de prevención e extinción de incendios forestais.

Agora mesmo, a Xunta de Galicia, ten aberto un procedemento para a dotación dos novos vehículos para o SPDCIF, vehículos que aínda non foron entregados apesares de que xa rematou o prazo adicional que a Xunta asinara coa empresa adxudicataria dos vehículos anteriores.

Diante desta nova entrega de vehículos, que non se acolle ó prego de condicións publicado no Diario Oficial de Galicia, vemos que estes non son os encargados nese prego de condicións.

Dende En Marea observamos como esta última adxudicación “expres” non foi publicada no DOG, nin na páxina de "plataforma de contratos públicos de Galicia "dependente da Xunta de Galicia onde saen publicados contratos.



Tampouco se reflexou a adquisición ou contrato temporal destes coches, aparte da denuncia da CIG de que estes novos vehículos non pasaron polos comités de seguridades e saúde para a correspondente análise.

Por todo o exposto anteriormente, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

1. Que contratos se asinaron para a adquisición destes vehículos?
2. En que data ?
3. Publicouse nos medios de difusión que lle corresponden?
4. Por que non se lle transmitiu nada ós comités de seguridade e saúde de extinción de incendios?

Santiago de Compostela, a 4 de setembro de 2017

Asdo.: Davide Rodríguez Estévez,

Paula Quinteiro Araújo,

Luís Villares Naveira

Deputados e deputada do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

David Rodríguez Estévez na data 04/09/2017 18:56:12



Paula Quinteiro Araújo na data 04/09/2017 18:56:25

Luis Villares Naveira na data 04/09/2017 18:56:33

Á Mesa do Parlamento

Carlos E. López Crespo, Teresa Egerique Mosquera, Marian García Míguez, Alberto Pazos Couñago, Diego Calvo Pouso, Marta Rodríguez Arias, Soraya Salorio Porral e Daniel Vega Pérez deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara presentan, ante esta Mesa, a seguinte **Pregunta para a súa resposta Oral en Comisión 8ª Pesca e Marisqueo**.

O pasado mes de xuño celebrábase a decimoterceira edición do Encontro de embarcacións tradicionais de Galicia na fermosa vila costeira de Combarro, no que se xuntaron preto de 150 embarcacións tradicionais que viñeron navegando desde territorios veciños como o País Vasco, Cataluña, o Mediterráneo ou Portugal. E incluso desde máis lonxe: Francia, Escocia, Irlanda, Reino Unido ou Croacia.

Sen dúbida, este evento trátase dunha oportunidade única para afondar na nosa cultura mariñeira, a través da historia e da evolución da flota de barcos tradicionais galegos, como, por exemplo, as lanchas xeiteiras, as chalanas a vela ou as variantes da dorna. Todas elas testemuñas da evolución das moitas bisbarras mariñeiras que conforman a nosa terra.

Este grupo parlamentario quere agradecer á Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial a organización deste evento, así como o seu traballo centrado na recuperación e no mantemento das embarcacións tradicionais, así como un compromiso social profundo por defender todas as manifestacións materiais e inmateriais da cultura vinculada ao mar e aos ríos de Galicia.

Arredor do inmenso patrimonio marítimo galego sempre se xeraron importantes actividades económicas relacionadas co poder identificativo de Galicia. Traballar pola súa protección, conservación, restauración, xestión e posta en valor é unha labor de todas e todos. Pero para acadar o recoñecemento e o compromiso da sociedade, cómpre que a Administración desenvolva o seu papel. Un papel que posibilite a recuperación, a conservación e a posta en valor do patrimonio cultural e histórico galego.

No que atinxe á Xunta de Galicia, sabemos que se firmou un Convenio, cunha achega de preto de 47.000 euros, para contribuír ao patrimonio ligado ás embarcacións tradicionais. Por outra banda, a Consellería do Mar firmaba outro convenio, neste caso coa asociación de empresarios de construción naval en madeira (Agalcari), cunha

achega de 28.000 euros, co obxectivo de impulsar a carpintería de ribeira e dotar de dinamismo e innovación a este sector.

Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguintes preguntas orais en Comisión:

1. Cales son os obxectivos destes convenios firmados tanto pola Xunta de Galicia como pola Consellería do Mar coa asociación de empresarios de construción naval en madeira (Agalcari) para impulsar a carpintería de ribeira?
2. Que valoración fai o Goberno da Xunta de Galicia sobre as iniciativas de posta en valor das embarcacións tradicionais e das carpinterías de ribeira?

Santiago de Compostela, 4 de setembro de 2017

Asinado dixitalmente por:

Carlos Enrique López Crespo na data 04/09/2017 18:54:36

Teresa Egerique Mosquera na data 04/09/2017 18:54:54

María Ángeles García Míguez na data 04/09/2017 18:55:10

Alberto Pazos Couñago na data 04/09/2017 18:55:19

Diego Calvo Pouso na data 04/09/2017 18:55:38

Marta Rodríguez Arias na data 04/09/2017 18:55:53

María Soraya Salorio Porral na data 04/09/2017 18:56:13

Daniel Vega Pérez na data 04/09/2017 18:56:25

Á MESA DO PARLAMENTO

Davide Rodríguez Estévez, Paula Quinteiro Araujo e Luís Villares Naveira, deputados de deputada do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7ª**, sobre a formación necesaria para o SPDCIF que non se está a dar.

Dende o ano 2015 distintos sindicatos levan esixindo unha formación específica para as /os traballadoras/es do SPDCIF, xa que ó longo deste tempo abandonouse o eido da cualificación e formación dos seus traballadores, nun servizo fundamental e prioritario para a poboación e que no desempeño das súas funcións convive acotío con situacións de alto risco.

A nova lei de Protección Civil, concretamente no seu artigo 17, inclúe os servizos de Prevención e Extinción de Incendios Forestais como servizos de intervención e asistencia en emerxencias de Protección Civil.

Tamén a Unión Europea, a través das súas recomendacións prantexa que todos os e as traballadoras que non teñan unha cualificación específica, deberán dispor dunha certificación profesional baseada na súa experiencia profesional, e na súa formación específica. Esta certificación profesional deberían tela o antes posíbel.

O RD 624/2013 do 2 de agosto e corrección de erratas do RD 624/2013, BOE 15/04/2014 inclúe os Servizos de Prevención, Vixilancia e Extinción de Incendios Forestais, na familia profesional SEGURIDADE e MEDIO AMBIENTE e na area profesional: SEGURIDADE E PREVENCIÓN, con respecto a ficha de certificado de profesionalidade.

As funcións do SPDCIF inclúe múltiples unidades de competencia que se corresponden con traballos que vén desenrolando o Spdcif dende o seu comezo.

A partir da entrada en vigor da lei 17/2015, de 9 de xullo, do Sistema Nacional de Protección Civil, atopámonos cun novo marco competencial, xa que a pertenza do Spdcif tanto ós servizos de emerxencias - punto xa recoñecido no V convenio colectivo do persoal laboral da Xunta - como pola inclusión directa na lei 17/2015, de 9 de xullo, do Sistema Nacional de Protección Civil, ademais de pertencer a familia profesional de seguridade e medio ambiente, incrementa as unidades de competencia deste Spdcif, e de todos os dispositivos (públicos e privados) de prevención e extinción que actúan en todo o Estado, engadíndolle máis Unidades de Competencia.

Xa no Real decreto 624/2013 do 2 de agosto, o cal vai dirixido directamente ao colectivo do Spdcif, debido á pertenza do mesmo á familia profesional seguridade e medio ambiente, establece de forma clara e manifesta os módulos formativos correspondentes á U.C 1966_2 cun total de dúas unidades formativas, concretamente a Unidades Formativas (U.F.) 2365, cunha duración total de 50 horas, e a U.F 2349, cunha duración de 50 horas, habilitaría e permitiría as/os traballadoras/es do Spdcif nunha maior versatilidade e eficacia.

Por todo o exposto anteriormente o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte pregunta para a súa resposta en Comisión:

- Por que non pon a Xunta de Galicia os medios formativos dos que dispón para impartir unha formación seria e rigorosa que permita que as e os traballadores do SPDCIF se formen axeitadamente nas súas lóxicas e legais unidades de competencia?



Santiago de Compostela, 4 de setembro de 2017.

Asdo.: Davide Rodríguez Estévez

Paula Quinteiro Araújo

Luís Villares Naveira

Deputados e deputada do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

David Rodríguez Estévez na data 04/09/2017 20:10:31

Paula Quinteiro Araújo na data 04/09/2017 20:10:40

Luis Villares Naveira na data 04/09/2017 20:10:51



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/09/2017 10:19
Nº Rexistro: 15333
Data envío: 05/09/2017 10:19:38.122

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Luis Bará Torres, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formulan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 6ª**, relativa ao impulso do autoconsumo.

O autoconsumo é unha posibilidade aberta de cara ao aforro enerxético, a eficiencia nas redes de transporte e a redución de prezos de mercado. Para alén disto, supón unha aposta polas enerxías limpas e pola redución das emisións contaminantes así como pola produción descentralizada e mesmo, no caso das empresas, polo incremento da competitividade. A posibilidade de que os consumidores xeren a súa propia electricidade implica consecuencias extraordinariamente positivas no eido económico e social do país que cómpre impulsar desde as administracións.

Porén, o Real Decreto 900/2015, polo que se regulan as condicións administrativas, técnicas e económicas das modalidades de subministro de enerxía eléctrica con autoconsumo e de produción con autoconsumo, tivo como orientación principal a de para impedir o desenvolvemento do autoconsumo, no canto do seu fomento. Con esta normativa, o Goberno estatal impuxo unha barreira económica inxustificada ao desenvolvemento do autoconsumo. O Goberno aprobou esta normativa de forma illada, en contra do clamor social (máis de 200.000 firmas e 40.000 alegacións recollidas contra o texto), o resto de organizacións políticas e sociais, e institucións como a CNE, CNC ou a Defensora do Pobo.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/09/2017 10:19
Nº Rexistro: 15333
Data envío: 05/09/2017 10:19:38.122

A normativa introduciu un cargo económico extra, coñecido popularmente como “imposto ao sol”, para aqueles consumidores que, ademais de contar co servizo de electricidade da rede, teñan un sistema de autoconsumo. Este “imposto ao sol” é inxustificable, como xa viñeron denunciando diferentes organismos reguladores, e desincentivador. Os autoconsumidores conectados á rede xa pagan as mesmas peaxes ao sistema que calquera outro consumidor, é dicir, a totalidade do termo fixo, e a parte correspondente á demanda de enerxía que fagan da rede.

O Real Decreto non regulou o balance neto, a modalidade máis estendida no mundo e especialmente interesante para incentivar o autoconsumo nos fogares e que consiste en ceder a electricidade que un xera e lle sobra cando non a usa (por exemplo, nas horas centrais do día en moitos fogares) e poder, a cambio, recuperar esa mesma cantidade de enerxía cando a instalación non xera (por exemplo, de noite).

Esta regulación penalizadora do autoconsumo supuxo un novo paso nun deseño enerxético contrario aos intereses e necesidades de Galiza. Cabe recordar que ao noso país foille adxudicado polo Estado español o papel subministrador de enerxía para favorecer o desenvolvemento e industrialización doutros territorios. Así, Galiza é excedentaria na produción de electricidade, e soporta os custos sociais e medioambientais derivados desta especialización: desprazamento de poboación, inundación de vales, contaminación, etc. Porén, por ser o deseño eléctrico alleo á realidade do noso país, non obtemos ningún beneficio da condición de produtor excedentario.

En sentido contrario á orientación das políticas do Goberno do Estado, algunhas CCAA están a impulsar medidas que favorezan o autoconsumo, como é o caso das Illas Baleares, onde se teñen aprobado convocatorias públicas de axudas para o fomento das instalacións de enerxía solar fotovoltaica e eólica para autoconsumo, ou máis recentemente a Generalitat de Cataluña, que a pesares das limitadas competencias tenta



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/09/2017 10:19
Nº Rexistro: 15333
Data envío: 05/09/2017 10:19:38.122

impulsar unha política enerxética propia, e acaba de crear unha mesa con representantes do sector público e do privado para impulsar o autoconsumo enerxético. O obxectivo é estudar as barreiras administrativas, económicas e legais que dificultan xeneralizar este tipo de produción enerxética e propoñer medidas para superalas. Formarán parte da mesa representantes da Generalitat, das administracións locais e supralocales e empresas, asociacións profesionais, distribuidores e comercializadores de electricidade, colexios profesionais, asociacións de consumidores e fabricantes e distribuidores de equipos do sector.

Esta normativa estatal que trata de frear o autoconsumo choca coa decidida aposta polo autoconsumo por parte dunha significativa parte da sociedade galega. Porén, nesta cuestión, como en moitas outras, o que está a caracterizar á Xunta de Galiza é a máis completa inacción.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para a súa resposta oral na comisión 6ª:

Que medidas tomou ou vai tomar a Xunta de Galiza para levantar o veto que de facto existe sobre o autoconsumo evitando que Galiza perda máis posicións neste ámbito?

Santiago de Compostela, 4 de setembro de 2017

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Ana Belén Pontón Mondelo



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/09/2017 10:19
Nº Rexistro: 15333
Data envío: 05/09/2017 10:19:38.122

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 05/09/2017 10:18:40

María Montserrat Prado Cores na data 05/09/2017 10:18:45

Ana Pontón Mondelo na data 05/09/2017 10:18:47

Xose Luis Rivas Cruz na data 05/09/2017 10:18:48

Olalla Rodil Fernández na data 05/09/2017 10:18:50

Xosé Luis Bará Torres na data 05/09/2017 10:18:51

Á Mesa do Parlamento

Carlos E. López Crespo, Teresa Egerique Mosquera, Marian García Míguez, Alberto Pazos Couñago, Diego Calvo Pouso, Marta Rodríguez Arias, Soraya Salorio Porral e Daniel Vega Pérez deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara presentan, ante esta Mesa, a seguinte **Pregunta para a súa resposta Oral en Comisión 8ª Pesca e Marisqueo**.

A flota do cerco en Galicia estaba composta a 31 de decembro de 2016 por un total de 148 barcos que supoñen, en número de embarcacións, un 3,34% do total de embarcacións rexistradas no Rexistro de Buques de Galicia. Por provincias, a da Coruña aglutina ao 54% destas embarcacións, sendo a máis numerosa, seguida de Pontevedra con preto do 40%, mentres que a provincia de Lugo posúe o 6% da flota do cerco de Galicia.

É certo que nos últimos anos esta flota ten experimentado un retroceso en número de unidades, seguramente circunscrito ao proceso de redución de flota, se ben, na actualidade podemos afirmar que gran parte das nosas flotas teñen alcanzado un equilibrio entre as súas posibilidades de pesca e a capacidade de captura.

Sabemos que a Consellería do Mar traballa incansablemente por acadar cada ano mellores posibilidades de pesca para todas as flotas. No caso do cerco, as especies obxectivo son a xarda, o xurelo, a boga e a sardiña, entre outros.

O certo é que parece que algo está cambiando, xa que no que vai de ano os ingresos polas especies obxectivo do cerco teñen aumentado un 12% con respecto ao ano pasado. E ademais, unido a que nos últimos meses tense anunciado a construción de novas embarcacións, producíndose deste xeito unha considerable modernización e renovación da flota, que nos fai ser optimistas.

Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte Pregunta Oral en Comisión:

-Que valoración fai o goberno galego dos últimos datos coñecidos en relación co valor das capturas e a construción de novas embarcacións na flota do cerco?

Santiago de Compostela, 5 de setembro de 2017

Asinado dixitalmente por:

Carlos Enrique López Crespo na data 05/09/2017 10:16:21

Teresa Egerique Mosquera na data 05/09/2017 10:16:38

María Ángeles Garcia Míguez na data 05/09/2017 10:16:59

Alberto Pazos Couñago na data 05/09/2017 10:17:08

Marta Rodriguez Arias na data 05/09/2017 10:17:23

María Soraya Salorio Porral na data 05/09/2017 10:17:42

Diego Calvo Pouso na data 05/09/2017 10:17:51

Daniel Vega Pérez na data 05/09/2017 10:18:15

Á Mesa do Parlamento

Carlos E. López Crespo, Teresa Egerique Mosquera, Marian García Míguez, Alberto Pazos Couñago, Diego Calvo Pouso, Marta Rodríguez Arias, Soraya Salorio Porral e Daniel Vega Pérez deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara presentan, ante esta Mesa, a seguinte **Pregunta para a súa resposta Oral en Comisión 8ª Pesca e Marisqueo**.

Galicia é a principal rexión produtora de moluscos de Europa, o que motivou a creación en 1992 do Centro de Control do Medio Mariño de Galicia que, engadíndolle funcións e competencias se convertería no actual Intecmar, a partir de 2004.

O labor desenvolvido ao longo destes anos polo Intecmar convérteo en referente na súa materia, o que propicia que os seus técnicos sexan convidados a participar como expertos en distintas misións da Comisión Europea, que se manteñan colaboracións con distintas universidades españolas, ou involucrándose en diferentes proxectos de investigación de cooperación internacional.

No mes de maio coñecíamos que unha das investigadoras do Intecmar publicaba un atlas que identifica os organismos e as alteracións patolóxicas que afectan aos moluscos baixo o títulos “Atlas de histopatoloxía: moluscos bivalvos mariños de Galicia”.

Polo exposto, os deputados e deputadas abaixo asinantes, formulan as seguintes Preguntas Oraís en Comisión:

1. Que beneficios aportará este “Atlas de histopatoloxía: moluscos bivalvos mariños de Galicia” para o traballo que desenvolve día a día o Intecmar?
2. En que consiste este manual máis concretamente?

Santiago de Compostela, 5 setembro de 2017

Asinado dixitalmente por:

Carlos Enrique López Crespo na data 05/09/2017 10:30:00

Teresa Egerique Mosquera na data 05/09/2017 10:30:14

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdeg Galicia.com

María Ángeles Garcia Míguez na data 05/09/2017 10:30:32

Alberto Pazos Couñago na data 05/09/2017 10:30:45

Diego Calvo Pouso na data 05/09/2017 10:30:56

Marta Rodriguez Arias na data 05/09/2017 10:31:08

María Soraya Salorio Porral na data 05/09/2017 10:31:40

Daniel Vega Pérez na data 05/09/2017 10:31:49

Á Mesa do Parlamento

Carlos E. López Crespo, Teresa Egerique Mosquera, Marian García Míguez, Alberto Pazos Couñago, Diego Calvo Pouso, Marta Rodríguez Arias, Soraya Salorio Porral e Daniel Vega Pérez deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara presentan, ante esta Mesa, a seguinte **Pregunta para a súa resposta Oral en Comisión 8ª Pesca e Marisqueo**.

A veda da centola e do boi de mar para este ano comezou o pasado 17 de xuño no litoral costeiro que vai desde A Garda ata Estaca de Bares e está previsto que remate o 12 de novembro. No caso da Costa de Lugo, a veda comezou o 1 de xullo e rematará o 3 de decembro.

A centola é un crustáceo sometido a un plan de xestión regulado pola Consellería do Mar e consensuado coas distintas federacións de confrarías de Galicia. O obxectivo da prohibición de extraer este marisco non é outro que o de aumentar a biomasa e regular a pesquería desta especie co fin de axustar a xestión pesqueira ao seu ciclo de vida e así protexer a súa reprodución e contribuír a unha explotación máis sostible.

Unha vez rematada a campaña do 2016 a 2017 cómpre facer balance para saber como se comportou esta especie. Por tal motivo, os deputados e deputadas asinantes formulan as seguintes preguntas:

1. Que valoración fai a Xunta de Galicia da última campaña da centola que rematou o pasado mes de xuño?
2. Cal foi o valor económico que este produto alcanzo nas lonxas de Galicia?

Santiago de Compostela, 5 setembro de 2017

Asinado dixitalmente por:

Carlos Enrique López Crespo na data 05/09/2017 11:19:19

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdeg Galicia.com

Teresa Egerique Mosquera na data 05/09/2017 11:19:34

María Ángeles Garcia Míguez na data 05/09/2017 11:19:50

Alberto Pazos Couñago na data 05/09/2017 11:19:59

Diego Calvo Pouso na data 05/09/2017 11:20:17

Marta Rodriguez Arias na data 05/09/2017 11:20:28

María Soraya Salorio Porral na data 05/09/2017 11:20:52

Daniel Vega Pérez na data 05/09/2017 11:21:05

Á Mesa do Parlamento

Carlos E. López Crespo, Teresa Egerique Mosquera, Marian García Míguez, Alberto Pazos Couñago, Diego Calvo Pouso, Marta Rodríguez Arias, Soraya Salorio Porral e Daniel Vega Pérez deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara presentan, ante esta Mesa, a seguinte **Pregunta para a súa resposta Oral en Comisión 8ª Pesca e Marisqueo**.

O sector marítimo-pesqueiro continúa sendo un dos sectores puxantes da economía galega. Segundo datos dos servizos estatísticos da Xunta, os sectores extractivo, acuícola e transformador empregan conxuntamente en Galicia a preto de 19.000 persoas, representando aproximadamente o 55% do emprego total pesqueiro en España e o 10% no conxunto da UE.

No que respecta á descarga e comercialización de peixe e marisco fresco supón un importante pilar deste sector, e neste tramo da cadea económica consolídase unha das principais características do noso eido marítimo pesqueiro como é a ampla distribución xeográfica e laboral da actividade.

O ano 2016 produciuse un rexistro histórico de facturación no que se refire á primeira venda en lonxa. A verdade é que as lonxas da nosa comunidade levan experimentando uns datos moi positivos nas últimas anualidades. O traballo para acadar un incremento das cotas nas especies obxectivo da nosa flota, ou o novo modelo de xestión para o Cantábrico e Noroeste, que permite o desembarco nos nosos portos do peixe que se pesca neste litoral son factores que teñen incidido nestes bos datos, entre outros aspectos.

Adentrados xa no 2017 cómpre facer balance do que vai de ano na evolución das descargas, facturación de venda dos peixes e mariscos que pasaron polas lonxas galegas.

-Cal é a evolución das descargas e facturación de peixe fresco nas lonxas galegas para o ano 2017, atendendo ás distintas modalidades de pesca?

Santiago de Compostela, 5 setembro de 2.017

Asinado dixitalmente por:

Carlos Enrique López Crespo na data 05/09/2017 11:33:58

Teresa Egerique Mosquera na data 05/09/2017 11:34:11

María Ángeles Garcia Míguez na data 05/09/2017 11:34:32

Alberto Pazos Couñago na data 05/09/2017 11:34:40

Marta Rodriguez Arias na data 05/09/2017 11:34:50

María Soraya Salorio Porral na data 05/09/2017 11:35:07

Diego Calvo Pouso na data 05/09/2017 11:35:17

Daniel Vega Pérez na data 05/09/2017 11:35:27

Á Mesa do Parlamento

Carlos E. López Crespo, Teresa Egerique Mosquera, Marian García Míguez, Alberto Pazos Couñago, Diego Calvo Pouso, Marta Rodríguez Arias, Soraya Salorio Porral e Daniel Vega Pérez deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara presentan, ante esta Mesa, a seguinte **Pregunta para a súa resposta Oral en Comisión 8ª Pesca e Marisqueo**.

A finais do pasado mes de xullo coñecíamos o comportamento das exportacións no sector da conserva en Galicia nos primeiros cinco meses do ano.

O sector transformador e conserveiro dos produtos do mar xera en Galicia un total de 12.000 empregos directos, aporta o 3% do PIB galego e a súa produción equivale ao 86% do total que se realiza en España, cunha segunda posición no mercado mundial, só superada por Tailandia.

Na nosa comunidade autónoma existen máis de 60 industrias espalladas por toda o litoral que se dedican a esta actividade. As conservas de túnidos son o principal produto elaborado pola esta industria ao que lle seguen as zamburiñas, xurelo, algas, bacallau, e sardiñas.

Dada a importancia deste sector para Galicia e a influencia dos seus datos económicos para a viabilidade e sostibilidade do mesmo, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte cuestión:

-Que valoración fai o goberno autonómico dos datos feitos públicos sobre as exportacións do sector da conserva por ANFACO-CECOPESCA o pasado mes de xullo?

Santiago de Compostela, 5 setembro de 2.017

Asinado dixitalmente por:

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Carlos Enrique López Crespo na data 05/09/2017 11:45:04

Teresa Egerique Mosquera na data 05/09/2017 11:45:15

María Ángeles Garcia Míguez na data 05/09/2017 11:45:30

Alberto Pazos Couñago na data 05/09/2017 11:45:38

Diego Calvo Pouso na data 05/09/2017 11:45:50

Marta Rodriguez Arias na data 05/09/2017 11:46:07

María Soraya Salorio Porral na data 05/09/2017 11:46:34

Daniel Vega Pérez na data 05/09/2017 11:46:40



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/09/2017 12:15
Nº Rexistro: 15366
Data envío: 05/09/2017 12:15:50.383

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Xosé Luis Rivas Cruz, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores e Luis Bará Torres, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formulan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 3ª**, relativa á situación límite de moitas autoescolas galegas diante da falta de persoal examinador e ás actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galiza para paliar o seu impacto económico.

Desde finais de xuño o colectivo de examinadores e examinadoras, diante da falta de acordo coa Dirección Xeral de Tráfico levan desenvolvido diferentes folgas sen achegarse por parte do Estado ningunha proposta firme de achegamento e salientando a falta de implicación da Xunta de Galiza para interceder no conflito.

Durante o mes de xullo, persoal das autoescolas iniciaron mobilizacións para denunciar unha situación límite. Por exemplo, o día 18 de xullo máis de 30 autoescolas da provincia de Ourense tomaron as rúas da cidade para esixir unha solución para un conflito que os afecta de forma directa. Segundo os seus cálculo, só en Ourense as repercusións económicas diante da falta de exames e perda de alumnado pode afectar de forma directa a máis de 200 familias e supoñer o peche de moitas autoescolas, especialmente aquelas das pequenas e medianas vilas.

O pasado 4 de setembro, o colectivo de examinadores e examinadoras retomaron a folga parcial, que supuxo un cen por cen do seguimento en todas as



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/09/2017 12:15
Nº Rexistro: 15366
Data envío: 05/09/2017 12:15:50.383

grandes cidades do territorio agás A Coruña e Pontevedra. Continúa, polo tanto, unha situación que ten consecuencias importantes para moitas pequenas e medianas empresas do noso país, para moitos galegos e galegas pendentes de se examinar e sacar adiante a obtención do carné de conducir e tamén incerteza para moitos e moitas profesionais do colectivo examinador que continúan loitando polos seus dereitos malia a falta de diálogo do goberno central. Ademais, esta situación evidencia a irracionalidade de non termos en Galiza a transferencia das competencias en materia de tráfico e seguranza vial e seguranza pública.

Cómpre, polo tanto, que a Xunta de Galiza avalíe o seu impacto económico.

Por todas estas cuestións formúlanse as seguintes preguntas para a súa resposta oral na Comisión 3ª:

- Como avalía o goberno galego a situación dos últimos meses con motivo do conflito laboral coa DXT?

- Como avalía a falta de capacidade ao non ter reclamada a competencia na materia? Ten pensado considerar reclamala após esta situación? Por que razóns?

-Tense dirixido ou vaise dirixir ao goberno central para o instar a buscar unha solución?

-Ten avaliado, ao abeiro dos instrumentos e entes propios da comunidade galega, o impacto económico, social e laboral desta situación nos múltiples axentes implicados?



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/09/2017 12:15
Nº Rexistro: 15366
Data envío: 05/09/2017 12:15:50.383

-Ten avaliado a disposición dalgún tipo de axuda para as pequenas e medianas empresas afectadas? De que tipo e con que horizonte temporal?

Santiago de Compostela, 5 de setembro de 2017

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Olalla Rodil Fernández

Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 05/09/2017 12:13:12

María Montserrat Prado Cores na data 05/09/2017 12:13:19

Ana Pontón Mondelo na data 05/09/2017 12:13:21

Xosé Luis Rivas Cruz na data 05/09/2017 12:13:23



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/09/2017 12:15
Nº Rexistro: 15366
Data envío: 05/09/2017 12:15:50.383

Olalla Rodil Fernández na data 05/09/2017 12:13:24

Xosé Luis Bará Torres na data 05/09/2017 12:13:26

Á Mesa do Parlamento

Carlos E. López Crespo, Teresa Egerique Mosquera, Marian García Míguez, Alberto Pazos Couñago, Diego Calvo Pouso Marta Rodríguez Arias, Soraya Salorio Porral e Daniel Vega Pérez deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara presentan, ante esta Mesa, a seguinte **Pregunta para a súa resposta Oral en Comisión 8ª Pesca e Marisqueo**.

No porto de Portonovo teñen base 31 buques pesqueiros, dos cales 25 se dedican a artes menores e 6 ao cerco. A maiores, as súas instalacións náuticas contan cun grande número de embarcacións que elixen este porto como refuxio, especialmente nos meses máis turísticos.

O pasado mes de maio, o presidente do ente público Portos de Galicia visitaba esta vila costeira para coñecer de primeira man os traballos que a Consellería do Mar está a desenvolver neste lugar, consistentes na instalación dun dique flotante para minorar o efecto das ondaxes que afectan ás embarcacións, especialmente nos meses de temporais. O obxectivo é frear o custe que supón o feito de pagar unha media de 30.000 euros ao ano por desperfectos ocasionados polas marexadas.

A instalación desta estrutura flotante e movable foi elixida entre outras opcións, xa que unha fixa necesitaría unha declaración de impacto ambiental, polo que dilataría máis no tempo a súa colocación, amais de no achegar melloras substanciais na protección dos amarres.

Por todo isto, os deputados e deputadas asinantes formúlan as seguintes Preguntas Oraís en Comisión:

1. En que consiste máis detalladamente a instalación deste novo dique flotante no porto de Portonovo?
2. Que prazos barallan dende o ente público para a súa colocación definitiva?

Santiago de Compostela, 5 setembro de 2017

Asinado dixitalmente por:

Carlos Enrique López Crespo na data 05/09/2017 12:28:12

Teresa Egerique Mosquera na data 05/09/2017 12:28:25

María Ángeles García Míguez na data 05/09/2017 12:28:54

Alberto Pazos Couñago na data 05/09/2017 12:29:02

Diego Calvo Pouso na data 05/09/2017 12:29:20

Marta Rodríguez Arias na data 05/09/2017 12:29:29

María Soraya Salorio Porral na data 05/09/2017 12:29:43

Daniel Vega Pérez na data 05/09/2017 12:29:49

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Patricia Vilán Lorenzo, Raúl Fernández Fernández, María Luisa Pierres López e Juan Manuel Díaz Villoslada, deputadas e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2ª.

O pasado 19 de xullo, a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio publicaba un anuncio polo que sometía a trámite de participación pública o Estudo de Impacto Ambiental (EIA) relativo á planta de almacenamento e valorización de residuos non perigosos industriais e urbanos en Teixeira-Santa Icí, no concello de Arteixo.

A este proxecto opóñense entidades ecoloxistas, asociacións veciñais e o propio Grupo Municipal Socialista de Arteixo polo risco que supón a instalación dunha planta de residuos industriais e urbanos e que supón tamén a falla total de sensibilidade e respecto ao noso territorio e á calidade de vida dos veciños afectados.

Un concello como Arteixo, onde se está a rematar a instalación dun novo polígono en Morás e que xa conta cun polígono industrial como o de Sabón, cunha refinería, cun porto exterior e con todas as infraestruturas necesarias, non semella precisar a instalación deste vertedoiro por moi diversos motivos:

1º.- Os terreos onde se pretende executar o proxecto están cualificados como solo rústico de especial protección forestal, polo que calquera construción ou edificación implicará obras de urbanización que van provocar a súa transformación urbanística, o que non se permite no EIA.

2º.- Así mesmo, reconécese a existencia dun camiño forestal de case 3 quilómetros de lonxitude, polo que esta instalación vai levar necesariamente un aumento continuo do tránsito de vehículos pesados por un camiño forestal que non está en condicións.

Grupo Parlamentario

3º.- Non consta que se teña feito ningún estudo do impacto que vai supoñer o incremento do tráfico pesado pola estrada provincial CP-512 e o viario municipal do concello de Arteixo que pasa polo lugar de Santa Icí, o que non casa demasiado ben coa vixente Lei do solo de Galicia.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

4º.- Nada di o EIA da afección as diferentes canles fluviais que discorren pola zona.

5º.- Por último, expresamente, dispón o Estudo que “dende un punto de vista patrimonial, na zona de Arteixo non hai lugares de interese cultural nas proximidades da zona de actuación”. Quizais o diga porque nin o castro de Santa Icí nin a mámoa que hai nas proximidades merecen tal cualificativo.

Ante esta situación as deputadas e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Que opinión lle merece ao Goberno da Xunta de Galicia a oposición de entidades ecoloxistas, asociacións veciñais e o propio Grupo Municipal Socialista á instalación dunha planta de almacenamento e valorización de residuos non perigosos industriais e urbanos en Teixeira-Santa Icí, no concello de Arteixo?

2ª) Cre o Goberno galego que esta planta estaría mellor radicada, por exemplo, no polígono industrial de Sabón?

3ª) Tivo en conta o Goberno galego que o chan onde se prevé a planta é solo rústico de especial protección forestal?

4ª) Ten feito o Goberno galego algún estudo do impacto que vai supoñer o incremento do tráfico pesado pola estrada provincial CP-512, o viario municipal do concello de Arteixo que pasa polo lugar de Santa Icí e un camiño forestal que non está en condicións axeitadas?

5ª) Ten coñecemento o Goberno galego da posible afección ás diferentes canles fluviais que discorren pola zona?

Grupo Parlamentario

6ª) Que vai pasar co castro de Santa Icía e coa mámoa que hai nas proximidades, non son lugares de interese cultural?

Pazo do Parlamento 4 de setembro de 2017

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 04/09/2017 17:30:31

Raúl Fernández Fernández na data 04/09/2017 17:30:40

María Luisa Pierres López na data 04/09/2017 17:30:48

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 04/09/2017 17:30:55

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Patricia Vilán Lorenzo, María Dolores Toja Suárez e Julio Torrado Quintela, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª.

No ano 2009, o Concello de Poio e Portos de Galicia chegaban a acordos para o acondicionamento das zonas portuarias de Covelo e Raxó. En concreto, para a reordenación das zonas con tráfico rodado, permiso do tránsito peonil por toda a fronte marítima, dotación de zonas de estacionamento delimitadas, rehabilitación de pavimentos, disposición de elementos de mobiliario urbano, e sinalización e dotación de todos os servizos necesarios para a infraestrutura. Ata a Xunta de Galicia chegou a orzamentar tales acordos para os exercicios 2009 a 2011.

Non obstante, en novembro de 2009, o propio Concello tiña que aprobar unha moción (cos votos en contra do PP) demandando o cumprimento dos convenios asinados. Dende entón, o Goberno e Portos de Galicia permanecen mudos, pese a que os proxectos ata contan coa autorización do Servicio Provincial de Costas do Estado, que xa permitiu facer un par de obras puntuais.

Ante esta situación as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Sabe o Goberno galego por que Portos de Galicia ten parados os convenios para o acondicionamento das zonas portuarias de Covelo e Raxó, en Poio (Pontevedra)?

2ª) Vai poñer en marcha o Goberno galego os proxectos correspondentes de acordo cos convenios asinados e sempre fóra de época estival por se tratar dunha zona eminentemente turística?

Pazo do Parlamento, 4 de setembro de 2017

 Grupo Parlamentario


Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 04/09/2017 17:40:34

María Dolores Toja Suárez na data 04/09/2017 17:40:45

Julio Torrado Quintela na data 04/09/2017 17:41:00

Partido dos
Socialistas
de Galicia



PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727